


DIARIO DE SESIONS



PARLAMENTO DE GALICIA

II LEXISLATURA

Presidencia do Excmo. Sr. D. Tomás Pérez Vidal

Sesión Plenaria n.º 62

Celebrada o luns 21 de setembro de 1987

ORDE DO DÍA

Punto único:

Debate e votación da moción de censura presentada polos 22 Deputados adscritos ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para esixir responsabilidade política da Xunta, do seu Presidente e dos Conselleiros, que inclúe a D. Fernando González Laxe como candidato á Presidencia da Xunta (núm. 7.828, pub. no BOPG núm. 171, do 16 de setembro de 1987).

(Continúa a Orde do Día no Diario de Sesións núm. 63, do martes 22 de setembro de 1987).

SUMARIO

Ábrese a Sesión ás cinco e quince minutos da tarde.

O señor Presidente rógalle ó señor Secretario que dea lectura á Orde do Día e á comunicación de inasistencias xustificadas. Así o fai o señor Secretario (Núñez Carreira).

Debate e votación da moción de censura presentada polos 22 Deputados adscritos ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para esixir responsabilidade política da Xunta, do seu Presidente e dos Conselleiros, que inclúe a D. Fernando González Laxe como candidato á Presidencia páx. 3955

O señor González Laxe fai a presentación da moción de censura e a defensa do seu programa de goberno.

O señor Presidente suspende a Sesión ata mañá ás dezasete horas.

Suspéndese a Sesión.

Eran as seis e cincuenta e cinco minutos da tarde.

Abrese a Sesión, eran as cinco e quince minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Señorías, ábrese a Sesión.

Rógolle ó señor Secretario que dea lectura á Orde do Día e á comunicación de inasistencias xustificadas.

O señor SECRETARIO (Núñez Carreira): A Orde do Día da Sesión é a seguinte:

Punto único. Debate e votación da moción de censura presentada polos 22 Deputados adscritos ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para esixir responsabilidade política da Xunta, do seu Presidente e dos Conselleiros, que inclúe a don Fernando González Laxe como candidato á Presidencia da Xunta (Número 7.828 publicada no BOPG n.º 161, do 16 de setembro de 1987).

Non hai comunicación de inasistencias.

O señor PRESIDENTE: Presentación da moción e defensa do programa de goberno polo candidato.

Señor González Laxe, ten a palabra.

O señor GONZALEZ LAXE: Señor Presidente, Señorías, o día 15 do mes en curso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou na Mesa deste Parlamento un escrito no que se suliñaban, en 8 puntos, as razóns que nos levaron a lle presenta--la moción de censura ó actual Presidente da Xunta.

A moción de censura, por dicilo coas mesmas palabras dun ilustre membro do Partido do señor Presidente en ocasión parcialmente parella a esta, supón unha técnica de control do Executivo polo Lexisla-

tivo, xustamente a máis importante por implicar un xuício xeral sobre a xestión do Goberno e o seu rexeitamento porque non levou a cabo a súa xestión en beneficio do interese común.

A moción de censura debe entenderse, pois, como un técnica normal de control e acollerse con rotundidade como unha iniciativa parlamentaria lóxica e sempre posible.

Esta correcta descrición do mecanismo debe ser ben recibida por tódolos demócratas de Galicia e tódolos galegos preocupados pola boa andaina da vida pública deste país. E opinión común que, nun sistema democrático, o debate político ten como escenario institucional o Parlamento.

O Grupo Parlamentario Socialista, o principal da oposición, ten a obriga de lle facer saber ó pobo galego --non soamente ós seus votantes-- cal é a situación deste país na encrucillada presente e, ó mesmo tempo, presentar solucións razoadas e politicamente viables.

Esperar outra cousa da oposición sería o mesmo que convidala a demitir dos seus deberes. Sería unha forma de prevaricación de resultados funestos.

Tendo en conta a degradación acelerada do Goberno da Xunta e do Partido que debería apoialo, ningún poderá acusa--lo Partido Socialista de precipitación ou de aventureirismo político.

Aí está o enorme exercicio de discreción con que o meu Partido seguiu os acontecementos de todos coñecidos, sen intentar en ningún momento tirar proveito da situación de debilidade do Goberno. O Partido Socialista non é responsable --como algúns pretenden facer crer-- da actual situación de dispersión do Grupo Popular, tamén nisto imitador tardío dos seus correligionarios de Madrid.

O Partido Socialista si que é

responsable de pór--los medios legais e políticos necesarios para que os cidadáns galegos non teñan que seguir a padece--la incompetencia e maila irresponsabilidade dun Goberno que non merece tal nome.

Señorías, antes de pasar á explicación polo miúdo do programa alternativo que teño a honra de presentarlle a esta Cámara, quero insistir nas consideracións que moveron ó noso Grupo Parlamentario a presenta--la moción de censura.

Considerámo--la moción de censura como un acto normal, lexítimo, e mais como unha vía válida para sanciona--la inoperancia do Goberno actual e non un simple exercicio de desafogo.

Considerámo--la moción de censura como un deber político fronte á probada incapacidade da Xunta para defende--los intereses xerais do país.

Consideramos, aínda máis, que é tamén un deber moral co país actuar dun xeito exemplar pondo en marcha o mecanismo axustado á gravidade do momento.

Pero aínda hai outras razóns, Señorías, que por si mesmas xustifican unha moción de censura nas actuais circunstancias.

Queremos rematar dunha vez coa confusión política e co caos administrativo, motivo de indignación xeral do país.

Queremos evitar que o Goberno siga eludindo as súas responsabilidades políticas. xa que este Goberno non conta co apoio parlamentario para o cumprimento das súas obrigas, nin tivo azos para se someter á moción de confianza, e o Grupo Parlamentario Socialista está resolto a exercer--las responsabilidades que lle cómpren.

Queremos rematar co desgoverno. Todo o mundo sabe, incluídos os integrantes do Executivo, que o Goberno non funciona e tampouco fun-

ciona o aparello administrativo. E unha irresponsabilidade gobernamental que coñecen os cidadáns. E unha experiencia padecida por moita xente deste país, e non precisa, desgraciadamente, ningunha proba.

O trámite máis simple pode ser cousa de meses, cando non de anos; os acredores bufan, os funcionarios pagan as culpas dos gobernantes e o pobo ten a seguridade de que está sendo estafado, porque o Goberno Galego non goberna. Todo este estado de cousas ten un responsable: o señor Presidente e mailo Grupo Parlamentario que ó sustentalo consente este lamentable estado de cousas.

Queremos rematar coas campañas de intoxicación interesadas para facer crer que non é posible nin lexítima unha alternativa ó Goberno da Xunta. Pensamos que esas reaccións son froito da desesperación política e do medo á perda inminente do poder político.

Fronte a esas reaccións, e no uso lexítimo dos mecanismos institucionais, imos presentar un programa con engado e contidos de seu que miran preferentemente á solución dos problemas de Galicia, é dicir, dos problemas cotidiáns dos galegos.

Señorías, o noso programa non é unha declaración de intencións, senón que é o resultado da análise severa das necesidades do país, das de hoxe e das que veñen enriba, reclamando e urxindo solucións eficaces. O noso programa está marcado pola identificación coa Nosa Terra. Así o entendemos. Así queremos que sexa entendido.

Coa mesma lexitimidade, e seguindo unha práctica universalmente aceptada, queremos configurar un Goberno de coalición coas forzas políticas que se identifiquen co programa que presentamos e estean dispostas a levalo á práctica durante o tempo que falta para completa--la Lexislatura.

Por iso convidamos a tódolos

Grupos Parlamentarios que coincidan coa necesidade desta formulación a que sumen os seus esforzos para que prospere esta moción de censura e axuden a abri--las portas do futuro de Galicia.

Estamos diante dunha nova etapa da historia do noso pobo. Unha xeira na que debe abrirse camiño un novo proxecto político diferente e alternativo.

Señorías, o Partido Socialista de Galicia--PSOE ten que facer unha lectura en positivo do actual panorama político e buscar solucións para frea--la deterioración provocada por esta lamentable e desafortunada xestión do Goberno actual. O silencio, neste caso, delataríanos como cómplices dunha situación improrrogable. Orientaremos, pois, a nosa acción política cara a un norte de esperanzas. Queremos que os resultados desa estratexia teñan sempre unha dimensión social e non se perdan nunca en mesquindades individuais ou en exclusivas conquistas persoais.

Temos que pensar sempre nun país integrado en Europa, e isto lógrase obviamente dignificando a vida política galega. Hai que acabar coa aldraxante idea de que Galicia é unha leira, un ermo onde políticos en declive ou sen futuro fan ensaios de recuperación de poder, porque non saben facer outra cousa.

Galicia precisa "xuventude madura", con ideas novas e novos xeitos de concebir e executa--la política.

Consideramos, polo tanto, que o noso programa debe contribuír á permanente discusión dos asuntos públicos.

Consideramos, así mesmo, que o noso programa debe confrontar opcións e coñecer aquelas alternativas, as máis axeitadas, para o arranxo e a superación dos problemas.

O noso programa non vai ser, Señorías, un glosario de intencionalidades, senón un compromiso e unha guía de actuación do futuro Goberno.

Imos convence--los galegos de que os problemas teñen solución e que non temos ningunha eiva conxénita que nos impida progresar.

Non queremos dar pé a que se siga pensando dos galegos que somos un pobo entregado ou enfeitizado por forzas telúricas negativas.

Chegou o tempo de imprimirlle un xiro copernicano á vida pública galega. E a hora de vira--la tendencia de insolidariedade e da negatividade.

Queremos un país próspero no eido económico e xusto nas distribucións dos bens materiais e culturais. Queremos un país que camiñe seguro e confiado nas súas posibilidades.

Este non é un programa de Partido. Non é o programa que presentaría o meu Partido no caso de ter maioría absoluta tras unhas eleccións autonómicas. É un programa que nace como resposta a un proceso de deterioración política de dous anos de duración. Nese tempo o Goberno que hoxe censuramos amosou a súa total incapacidade para dirixi--la nosa máxima institución política.

A presentación desta moción de censura é, xa que logo, un exercicio de responsabilidade fronte a unha situación especial, mesmo insólita, que non pode continuar sen risco de afectar ó noso futuro e ó mesmo prestixio das nosas institucións de autogoberno.

O noso Partido, como Partido maioritario da oposición nesta Cámara, vese na obriga de denunciar esta situación e de encabezar unha proposta alternativa. Pero non desde a perspectiva dunha plataforma partidaria, á que non renunciaremos en futuras confrontacións electo-

rais, senón desde un programa que articule ó seu redor unha maioría froito do diálogo e do compromiso neste Parlamento.

Un programa no que poida verse reflexado un amplo espectro social que condena o uso e abuso que o Goberno conservador vén facendo da Xunta, pero que cre na Autonomía, nas nosas institucións e na capacidade do pobo galego para afrontar os problemas políticos, económicos, sociais e culturais que ten formulados.

O noso programa tenta por conseguinte chegar a tódolos homes e mulleres que neste momento esixen unha solución digna para a crise política que o noso país vén sufrindo.

O primeiro punto deste programa ten que ser polo tanto a recuperación da confianza dos galegos nas propias institucións, no seu propio Goberno e na mesma acción dos seus políticos, que non sempre demostraron atoparse á altura esixida polas circunstancias.

Prestixia--las institucións políticas pasa por non concebir estas como un fin en si mesmo, senón como instrumentos ó servizo da sociedade. A acción política xustifícase pola confrontación de ideas para mellora--la vida da comunidade, pola delimitación de obxectivos e polo deseño de programas diferenciados. Endexamais polos intereses persoais dos que se aferran ó poder a calquera precio.

Por todo o dito este programa define unha serie de actuacións prioritarias para os dous anos que restan da Lexislatura. E certamente un breve período de tempo para solucionar--los graves problemas do noso país, pero hai tempo de abondo para transforma--la imaxe de grave deterioración do Goberno, para marcar un xiro radical no xeito de gobernar este país.

Hai tempo de abondo tamén para transmitirle á sociedade a mensaxe

de que o Goberno de Galicia pode verdadeiramente ser eficaz, que a nosa Administración pode funcionar, que os beneficios reais e visibles da Autonomía son moito maiores do que é o seu custo. Hai tempo de abondo para que os homes e mulleres galegos recuperemo--la ilusión e nos comprometamos a construír unha Galicia moderna, máis próspera, menos desigual, cun significativo papel en España e en Europa. Unha Galicia con fe nas institucións e no seu futuro.

Señor Presidente, Señorías, pensando e asumindo ese compromiso con Galicia, quero esbozar agora os distintos planos ou puntos de partida da miña acción de Goberno. Planos ou puntos de partida que deben ser entendidos como metodoloxía para unha exposición seria e que ten en conta tamén a firmeza para a súa realización eficaz.

Vou acometer, en primeiro lugar, a tarefa de exporlles esas liñas de actuación que en política institucional e organización territorial consideramos necesarias para acadar unha Galicia de progreso e modernidade.

Como xa dixen anteriormente, queremos chegar a unha plena consolidación da Autonomía galega, e para iso temos que establecer un marco axeitado. Así, pois, consideramos preciso recompo--la Comisión Mixta de Transferencias e propicia--la presenza na mesma dos grupos políticos representados no Parlamento, e deste xeito desenvolve--las previsións estatutarias tendentes a concluí--lo proceso de transferencias.

A consecución dos nosos obxectivos obríganos a solucionar outros problemas que nos afectan directamente e axudar a impulsa--la nosa Autonomía. Así, tereilles que dicir ás Súas Señorías que para solucionar--los problemas formulados pola conflictividade xurídica é preciso --sen renunciar á firme defensa do marco competencial galego-- encarar unha política de diálogo coa Admi-

nistración Central tendente á solución dos problemas xa mencionados.

Todo isto, desde logo, sen claudicar en ningún momento na defensa daqueles intereses e competencias que son propios de Galicia, que, tanto pola Constitución coma polo Estatuto, temos o dereito e o deber de solicitar, de asumir e de exercer.

Señorías, ademais de diálogo e cooperación coa Administración Central cómpre chegar á necesaria coordinación das Deputacións Provinciais mediante directrices de actuacións sectoriais no marco das previsións estatutarias. Esa coordinación é imprescindible para asegurar a funcionalidade e maila eficacia da nosa Autonomía. Coordinación que, neste caso, conleva a categórica afirmación do fortalecemento das institucións políticas de autogoberno.

Señor Presidente, Señorías, no eido da Administración Pública galega, nós queremos e consideramos necesario o asentamento dunha Administración galega que responda orgánica e funcionalmente ós criterios de estabilidade, austeridade, descentralización e desconcentración de funcións. En definitiva, queremos que a Administración se achegue ó cidadán e que o cidadán a sinta e a perciba como propia e eficaz.

Cómpre, pois, simplificar procedementos, axilizar trámites e proceder á reestructuración orgánica das Consellerías, facéndoas máis homoxéneas, funcionais e acordos cos tempos actuais.

Desde o punto de vista territorial, consideramos necesarios para fortalecer a Autonomía o desenvolvemento estatutario en orde ó recoñecemento da personalidade xurídica da parroquia rural, a facer dos Concellos as entidades básicas da Administración Local galega, a concebi-la comarca como unidade especial de prestación de servizos, a reconsidera-los plans provinciais

de obras e servizos, para conseguir a creación de infraestruturas e servizos máis directamente vinculados á calidade de vida.

Para rematar con este tema, voume referir a algo primordial e de primeira necesidade: a Función Pública.

Neste punto urxe aproba-la Lei galega da Función Pública, que debe recoller principios tan irrenunciabes coma os de profesionalización da Función Pública, racionalización e integración dos corpos, e aplicación estricta do rexime de incompatibilidades.

Entrarei agora na análise da realidade económica de Galicia e das súas posibilidades de desenvolvemento. Tamén nos atrancos e nas manifestacións que reclaman saídas polas que cómpre traballar.

Entendo que a Administración Autonómica ten que participar no esforzo colectivo que lle propoñamos á sociedade para supera-lo secular atraso económico.

Señorías, un dos eixos de calquera proxecto de goberno ten que ser necesariamente a política económica, máxime nun país coma o noso onde están enfrontados os problemas estruturais e o reto da integración de España na CEE.

Pódeselle disculpar a un Goberno cunha política económica coherente que esta conteña erros ou desacertos, pero non se lle pode disculpar que careza de orientación. É realmente lamentable a falta de obxectivos do actual Goberno e a súa incapacidade para levar a adiante calquera programa económico e --o que resulta máis grave-- a súa incapacidade para cumprir--las súas previsións presupostarias.

Contra do que vén sendo norma dos Gobernos nominalmente presididos polo Presidente señor Fernández Albor, o Goberno que baixo a miña presidencia se formaría, de acada-la confianza da Cámara, tería como

un dos seus principais obxectivos a definición rigorosa e coherente duns criterios nidos de política económica acordados coa análise que da realidade galega temos feito.

Neste senso estou en condicións de afirmar que os tres grandes eixos da nosa política económica serían os seguintes:

Primeiramente, o fomento do emprego, non soamente en contra das formas rexistradas do mesmo, senón tamén contra das encubertas, principal razón da baixa productiva dalgúns sectores.

En segundo lugar, a modernización das estruturas productivas de cara á adaptación ás Comunidades Europeas, condición "sine qua non" para a supervivencia en condicións de competitividade dalgúns sectores.

Por último, pero non por iso menos relevante, a loita contra dos desequilibrios territoriais da nosa Comunidade Autónoma, verdadeiro testemuño dun crecemento socialmente inxusto.

Comenzando polo final, hai que dicir que o futuro Goberno por min presidido mantería como un obxectivo irrenunciable a posta en marcha do mecanismo de nivelación dos servizos mínimos previstos na LOFCA, para o que se iniciarían as accións negociadoras pertinentes coas Administracións implicadas.

E preciso tamén que, ó contrario do sucedido ata agora, os investimentos públicos do noso Presuposto sexan empregados como mecanismo corrector das desigualdades, de xeito que resulten primadas aquelas zonas máis atrasadas do noso territorio.

Galicia non pode renunciar tampouco ós incrementos dos fondos que para a corrección dos desequilibrios proveñan do exterior. Neste punto o obxectivo é acadar unha maior participación no Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, cando menos porcentualmente semellante

ó que nos corresponde no Fondo de Compensación Interterritorial.

E, como non, desde o respecto que toda a Administración Pública nos merece, non podemos ocultar a nosa intención a proceder á elaboración dunha Lei de coordinación das actividades das Deputacións Provinciais, na procura da máxima eficacia na utilización dos escasos recursos con que os poderes públicos contan en Galicia.

Logo dos anos perdidos na modernización das estruturas productivas do noso país, e xa desde dentro das propias Comunidades Europeas, Galicia debe abordar decididamente a consecución daquel obxectivo para o que temos como límite improrrogable o ano 1992. Non é doado e contamos con pouco máis cá nosas forzas, pero do éxito desta empresa pode depender que Galicia poida desenvolver as súas potencialidades na economía europea.

Sabido é que na recente crise industrial Galicia sufriu máis ca outras nacionalidades e Comunidades Autónomas. E preciso, de acordo ademais coas directrices da CEE, proceder á elaboración dun Plan de recuperación das zonas industriais en declive, que en Galicia supón o verdadeiro sostén do feble e desarticulado sector industrial.

As chamadas de atención e as mobilizacións dos distintos colectivos de traballadores demandan a posta en marcha de xestións eficaces para remediar as situacións económicas e socialmente inxustas.

Cómpre, así mesmo --desde o convencemento de que os poderes públicos deben orientar as autónomas decisións do sector privado--, proceder á decidida promoción pública para completar os ciclos productivos en Galicia, especialmente nos subsectores nos que temos vantaxes comparativas, como o complexo agro-gandeiro, na procura do máximo valor engadido para a nosa economía.

Pero non podemos limitarnos a

determinados focos de riqueza. Precisamos un territorio que ofrezca no seu conxunto posibilidades de futuro. Por iso consideramos urxente completa-lo equipamento mínimo do amplo sector rural, de xeito que permita o desenvolvemento das potencialidades que encerra o atrasado, mais non pobre, sector primario da nosa economía.

Coidamos, así mesmo, que non podemos deixar de lado a promoción e as aplicacións das novas tecnoloxías. Para iso pretendemos que desde a Administración Autónoma se faciliten e fomenten a creación de sociedades de capital risco, así como a participación das empresas galegas en programas de futuro como EUREKA.

Galicia ten que facer seu o reto que a todos nos impón o século XXI, que agroma nas transformacións das técnicas e na súa aplicación.

Tendo isto en conta propomos un gran acordo nacional entre Administracións, a Universidade e a empresa para a aplicación da investigación científica e técnica ó mundo productivo e a promoción profesional dos estudantes.

En concordancia cos obxectivos anteriores non podemos esquecernos da necesaria integración da nosa economía co resto das europeas. Cómpre, entón, unha mellora dos circuitos comerciais eliminando rigididades e obstáculos internos. Sen boas canles de distribución non se pode mellora-la produción.

Como xa quedou salientado con anterioridade, o terceiro dos grandes eixos da política económica do Goberno que aspiro a presidir é a loita conta o paro, tanto na súa vertente positiva de creación de emprego coma na negativa de atención ós que padecen as consecuencias da súa falta.

Hai tempo que vimos falando da necesidade dunha visión de conxunto do problema, para o que se fai imprescindible a elaboración dun Plan

de Fomento de Emprego. Un dos elementos deste plan podería ser a creación dun fondo co mesmo obxectivo.

Contra este problema non hai receitas máxicas, nin estrictamente autónomas, polo que, como é obvio, a mellor medida é conseguir que a economía funcione axeitadamente para satisfacer as necesidades sociais.

Pero hai actuacións parciais que deben ser potenciadas, como o incremento cualitativo e cuantitativo da colaboración co Instituto Nacional de Emprego (INEM), mediante convenios particularmente dirixidos ós sectores máis afectados polo paro, os máis novos e as mulleres particularmente.

Neste eido non podemos ser insensibles ó grave problema do paro encuberto e do subemprego que se produce no campo galego, en xeral, e nas áreas próximas ás zonas industrializadas, en particular.

Desde o Goberno Galego deberán potenciarse as formas de economía social, grandes xeradoras de emprego, pero sempre co criterio de produtividade como referencia. Outro tanto debe ocorrer coas pequenas e medianas empresas (PYMES), sector básico da economía galega que debe fortalecerse con medidas asociativas que lle permitan afrontar a competencia do exterior.

En resumo, desde a Administración deberán seguirse subvencionando e apoiando aqueles investimentos productivos que xeren ou consoliden o emprego, todo iso desde unha política que atenda prioridades sociais e territoriais, único xeito de garanti-la efectividade desta política.

Por último, é responsabilidade do próximo Goberno abri-la colaboración coa Administración Central para afrontar a crise dalgúns sectores productivos galegos nos que a perda de emprego semella irreversible. Insisto, Señorías, na esixen-

cia de que a propia Administración Autonómica ten que participar no esforzo colectivo que lle propoñamos á sociedade para saír do secular atraso económico. Non pode a Administración Autonómica quedarse á marxe deste reto e debe cumprir-lo necesario e irrenunciado papel dinamizador.

Desde o Goberno elaborárase un plan económico a medio prazo, que, logo de ser sometido á consideración do Parlamento, se converterá no marco de referencia da política económica e mesmo das distintas políticas sectoriais.

Polo tanto, os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, que serán presentados a medio prazo como uns verdadeiros Presupostos por programas, deberán estar nidiamente encardinados nos criterios planificadores anteriores.

Señorías, definidos os eixos básicos da nosa política económica, cómpre, así mesmo, fixa--las liñas de actuación e os obxectivos específicos a nivel sectorial. Imos, pois, con eles.

A política agraria vai ter no meu Goberno unha especial atención, non só porque afecte á maioría da poboación galega, senón tamén por razóns de xusticia e por entender que no potencial que hoxe encerra a agricultura galega pode e debe estar, cun tratamento axeitado, un dos motores do noso desenvolvemento futuro.

O campo leva séculos reclamando xusticia, leva séculos de abandono e os avances importantes, que os houbo, cómpre achalos máis ó esforzo e á iniciativa campesiña ca ás axudas oficiais que case sempre chegaron tarde.

Ata hoxe está por defini--lo papel que a agricultura debe xogar no desenvolvemento económico de Galicia. De aí que as actuacións públicas sobre o noso agro sexan deslavazadas e non orixinais.

O Executivo Galego segue a aplicar en Galicia mimeticamente programas deseñados para outras realidades, sen ter en conta a congruencia destes cunha meta final que non existe ou coa realidade do país. Isto explica a falta de programas específicos para o noso agro no conxunto xeral da política agraria autonómica.

Cómpre, pois, ó noso entender, tomar conciencia do problema e deseñar unha política agraria encardinada na política económica global. Hai que partir, polo tanto, de que o importante potencial agrario pode e debe se--la base dun forte complexo industrial agroalimentario que, aproveitando as vantaxes comparativas que o noso país lles ofrece a producións como carne, leite, viño, horta, froita, madeira, etc., leve a cabo en Galicia a transformación destas producións en condicións de competitividade en calidade e precios no mercado comunitario.

Mais para que isto sexa posible, para que a agricultura poida xogar un papel central no noso desenvolvemento futuro, faise necesario unha colaboración efectiva da Administración cos nosos labregos.

Así, ó tempo que estes acometen as melloras necesarias para a xusta elevación do seu nivel de vida, impulsarase unha serie de melloras na Administración agraria, nas estruturas productivas, na infraestrutura do medio rural e nos circuitos de comercialización.

Neste camiño, o meu Goberno considera prioritario afrontar--las seguintes accións:

No tocante á Administración agraria, cómpre empeza--la construción dunha Administración agraria descentralizada, eficaz, transparente e participativa. Para iso comarcalízase todo o aparello administrativo ó tempo que se potenciarán os Servizos de Extensión e Investigación Agrarios.

Para facilitar e axiliza-la comunicación ó sector, crearase o Consello Agrario, mellorarase a información e mais simplifícaranse os trámites administrativos.

Parece esta a única maneira de vencer as inercias e as desconfianzas dun sector tradicionalmente non servido ou mal servido pola burocracia. Parece tamén a única maneira de potencia-lo protagonismo dos agricultores e o control das actividades da concesión das axudas públicas e a rapidez na súa tramitación.

Crearase tamén e poranse en marcha programas de desenvolvemento integral das explotacións para o mellor uso dos seus recursos, cunha aplicación das técnicas axeitadas de produción dentro das directivas da CEE para así poder aproveita-la súa cofinanciación. A estes programas terán acceso preferente as explotacións cunha adicación principal ó sector agrario, os agricultores novos e mailas explotacións asociativas. Estes proxectos ou plans terán sempre un carácter grauíto para o administrado.

A falta de mellora da infraestructura rural convértese en moitos casos nun atranco insalvable para o desenvolvemento do sector. De aí que o meu Goberno lle adicará especial atención a este problema. Acometerá así, con urxencia, procurando a maior eficacia no gasto, a mellora de infraestructura rural, incrementando os traballos de reelectrificación e adecuando a rede viaria de xeito que permita a modernización das explotacións.

No que se refire á concentración parcelaria, Señorías, tentaremos axilizar ó máximo as zonas que están actualmente nese proceso. No caso dos traballos preparatorios para calquera das fases actualmente contratadas, esixirase o máis estricto e puntual cumprimento dos contratos.

Para as novas concentracións teranse en conta as variables so-

cio-económicas e tentarase que sexan instrumentos de mellora para a actividade agraria e non plans urbanísticos encubertos.

Para as zonas de montaña, cunha actividade dificultada pola orografía e mailo clima, poranse en funcionamento os Comités de Coordinación de Zona, que regularán os investimentos e mailas actuacións das diferentes Administracións.

No referente á política das producións, o meu Goberno tentará axusta-la oferta das producións nas que o mercado é excedentario facilitando ou promovendo producións en expansión e cun futuro claro.

Deberanse intensifica-los programas de mellora nas condicións de produción e equipamento das explotacións de leite, tratando de conseguir un sector máis competitivo. Para iso axilizaremos ó máximo os programas de axudas e campañas de saneamento gandeiro, dotando ámbalas dúas medidas da necesaria transparencia, co concurso das organizacións profesionais agrarias e mediante a creación das necesarias Comisións de Seguimento.

Promocionaranse tamén novas alternativas productivas que, complementando as tradicionais de leite, carne, pataca, viño, etc., supoñan unha maior utilización dos nosos recursos, con especial incidencia nas producións intensivas, nas pequenas explotacións e nas producións de apoio a outras actividades.

Consideramos prioritario continuar coa modernización do sector lácteo, o que implica o redimensionamento das explotacións e o incremento da produtividade. Consecuentemente, negociarase co Goberno Central unha aplicación non lineal das cuotas comunitarias, de xeito que permita o incremento da produción das pequenas e medianas explotacións familiares con base na redistribución da reserva estatal.

Potenciarase o autoaprovisiona-

mento galego das explotacións en gando selecto e forraxes, promovendo todas aquelas iniciativas viables tendentes á produción en Galicia de vacuno con recría con garantía xenética e tamén á mellora na produción, conservación e aproveitamento das forraxes.

A comercialización das nosas producións así como a súa transformación en Galicia son asuntos que requiren un importante esforzo que o meu Goberno non vai regatear. É un obxectivo básico a mellora das canles de comercialización así como a participación dos produtores nas mesmas a través das súas asociacións. Para facelo posible, o meu Goberno apoiará o asociacionismo agrario nos procesos de comercialización, a agricultura contractual na busca de relacións estables entre produtores e industriais e maila creación dunha oficina permanente que informe ós agricultores da marcha dos prezos.

Señorías, no que se refire á industrialización agraria é urxente, dito sexa de xeito esquemático:

-Salva--las faltas de industrialización en produtos básicos como o leite e a carne.

-Mellora--la calidade e variedade dos produtos transformados.

-Axudar á nosa industria na mellora tecnolóxica e penetración de mercados.

-Establecer un marco de calidade para os produtos característicos, e iso en corresponsabilidade co sector.

Por outra banda, debo facer especial mención dos produtos artesanais, para os que dictaremos unha regulamentación que lles permita acceder directamente ó mercado.

Importante tamén no tempo que nos toca vivir é o asociacionismo. Desde o Goberno potenciaremos todas as asociacións agrarias, non só no terreo comercial xa citado senón

tamén para o conxunto das actividades do sector.

No que atinxe á política de créditos en axudas oficiais, a axilización e maila obxectivización das concesións son compromisos que asumimos con firmeza.

Así mesmo, dentro da estrutura da Consellería, é imprescindible a creación dun servizo que xestione todas as axudas ó sector productivo e mais ó sector industrial agrario, establecéndose liñas de subvencións nas que deben primar dous obxectivos definidos: potencia--las novas orientacións productivas e mellora--las producións tradicionais co fin de chegar a ter explotacións rentables.

Tamén a política forestal debe ser revisada. Neste campo marcámonos como meta maximiza--las rendas de todos os banzos do sector, respectando a capacidade productiva dos recursos naturais e facendo que resulte compatible coa satisfacción das demandas sociais dos restantes bens e servizos que o bosque proporciona.

Para conseguir esta meta é necesario pór en marcha accións que permitan acadar cando menos os obxectivos de:

-Rentabiliza--la produción do monte e aproveitar en condicións a capacidade e os recursos das superficies forestais.

-Desenvolver, reestructurar e potencia--las industrias forestais galegas a fin de revalorizar ó máximo a produción dos nosos montes.

-Establecer canles de comercialización que permitan unha maior transparencia dos mercados de materias primas.

Dito isto, Señorías, permítanme que, sen saírnos do sector primario, fixe a atención noutra importante fonte de riqueza e, xa que logo, de posibilidades: o sector pesqueiro e marisqueiro.

Saben as Súas Señorías o agarimo e o sentimento que profeso polos homes e mulleres do mar. As súas inqueданzas e anceios non serán esquecidos senón que, pola contra, multiplicarei os esforzos para dotalos duns instrumentos apropiados para desenvolve-la súa actividade.

A situación actual non pode ser máis crítica, tendo en conta sobre todo a necesidade que ten Galicia neste eido de confirmar e consolidar-lo seu papel como primeiro país produtor de cultivos mariños de Europa presentando unha actividade moderna e dinámica.

A xestión da Xunta nestes seis anos de Goberno non só foi incapaz de impulsar e apoiar ese proceso modernizador senón que mantivo unha postura retardataria e sen ningunha idea clara que se proxectase en medidas de goberno concretas, xusto ó contrario do papel dinamizador que o Executivo debe acometer, como xa indiquei, nesta e noutras manifestacións da economía.

A nosa preocupación prioritaria neste sector vai dirixida, sen lugar a dúbidas, a reestablecer en primeiro termo o principio de legalidade, isto é, rematar urxentemente a conflictividade social creada polo furtivismo ata agora impune, mediante accións de goberno centradas no control sobre os compradores e intermediarios, e impulsando a eficacia real da inspección e a sanción dos infractores.

As medidas sociais son unha preocupación do noso programa na certeza de que só a formación e a profesionalización dos pescadores, mariscadores e acuicultores permitirán consolidar aquela primacía de país produtor de recursos mariños que Galicia debe ter, e terá, dentro de Europa.

Neste senso impulsaremos-la formación técnica e humana dos traballadores do mar, cunha especial atención ás mulleres, o colectivo máis explotado e abandonado do sector, que, paradoxicamente, aporta a

maioría da man de obra en actividades claves como o marisqueo, as baiteas ou as industrias auxiliares.

Para acadar ese obxectivo adecuaremos--los estudos profesionais e os cursos de formación ás necesidades destes traballadores, e promoveremos--la organización dos produtores en cooperativas, non só de produción e comercialización, senón tamén para a mellora xeral do seu nivel de vida.

A modernización das actividades de pesca de baixura e marisqueo é a consecuencia lóxica deste proceso que impulsaremos para acadar--las maiores cuotas de calidade dos nosos produtos.

Con esa finalidade ampliaremos--la capacidade productiva e técnica da frota pesqueira, xeneralizando o uso de técnicas de cultivo nos bancos naturais, que deberán ser explotados racionalmente.

O apoio a este proceso de racionalización e uso dos recursos mariños, de acordo co principio elemental de conservación e mesmo mellora das condicións ambientais nas que viven e se desenvolven, irá, en boa lóxica, unido a un incremento substancial e prioritario da investigación biolóxica, técnica e socio-económica sobre tódolos aspectos que incidan nos obxectivos de mellora do sector en xeral e, especialmente, sobre os cultivos mariños, tendendo a diversificar--las especies cultivadas.

O sector pesqueiro de cultivos debe estar atento ademais á actual demanda do mercado, que hoxe require non tanto ofrecer moito como ofrecelo ben, distribuílo mellor e cunha presenza estable e homoxeneizadora en tódolos mercados.

Igualmente neste senso, o noso programa contempla un apoio claro e decidido á mellora da calidade da presentación comercial dos nosos produtos mariños, regulando e protexendo as denominacións de orixe como garantía da calidade e defensa

dos recursos galegos.

As actividades pesqueira, marisqueira e de cultivos deben poder desenvolverse nas mellores condicións de traballo e de seguridade para a vida humana, e baixo esta consideración o noso programa comprende así mesmo unha atención especial tanto ó control e ó cumprimento das normas e convenios sobre a seguridade da vida humana no mar coma á súa mellora e adecuación nas específicas características daquelas actividades en Galicia.

Complementariamente pensamos que a nosa estrutura portuaria e de servizos debe ser axeitada e mellorada tamén de acordo coas necesidades do sector. Por iso integramos e coordinaremos os plans de investimentos nos portos cos plans de desenvolvemento da pesca e dos cultivos, dentro da Administración pesqueira autonómica, co obxectivo de dotala dun corpo harmónico de decisións que redunden nun beneficio común, solidario e integrador.

Por último e sen esgotalo conxunto de medidas propostas para o sector, na procura das máximas competencias establecidas na Constitución e no Estatuto de Autonomía, impulsaremos e concretaremos a negociación coa Administración Central, na Comisión Mixta de Transferencias, para a inmediata solución das transferencias en materia de ordenación pesqueira.

Para facer país, para construír unha nova Galicia, requírense actuacións que superen os actuais desequilibrios e desigualdades entre os galegos. Para corrixir estes males ocasionados polos últimos políticos é polo que expomos unha política reequilibradora nos planos territorial e social.

Señor Presidente, Señorías, a política territorial, como vostedes saben perfectamente, ten que darnos a ordenación do marco físico e estrutural que servirá de soporte material e estrutural dos campos

social, económico, cultural e, ¡como non!, na protección da natureza.

E indubidable que debe ser unha política integradora e vertebradora, e non un cúmulo de disposicións dispersas sen orde nin concerto, como se pode ver ó estudiala lexislación existente. Trátase de formular un conxunto de principios, directrices e obxectivos claros que sirvan de guía para a actuación lexislativa e executiva da Administración galega.

Galicia ten características propias e tendencias organizativas de seu, consuetudinarias unhas —a parroquia e a comarca— e legais outras —o concello e a provincia—. A todo iso hai que darlle unha incardinación e unha cobertura que aproveite as súas vantaxes e fomente as súas potencialidades.

Sen ánimo de efectuar unha relación exhaustiva, para o que xa haberá lugar, paso a exporlles someramente as grandes liñas orientadoras.

Elaboración dunha lei de ordenación territorial é o punto básico e prioritario, e debe ser, xa que logo, acometido decididamente. A parroquia, a comarca, as áreas metropolitanas, as comunicacións e as mancomunidades teñen que ser un reflexo desa lei.

Pero ten que ser unha ordenación territorial que se faga baixo os principios de:

—Democracia, xa que na súa estruturación deben participar todos os grupos e representantes políticos para que sexa amplamente asumida e sentida.

—De globalidade, en canto recolla toda a problemática territorial e a súa estruturación.

—De prospectividade no futuro, pois debe ter en conta as potencialidades de desenvolvemento e as tendencias de crecemento en Galicia, conxugándoas coa potenciación

dun maior apoio ás zonas máis deprimidas.

No tocante a urbanismo e vivenda, a contemplación do hábitat humano debe ser cuestión fundamental nas súas dúas vertentes:

Primeiro, o planeamento, que debe aplicarse en tódolos concellos de Galicia, apoiando de modo real, técnica e economicamente, ós que carecen del, dándolle cumprimento ó mandato parlamentario contido na Lei de adaptación da do solo a Galicia, xa que transcorridos os dous anos previstos para a súa aplicación xeral segue, esencialmente, sen cumprirse.

En segundo lugar, a vivenda, un dos grandes déficits estruturais da poboación galega, precisa actuacións tanto no medio rural, pola antigüidade e a deficiencia das construcións, coma nas zonas urbanas, polo elevado custo económico que prexudica á maioría da poboación, pero con especial incidencia ás clases menos favorecidas.

Os criterios básicos que guiarán a nosa actuación neste sector serán:

A promoción de construción de vivendas, sobre todo no campo das protexidas, tanto de iniciativa privada coma pública.

Evita--la especulación e acumulación de plusvalías pasivas, axilizando ou proporcionando solo.

Fomento de créditos e subvencións para a renovación, reparación e sanidade de vivendas, con especial incidencia no medio rural.

Así, deste xeito, entremos pois, para seguir coa política territorial, no amplo campo das infraestruturas.

Señorías, ordenar Galicia significa tamén comunicar, inter--relacionar, sanear e promocionar.

No que se refire ás obras pú-

blicas, teremos que potenciar tódalas infraestruturas que permitan unha maior integración do mercado interno e fáciles e rápidas conexións co entorno español e europeo.

Como queira que para iso son esenciais as comunicacións por estrada, procederemos á elaboración dun Plan Galego de Estradas, establecendo estratexias de prioridades, alternativas en potenciación. Este plan de actuación incluírá un programa de acondicionamento dos trazados, con particular atención ás variantes e travesías, para o que procedería a modificación da vixente Lei de limitación da propiedade nas estradas non estatais. En segundo lugar, un programa de reposición e conservación, especialmente dirixido ás con alto grao de saturación. E, finalmente, un programa de actuación específica en zonas de especial interese turístico e comercial, así como de acceso a zonas interiores deprimidas.

Outro campo de actuación importante, Señorías, é o das obras hidráulicas. Coa aprobación da Lei de Augas e do seu Regulamento débese proceder a un desenvolvemento legislativo das previsións contidas no noso Estatuto, a cambios organizativos na Administración hidráulica e á planificación hidráulica, promovendo un programa de estacións de saneamento e fornecemento, con criterios obxectivos e non políticos.

Tenderemos, ademais, a dotar toda a Comunidade dunha rede de auga potabilizada e de estacións de tratamentos que cubran as necesidades de tódolos núcleos de poboación galega, completándose cun Plan de saneamento e protección dos ríos e rías de Galicia.

Por último, no terreo das infraestruturas, réstanos unha referencia á política portuaria, que debe estar orientada, na nosa Comunidade, a constituír un soporte axeitado para a actividade económica dos distintos sectores que conflúen no litoral.

Dada a escasa produción normativa e a escasa acción de goberno, pretendemos co noso programa alternativo sentar as bases políticas dunha profunda renovación da Administración portuaria, das súas técnicas de xestión e do rexime financeiro aplicado ás mesmas, cunha nova e belixerante política de tarefas que se integre nos obxectivos territoriais do Plan Económico de Galicia, aspecto escasamente tratado, ó noso xuício, pola actual Xunta de Galicia.

E xa para rematar coa política territorial, Señorías, unha reflexión sobre o medio ambiente. Cada vez é máis perentoria a necesidade da adopción de medidas, tanto pola propia importancia intrínseca coma pola necesidade de adaptarse ás directrices da CEE.

Por iso manteremos como directrices de goberno a potenciación e a promoción de parques naturais e protexidos. Tentaremos darlles plasmación legal e imperativa ás propostas das Xornadas Técnicas de Incendios Forestais para Galicia, buscando a desaparición desa praga tan prexudicial para unha das nosas grandes fontes de riqueza.

Finalmente, elaboraremos un estudo integral de medios e medidas de protección do medio ambiente galego que lles poña couto ós graves perigos que hoxe ameazan con rachalo seu feble equilibrio.

Algo apuntei xa, Señorías, das novas tecnoloxías. Referireime agora á revolución tecnolóxica, que está cuarteando e transformando os procesos industriais e, mesmo, alterando as relacións de produción e as actividades productivas. Estes cambios prodúcense cada vez en períodos máis curtos de tempo e presentan oportunidades que Galicia non pode perder porque se está a xogar a súa incorporación ó futuro.

Reclamo, pois, Señorías, a súa atención para unha reflexión sobre a industria, os seus problemas e as alternativas de futuro. Unha refle-

xión que inclúe, naturalmente, propostas para superar actuais atrancos.

Parece claro que o sector industrial é hoxe, quizais, un dos que máis dificultades presenta para a consecución dos obxectivos da política económica que perseguimos, caracterizándose pola súa falta de vertebración interna e pola súa desconexión co resto do aparello productivo galego.

Compróbase isto en particular nas grandes empresas que na súa maioría sufriron, e aínda sofren, as consecuencias da crise industrial dos anos 70, levando ás zonas galegas de maior renda a unha clara situación de declive.

O Goberno Galego debe proporse entón un tratamento diferencial e a incentivación das comarcas afectadas polo proceso de reconversión industrial nunhas accións concertadas, e non paralelas, coas doutras Administracións Públicas. Estamos a falar do que podería e debería chamarse o Plan especial de actuacións integradas en zonas afectadas pola crise industrial.

Nese senso, lonxe de concepcións maximalistas ou directamente esquiladoras dos nosos recursos, desde o Goberno daráselles prioridade ás iniciativas empresariais que aproveiten e desenvolvan os recursos naturais nos que temos vantaxes comparativas, especialmente as do sector primario (agrogandeiro e do mar) e do extractivo.

Polo demais, fronte ó chamativo dos grandes complexos industriais, hoxe con frecuencia en crise ou dependentes doutras economías, cómpre salientar a relevancia dun sector industrial conformado por moitas pequenas empresas. A chamada industrialización endóxena ou de iniciativa local vén xogando un papel clave no recente desenvolvemento industrial. As moitas iniciativas que están agromando xa no noso país deben contar co apoio institucional nun serio esforzo tendente a crear

un clima económico apropiado a partir dun horizonte definido.

E aí consideramos esencial a introducción das novas tecnoloxías, como xa dixemos, en particular na aplicación de tecnoloxía de proceso competitivo cara á especialización en determinadas liñas de produtos nas que, como tamén avanzamos, temos vantaxes comparativas.

A necesaria modernización na fase de produción non pode deixar fóra os recentes avances, que, como o deseño, son esenciais á hora da competencia entre produtos de semellante calidade. A potenciación dun deseño propio, identificativo dun certo criterio de distinción, pode e debe ter un eixo esencial nas novas técnicas de produción que deben ser fomentadas polo noso Goberno.

Así mesmo, é preciso consolidar os intentos do propio sector de dotarse de instrumentos de asesoramento e información, para o que debe contar co decidido apoio da Administración Autónoma. Apoio que debe extenderse á proxección dos produtos galegos ó mercado nacional e internacional, á promoción do asociacionismo comercial e a facilitar o investimento dos grupos extranxeiros en Galicia.

No tocante á desarticulación é preciso intensificar as relacións interindustriais en Galicia pondo particular atención na integración dos subsectores e na necesidade de que se completen no noso territorio, cando menos, aqueles ciclos productivos que pola súa adaptación ás nosas potencialidades poidan deixar máis valor engadido no país.

Condición imprescindible para todo o anterior é a existencia de solo industrial apropiado ás necesidades das empresas sen rixideces territoriais ou funcionais, que as máis das veces é o esganamento principal de moitos proxectos investidores.

Así mesmo, un dos obstáculos de

partida que necesariamente ten que superar--la economía de Galicia son as deficiencias dos seus circuitos comerciais, que fan inútiles gran parte dos esforzos productivos do xa feble aparello productivo do país. Dentro do obxectivo de acadar unha rede de circuitos comerciais lixeiros e capaces de abaratar--los custos, mellora--las condicións de comercialización en xeral e, consecuentemente, eleva--la capacidade competitiva dos produtos galegos é preciso establecer peculiaridades nos ámbitos interior e exterior das actividades comerciais.

Dentro do ámbito do comercio interior é preciso enunciaren someramente os seguintes obxectivos:

a) Parece necesario o establecemento dunha relación adecuada entre o espallamento e a actuación dos hipercentros comerciais, co obxecto de protexer--lo consumidor de posibles situacións monopolistas.

b) É conveniente a potenciación de programas cooperativos que permitan tanto o fomento coma a mellora das condicións de operación do comercio detallista tradicional.

c) As feiras e mercados constitúen institucións comerciais de importancia crucial en Galicia, e por iso cómpre unha regulación que, recoñecendo o seu peso específico, adapte as súas condicións de funcionamento en canto a periodicidade, contido e formas ás novas situacións xerais do intercambio mercantil.

d) Facerlles fronte decididamente ás deficiencias e insuficiencias evidentes nas estruturas do comercio interior rural.

En relación coa problemática do comercio exterior, e de acordo coas competencias asumidas polo Goberno Galego no Estatuto de Autonomía de Galicia, prestaráselle atención exclusiva á promoción dos produtos galegos fóra de Galicia, en conexión coa política institucional española nesta materia.

En ámbolos dous ámbitos, o meu Goberno amparará e potenciará a implantación das denominacións de orixe, prestando axuda tanto financeira coma técnica para o seu establecemento.

Por último, Señorías, hai un punto importante que non quero deixar de lado por máis de ser conflictivo. As empresas públicas que operan en Galicia, as máis delas industriais e dependentes da Administración Central, non poden ser alleas ás grandes liñas que desde o Goberno Autonómico se marquen para a política industrial. Non falamos de subordinación; falamos da necesaria coordinación.

Así mesmo, non podemos esquecer que é este o sector no que se está discutindo e aplicando con máis forza o desafío tecnolóxico. Galicia ten que entrar tamén con paso firme por este camiño.

Hoxe máis ca nunca non podemos perdernos en mirar cara a atrás. Aspectos como accións derivadas da implantación da nova tecnoloxía no concernente a microelectrónica, biotecnoloxía, novos materiais, enxeñería xenética, enxeñería financeira son aspectos cruciais no devir do noso pobo.

A creación dun parque tecnolóxico en Galicia, en correspondencia cos avances desenvolvidos polos nosos investigadores e empresas, daranos un aval, un auténtico soporte firme para endereita--lo futuro.

Non podemos esquecer que unha sociedade desinformada xera unha apatía ó tempo que se sitúa nunha condición de inferioridade. Polo tanto, traballar neste eido é deseña--la Galicia do mañá a partir das raiceiras que hoxe lle aportamos.

O noso Goberno, no caso de prospera--la moción de censura constructiva, propón como un dos seus obxectivos básicos e prioritarios apostar pola tecnoloxía como fonte de novos horizontes para un país que quere despertar, ó tempo

que desexa estar en mellores condicións das que ten neste intre histórico.

A política social debe ir encañada a facilita--lo pleno desenvolvemento do individuo e da Comunidade Autonómica, promove--lo benestar xeral e a igualdade de oportunidades, elimina--la marxinación social e contribuír á promoción profesional, social e cultural das persoas e dos grupos.

Señorías, empezaremos neste eido coas análises e propostas referidas ó campo educativo.

O concepto de escolaridade e os seus afíns de educación e formación integral da personalidade teñen envergadura de abondo para que o seu tratamento nun programa de acción política sexa intensivo e profundo. Ninguén descoñece que unha transformación da sociedade é posible precisamente sobre a base dun proxecto educativo. A transformación que nós propomos, xustamente por incorpora--la poderosa tradición de humanismo socialista europeo, non pode ignora--lo carácter decisivo da acción educativa.

O programa educativo que nós propomos será, entón, o instrumento de execución da devolución da cultura e da educación á súa fonte e ó seu destinatario, é dicir, á sociedade galega.

Tal desiderato responde ó ideal dunha sociedade que cumpre o movemento esencial de autorrecuperación e impulso progresista de levar á nosa colectividade á cota do rendemento colectivo que xustamente pode acadar no seo da Europa dos Pobos.

O utópico destas declaracións acrisólase se se considera a presente miseria dos nosos establecementos educativos, o desconcerto de profesores e alumnos, a fraqueza evidente da nosa Universidade e o indiscutible desalento moral que nesta e noutras ordes afecta á nosa sociedade.

Fronte ó determinismo, só a fe na posibilidade do utópico pode creba--la forza das inercias históricas, politicamente cultivadas nos tempos máis recentes. O Goberno que eu presida arrisca unha declaración categórica para acadar unha sociedade mellor.

Como medidas concretas propómo--las seguintes:

1.- A inmediata constitución do Consello Escolar de Galicia. A existencia deste órgano non se entenderá como a configuración dunha nova pantasma superestructural senón como unha instancia funcional reclamada con urxencia polo desenvolvemento presente das comunidades educativas.

2.- Desde un órgano como este será xa posible a planificación da total escolarización desde os 4 ós 16 anos. Esa planificación haberá de facerse realidade social nun prazo non maior de 5 anos; o que requirirá un inxente esforzo técnico na súa primeira fase, pois estimamos que a escolarización debe entenderse como un concepto non meramente cuantitativo senón substancialmente cualitativo.

3.- Impulsar decididamente o proxecto de reforma do Ensino Medio actualmente en fase experimental, establecendo canles de intercambio permanente de experiencias coa Administración educativa central e coa doutras Comunidades Autónomas, co propósito último da total escolarización no nivel de Ensino Medio.

Polo que se refire á Formación Profesional, o esforzo será dobre. "Máis centros mellor dotados" segue sendo aquí unha consigna válida. Pero, fundamentalmente, a tarefa política neste sector será a de dotar estes estudos do prestixio que ó seu valor real lle corresponde.

A sociedade galega debe recuperar--la conciencia do valor do traballo ben feito, e ese valor non oscila co baremo social das actividades. Así, pois, a Formación Pro-

fesional reclama un esforzo específico que o noso programa asume integramente.

4.- Levar a termo unha reconfiguración do actual Mapa Escolar de Galicia partindo da base estadística fiable. A planificación escolar non pode apoiarse en erros manifestos como os que resultan do vixente Mapa Escolar.

A participación de Corporacións Locais, grupos de cooperativas e instancias sociais de toda orde resulta imprescindible para estes efectos.

A actualización do Mapa Escolar fará posible a adopción de medidas máis concretas, tamén contempladas no noso programa. Por exemplo, prima--la escolarización total do ensino escolar no ámbito rural, como factor de compensación, e organizar un eficaz servizo de escola de pais; resolve--la equiparación e xusta distribución de bolsas de comedores e posibilita--la súa xestión eficaz desde un instrumento operativo legal; establece--la posta en práctica de programas de educación compensatoria e atención a colectivos non escolarizados.

5.- O programa de transición escola--emprego deseñado polas institucións de política educativa da Comunidade Económica Europea require a inmediata promoción no noso medio social, que o noso programa primará para tódolos efectos. O esganamento da promoción laboral do escolar de grao elemental ou medio é o problema máis agudo que se configura para a nosa Autonomía a dez anos vista.

6.- O ideal dunha revolución democrática da cultura, que enunciámos como principio da nosa exposición, non deixará fóra, desde logo, o aspecto da xestión económica dos centros. E aquí onde as nosas denuncias estarían máis xustificadas. A prodigalidade da actual Administración en todo o que non supoña a efectiva mellora dos centros escolares acada cotas alarmantes.

Creemos que tal deficiencia, naturalmente estrutural e non debida á eficacia xestora das persoas, só poderá remediarse potenciando a xestión económica dos centros desde eles mesmos. Xa que logo, o centro escolar non debe estar a expensas da famosa e falsa escaseza de recursos.

O actual sistema de control do gasto e as ridículas asignacións presupostarias ós centros consegue o non desexado efecto da súa total ausencia de xestión, porque hoxe a penas é posible adicar fondos a gastos reais da escola.

7.- O máis importante parece todo o relacionado coa formación e perfeccionamento do profesorado. Este aspecto da actividade educativa parece particularmente negativo na actual práctica político-administrativa. O noso programa quere impulsa-lo proceso de renovación educativa e de perfeccionamento do profesorado desde a instancia profesional mesma.

8.- Un programa de educación non podería pecharse de ningún xeito sen aludir a un capítulo que en certo modo o sobrepasa, pero do que necesariamente depende para o seu cumprimento.

A institución universitaria constitúe a base do profesorado e o horizonte natural do alumno de niveis inferiores. A reconfiguración da nosa Universidade e o abandono de toda a demagogia parecen, xa que logo, aspectos que se impón ó noso programa de educación. A cooperación dos Ensinos Básicos e Medios coa Universidade imponse por propia necesidade. Finalmente, só unha auténtica Universidade, profesionalmente xestionada, poderá cumprir os plans de investigación e desenvolvemento tecnolóxico que para adianto do coñecemento en xeral e maila utilidade do país deseñe a Administración.

O meu Goberno non escatimará esforzos para axudar á Universidade a expedir novos títulos de ciclo

curto, respetando nisto, como en todo, a súa autonomía nos termos fixados na Lei da Reforma Universitaria.

O igual cá educación, a sanidade e a saúde presentan retos que quixera apuntar brevemente.

Na vontade política de acadalo máximo teito competencial en materia sanitaria e co fin de recibirlo traspaso do INSALUD, fórmulase o compromiso para subscribir entre o Goberno de Galicia e o Goberno Central un acordo de colaboración para a coordinación de todas as actividades sanitarias que garantan unha planificación idónea dos nosos recursos.

Este convenio rematará no momento de asumirlo Goberno Galego os servizos e funcións do INSALUD. Neste período procederá a equiparar a Galicia en protección, cobertura e investimento co conxunto do Estado.

De maneira inmediata, para a superación de todas as incidencias que poidan xurdir, crearemos unha Comisión Paritaria de Seguimento das Transferencias en materia de sanidade.

Teremos especialmente en conta a atención primaria, coa posta en funcionamento de centros de saúde, desbloqueando a situación actual, e abriremos vías de cooperación cos Concellos.

Extenderemo-la atención pediátrica ó conxunto das zonas rurais de Galicia. Por primeira vez a asistencia pediátrica integral aproximárase ás zonas historicamente desprotexidas.

Desdobraremo--las cuotas de medicina xeral, creando prazas xerarquizadas para a mellora da calidade da asistencia e de cobertura á poboación e xerando ó mesmo tempo novos postos de traballo no sector.

Coordenaremo--la rede sanitaria da Comunidade Autónoma Galega --De-

putación e Concellos--, evitando a duplicidade de esforzos e aproveitando e mellorando os recursos.

Poranse en marcha os mecanismos para dota--la nosa Comunidade da Escola Galega da Saúde, adicada á formación específica e permanente dos recursos humanos da sanidade.

Reorganizáremo--la estrutura orgánica da Consellería de Sanidade con criterios de eficacia e racionalización, aceptando o reto da reforma das estruturas sanitarias.

Crearemos, en fin, o Servicio Galego de Saúde mediante unha lei específica que procure a mellora dos recursos asistenciais e o establecemento dunha rede asistencial única integral.

Señorías, como non podía ser menos, o mundo laboral non podía quedar fóra do noso programa, nin tampouco do meu discurso. Nel afortalámo--la cohesión económica e social necesaria, combinámo--lo posible co viable, compartindo responsabilidades entre os axentes económicos, sociais e o propio Goberno de Galicia.

Fronte ó abandono e á subordinación das competencias nos sucesivos Gobernos, o Goberno que eu aspiro a presidir adicaralle un especial esforzo á potenciación dos órganos de participación institucional no mundo do traballo, coa representación da Administración, das organizacións empresariais e dos sindicatos.

Consideramos tamén necesario estimula--la creación de empresas a través das diversas formas integradas da chamada economía social, como cooperativas, sociedades anónimas laborais, etc.

Todo iso, xunto co fomento das medidas de contratación de traballadores, en íntima colaboración coas Administracións Central e Comunitaria, debe levarnos a un dos obxectivos máis relevantes da política económica que propomos: o fo-

mento do emprego.

Queremos tamén chama--la atención sobre un problema de difícil e complexa solución, pero que un Goberno responsable non pode deixar á parte, pois pola vía da omisión se cometería un verdadeiro fraude ós traballadores e ós empresarios que cumpren coas súas obrigas legais. Estamos a referirnos, ¡como non!, ó peculiar mundo da economía sumerxada.

O meu Goberno afrontará decididamente este problema con medidas coercitivas, se fixese falta, pero principalmente polo camiño da apertura de canles axeitadas para o afloramento dos amplos efectivos económicos e productivos, hoxe en situación irregular.

Chegados a este punto, permítanme, Señorías, unhas palabras sobre a mocidade.

A xente nova é o banzo que asegura a continuidade, e aposta, ó mesmo tempo, polas innovacións, aceptando con decisión e sen complexos os retos que impón o futuro. Os novos son, de feito, o motor necesario para crea--las condicións que permitan afrontar e superar eses retos.

Eu quero dirixirme desde esta Cámara á xente nova para reclama--los seus esforzos e a súa participación xenerosa e crítica no proceso de modernización de Galicia. O meu Goberno terá moi en conta ás novas xeracións nas que debemos albisca--la Galicia que arelamos.

Para acada--la libre e eficaz participación da mocidade no desenvolvemento político--económico e social de Galicia é preciso coordena--las distintas áreas de intervención da Xunta de Galicia, aportando fórmulas imaxinativas e novidasas que provoquen a atención deste importante sector social, un dos máis afectados pola crise e a transformación da sociedade española:

-Convenios puntuais co INEM para a oferta de cursos de formación ocupacional e potenciación dos contratos de prestación de servizos.

-Política de colaboración cos Ministerios de Cultura, Traballo e Seguridade Social para a expansión na nosa Comunidade Autónoma de iniciativas como as das escolas--talleres.

-Utilización das posibilidades de formación e contratación que se abren a través do Fondo Social Europeo.

-Posta en marcha de talleres ocupacionais en convenios con Concellos e creación de cooperativas de servizos.

-Creación dunha oficina de asesoramento técnico--empresarial.

Entendemos que a posta en marcha dun auténtico sistema público de servizos sociais constitúe unha pedra básica para a superación das desigualdades sociais, partindo da consideración global dun marco comunitario inmerso nunha nidia política preventiva que se desenvolverá en estreita colaboración con outras Administracións e institucións, pero, fundamentalmente, coas Corporacións Locais. Esta política comprende aspectos como:

-Desenvolvemento da Lei de Servizos Sociais de Galicia.

-Presentación do Proxecto de Lei do Instituto Galego de Servizos Sociais contemplado na lei.

-Constitución do Consello Galego de Servizos Sociais, cunha composición que virá determinada pola lei que cree o Instituto Galego de Servizos Sociais.

-Elaboración do Mapa de Servizos Sociais de Galicia para coñecer con detalle as necesidades, os recursos e mailos servizos existentes.

-Modificación da actual zonifi-

cación dos servizos sociais de base con obxecto de axeitála á realidade social, etc.

No desenvolvemento das actuacións en materia de servizos sociais estableceranse canles de coordinación e planificación con outras Consellerías, como Ordenación do Territorio e Obras Públicas, Educación e Sanidade, tendo como finalidade a prevención e evitando situacións sociais de marxinação de determinados colectivos.

Amosarémolle especial atención á reinserción social e laboral do minusválido, así como dos colectivos marxinaos, dos toxicómanos, dos delincuentes, etc., e, por suposto, á descentralización da xestión en materia de servizos sociais.

En materia deportiva a acción política que nós tentaremos impulsar terá como soporte fundamental do seu desenvolvemento unha concepción do mesmo como hábito cultural que, á súa vez, contribúa ó afortalamiento da convivencia e ó respecto mutuo entre tódolos individuos.

Un estímulo importante para a extensión da práctica deportiva pode virnos, dada a proximidade das Olimpíadas en Barcelona, e é unha posibilidade que non deixará de lado o meu Goberno.

Como premisa inmediata imponse unha vontade firme de coordinación da política deportiva con outras instancias institucionais como Corporacións Locais, Deputacións Provinciais, etc., e entidades privadas de carácter social para, a partir da elaboración dun censo detallado da infraestrutura deportiva existente, cubri--las carencias advertidas e así determina--las liñas de actuacións futuras.

Creación de módulos tipo de equipamento para pavillóns deportivos, con criterios de calidade e funcionalidade; impulso de escolas deportivas de base; centro de investigación técnica e centros de

alto rendemento para o deporte de élite, son aspectos concretos que nós contemplamos dentro das prioridades da nosa política deportiva.

Así mesmo, cómpre afrontar con especial atención as dúas facetas deportivas, se non esquecidas cando menos non xustamente valoradas: o deporte escolar, non só no tocante á súa vertente estritamente competitiva, e o deporte universitario, que será necesario apoiar a través dos correspondentes convenios coa institución universitaria.

Compromiso de redobrar esforzos polos Xogos Deportivos de Galicia, a imitación das "Espartakiadas" da República Democrática de Alemaña, ou das pequenas Olimpíadas galegas, ou que implicaría extraer atletas e deportistas en xeral.

Señor Presidente, Señorías, ben saben vostedes do auxe do turismo nos últimos anos, o que non escapou á propia sociedade galega.

O noso entender, tres son os retos que debemos afrontar:

Primeiramente, a creación de infraestrutura, de xeito que se posibilite a corrección das carencias das zonas turísticas tradicionais, particularmente as costeiras, e se potencien aquelas outras con futuro como rutas turísticas do interior.

En segundo lugar, cumpriría unha intelixente e atractiva acción promocional, elaborando programas especiais para os meses que integran a tempada baixa, diminuíndo a estacionalidade, hoxe moi alta no noso país. Neste camiño terán especial relevancia o termalismo, o turismo deportivo, o de montaña e mailo turismo da terceira idade.

Por último, pretendemos unha regulación do sector que defenda os dereitos da demanda turística e do consumidor en xeral, dignificando e clarexando a oferta turística con esixencia duns mínimos de calidade e seriedade.

Señorías, a atención á creación, promoción e difusión da cultura, enténdese no noso proxecto de goberno como algo decisivo para a superación dos retos impostos polo futuro.

A política cultural é un pear esencial, poderíase dicir que case o cerne do noso programa de definición da política e, xa que logo, da acción de goberno. Neste senso, a identificación do noso pobo coas institucións do autogoberno debe estar baseada no máis fondo coñecemento das nosas raíces, na riqueza da nosa identidade, na normalización da nosa lingua e, tamén, na conciencia do noso potencial e da nosa capacidade de transformación dos nosos hábitos culturais.

E por isto polo que a exposición do labor do Goberno para os dous anos que restan de Lexislatura (aínda a metade da mesma) terá que contempla--la dobre realidade que nos conforma, é dicir, o mundo cultural que conservar e maila realidade cultural que potenciar. Unha vez máis é a ensamblaxe xusta entre tradición e modernidade, gracias a unha política dinámica, anovadora e seria, a que axuda a conforma--la definición que se pretende para o home galego que ten que habita--lo mundo que se achega xa ós derradeiros anos do segundo milenio.

Por esas razóns haberá que deixar definitivamente articulada unha infraestrutura cultural que atenda á consolidación da nosa cultura tradicional a través dunha política conservadora do xa existente, recibido en herdo dos nosos devanceiros e logro de séculos da historia.

Pero, ademais, haberá que deixar consistentemente establecida outra infraestrutura, complementaria dos fins propostos, que atenda á implantación da nosa capacidade cultural no mundo moderno, de xeito que a nosa realidade cultural e a nosa potencialidade creativa, a través dunha política dinámica e progresista, insira ó noso país no contexto cultural dos países cos

que temos establecidos vínculos históricos, culturais ou políticos, nun marco que abrangue as nacións e os Estados máis adiantados do mundo.

No primeiro caso, desde a Consellería de Cultura estableceremos unha coordinación entre as institucións públicas e privadas, relixiosas e leigas, para a perfecta avaliación e conservación do noso extraordinario e rico patrimonio cultural.

No segundo caso, a acción do Goberno que espero presidir deberá atender, de xeito necesario, a consolidar a existencia dunha rede coordinadora da nosa realidade cultural coa dos demais que nos contextualizan, isto é, coas institucións públicas e privadas do ámbito estatal ó que pertencemos e, a través delas, con aquelas outras de fóra das nosas fronteiras políticas que poidan axudar ó necesario e imprescindible espallamento cultural.

Como exemplo servirá no primeiro dos casos a contemplación da nosa realidade museística, patrimonial, bibliotecaria ou artística, por unha banda, e a necesidade de aplicación da tecnoloxía de punta, pola outra.

Do exposto é doadamente deducible a mínima acción cultural para levar a adiante en dous anos. Quere isto dicir que a planificación cultural que vai implícita nos puntos que se tratan de seguido supón, decididamente, o exercicio dunha política de mínimos considerados posibles e executables que, de alongarse no tempo a nosa acción de goberno, terían a conseguinte ampliación a máximos posibles que os dous anos de prazo establecido agora delimitan e abranguen.

Expostos así os obxectivos da política cultural do noso Goberno, pasarei a referirme a algúns puntos concretos:

Plan concertado cos Concellos para a elaboración dun estudio previo da nosa realidade cultural no

que se refire a espazos de lecer e tempo libre, infraestrutura cultural, sociedades recreativas, asociacións culturais e xuvenís, para efecto de delimitar as competencias, priorizando investimentos, modificando a nosa filosofía e fisionomía cultural, deseñando paralelamente os alicerses que sustenten unha política de concertación e coordinación coas diversas entidades e Administracións vinculadas dalgún xeito á cultura, como as Deputacións, Universidades, fundacións culturais, patronatos, etc..

Asentamento dunha rede bibliotecaria con dotación de medios humanos, económicos e materiais, que atenda ás necesidades que o país ten expostas neste senso.

Dotación de bibliotecas galegas no pertinente número de Universidades extranxeiras como para que diso se derive a creación de cátedras de Cultura Galega.

Potenciación definitiva da tradución das nosas obras de creación literaria a outras linguas do mundo, a través de disposicións que melloren as existentes actualmente.

Asentamento definitivo da Hemeroteca de Galicia como imprescindible fondo de consulta.

Implantación definitiva e firme do Arquivo Histórico do Reino de Galicia, institución indispensable na articulación da conciencia do país.

Informatización dos servizos administrativos da Consellería de Cultura, conectando as terminais coas do Ministerio de Cultura, co fin de aproveitar toda a información contida nesa institución e nas súas conexións internacionais.

Proxección exterior da nosa cultura en colaboración co propio Ministerio de Cultura e co Ministerio de Asuntos Exteriores, cos que se establecerá a necesaria colaboración neste eido.

Esta proxección exterior da nosa realidade veríase complementada coa creación de bolsas de estudio, embaixadas culturais, etc.

Atención permanente ós servizos culturais dos centros galegos do exterior, como vínculo necesario co mundo da emigración.

Desenvolvemento e posta en práctica da Carta Magna do 78 (artigo 3º), do Estatuto de Autonomía de Galicia e da Lei de Normalización Lingüística como os tres peares básicos do consenso respecto ó tema, por parte de tódalas forzas políticas e cidadáns da Comunidade Autónoma Galega.

Elaboración definitiva dunha planificación lingüística imprescindible para o país, establecendo a necesaria concordancia coa Dirección Xeral de Política Lingüística.

Colaboración cos museos existentes para a mellora dos seus fondos e elaboración dun catálogo de tódalas obras de arte, propiedade privada ou pública, existentes no noso país, así como a dotación de prazas específicas de restauradores que atendan á conservación e ó mantemento do noso patrimonio.

Convenios puntuais coas institucións laicas e relixiosas das que poida depende--la supervivencia do noso patrimonio cultural, histórico, artístico e arquitectónico.

Establecemento de convenios coa Televisión de Galicia que contemplan a programación de espazos dramáticos culturais, musicais, educativos, etc..

Os obxectivos de política cultural que acabo de citar lévanme agora necesariamente a expor algunhas propostas sobre a lingua, que, felizmente, vén sendo desde hai centos de anos eficaz instrumento de comunicación do noso pobo.

A realidade actual do noso idioma vén dada pola pervivencia de determinadas situacións de anorma-

lidade e incompreensión, polo que o labor que cómpre realizar para que se vaian esvaecendo certos prexuícios, que aínda afectan ó galego, é arduo.

Hai que pór en práctica medidas valentes que incidan directamente nas condicións ambientais que estorban a aprendizaxe do idioma galego e impiden un normal proceso de emprego habitual en tódolos momentos da vida social.

Son, pois, moitas as accións que hai que desenvolver, mediante a persuasión, por parte de todo tipo de entidades políticas e de cidadáns, e esas accións veñen dadas fundamentalmente pola decidida posta en práctica da Lei de Normalización Lingüística de Galicia.

Xa que logo, resulta necesario:

Adopta--las medidas pertinentes encamiñadas a fomenta--lo desenvolvemento dunha conciencia colectiva unánime e favorable á xeneralización do uso do galego na vida social, cultural e oficial de Galicia, así como nos nosos medios de comunicación.

Arrequece--la cultura galega mediante a traducción dos clásicos do pensamento da literatura universal.

Supera--lo restrinxido marco territorial no que actualmente se desenvolve a produción literaria galega, mediante iniciativas que tendan a proxectala alén das fronteiras, en consonancia co lugar que historicamente lle corresponde.

Estimular, mediante a aplicación de medidas concretas e efectivas, accións orientadas a dota--lo galego de instrumentos axeitados ó seu carácter de lingua normalizada.

Impulsar unha política de convenios coas distintas Administracións.

Non quero pecha--lo meu programa sen facer mención de algo que

resulta fundamental na Galicia actual. Estou a referirme á proxeción externa do noso país.

Un país, e polo tanto un pobo con longa tradición histórica, coa cultura dinamizada, con ganas de aborda--lo futuro, require un estudo positivo nos seus peares.

Por iso, solucionado o problema actual da deterioración política, solventado o aspecto da preguiza governamental e a ineficacia, superada tamén a arbitrariedade e a pasividade, o país pode comenazar a funcionar.

Mais non só se require que Galicia funcione, que estean dinamizadas e vivas as capas sociais e económicas que a dirixen, senón que a propia institución autonómica debe aportar algo máis. Ese "algo máis" é carga--las tintas, apostar seriamente para que a nosa dignificación e imaxe externa sexan acordes cos postulados do noso xeito de face--las cousas.

Traballar arreo por Galicia supón, ademais, discorrer polo camiño, bo vieiro, de presentar unha tarxeta de identificación fóra do noso territorio.

De nada vale quedarmos pechados en nós mesmos. Debemos, polo tanto, abrir Galicia cara a fóra.

Deste xeito contribuiremos, desde o Goberno, a amosa--las nosas cualidades, as nosas avantaxes e mailas nosas posibilidades para que en calquera lugar do mundo conste un coñecemento cabal e positivo de Galicia.

Este compromiso é firme, e a súa resolución virá plasmada pola presenza digna e eficaz nos comportamentos que o Executivo que eu presida manterá en tódolos foros nacionais e internacionais.

Queremos converter Galicia nun espello onde teñan que mirarse outros pobos e comprender que as cousas que se fan respostan a unha

ideia conxunta da nosa cidadanía.

Xa que logo, esa tarxeta de identificación permitiranos avanzar solidamente na profesión externa e afronta--la nosa convicción de compromiso eficaz e talante aberto ás latitudes. Como proba disto, comenzarase a programa--lo Congreso Mundial Galego, que permitirá desenvolver interna e externamente unha nova face de Galicia, combinado o que significan os costumes e os hábitos da nosa sociedade co futuro que temos e seremos capaces de conseguir.

Conxugar, pois, as raíces e os horizontes servirá de pauta de comportamento do noso quefacer de cada día.

E antes de rematar, unha lembranza para os milleiros de galegos que andan polo mundo adiante, lonxe de nós e desta ocasión.

O que piden o sentimento e maila razón é traballar arreo con siso para que os motivos e o mundo sombrío da emigración cheguen a ser coñecidos, canto antes mellor, soamente polos libros de Historia e de Literatura. Non pode ser outro o noso compromiso, xunto coa oferta de colaborar coas sociedades galegas de fóra da Terra.

Tamén un rogo: que nos axuden a construír unha Galicia nova, a Galicia de todos.

Vou rematar, pero antes de face--lo exame permítanme dirixirme ó Presidente da Xunta.

Hai cousa de dous anos o pobo galego determinou non ser gobernado por maioría absoluta neste Parlamento. Vostede atopou rigor e colaboración en todos nós, coas miras de acadar--la gobernabilidade que permitiría resolve--los problemas da Autonomía. Vostede, señor Presidente, fundiu todo o capital de confianza depositado polos cidadáns e pola oposición.

Nestes últimos meses do seu

mandato, este país descubría abraiado a súa incapacidade para gobernar, o seu progresivo illamento coas únicas ansias de conserva--lo poder polo poder, paralizandoo a Autonomía e facendo da súa función un exercicio de banalización simbólica a custo do prestixio das institucións.

Unha condución dos asuntos públicos desaprobada en silencio polo pobo galego e, doutras maneiras, polos propios dirixentes do seu Partido.

A vostede, señor Presidente, nunca lle faltaron neste Parlamento interlocutores abertos ó diálogo e ós acordos, pero vostede preferiu o silencio e a apelación a conceptos inusuais da democracia. Vostede, señor Presidente, non chegou a decatarse de que era o Xefe do Executivo.

Non pode te--lo apoio desta Cámara e dos grupos políticos quen descoñece a existencia da moción de confianza ou non tivo folgos para presentala e preferiu a deterioración da institución. Señor Presidente, non culpe a ninguén de estar agora na situación á que chegou.

Señorías, este programa que escoitaron tan cortesmente é o conxunto de obxectivos e medidas que coidamos axeitados para Galicia. Estamos certos de que é un programa que atende exclusivamente ós intereses e ás esperanzas da maioría dos galegos, que queren vivir nunha terra próspera e en todo comparable a calquera país dos considerados máis desenvolvidos. Sabemos tamén que este programa pode e debe ser discutido e mellorado.

Confiamos nesa posibilidade e pedímo--la colaboración nesta Cámara para o arrequECEmento do noso programa, tanto durante esta Sesión coma despois, se formamos Goberno, e tamén para a súa execución.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas vén de cumprí--la súa obriga de discutir seriamente os

asuntos públicos, de presentar solucións viables e levarlle un fío de esperanza ó pobo galego.

Señorías, agora tócalles a vostedes cumprí--la súa parte. Se vostedes cren que a política actual do Goberno carece de dirección, que non goberna nin xestiona, que é insensible ós problemas da nosa sociedade, voten hoxe connosco.

Se vostedes coinciden en que temos que dignifica--la acción política en Galicia, prestixiar ó máximo a institución política e organizar unha Administración eficaz, voten hoxe connosco.

Se cren que sobre o programa que acabo de expor, cos perfeccionamentos que se estimen necesarios, pode abrirse unha nova etapa na nosa Comunidade Autónoma, voten hoxe connosco.

Se lles queren pór termo á inestabilidade, á confusión e á inoperancia do Goberno, voten connosco hoxe.

Señorías, teñen tamén vostedes a obriga de ofrecerlle unha saída política estable ó noso país. Eu vin aquí con ilusión, sabedor da miña responsabilidade e dos graves problemas do país, coa intención decidida de abrir camiños de esperanza e de realidades para o noso pobo.

Se vostedes votan esta moción, asumirei a miña responsabilidades con entusiasmo, con total adicación, entregando o mellor de min mesmo a unha causa que non é persoal, nin sequera partidaria.

Esa causa é un serio intento de superar unha etapa grave e desgraciada da primeira das nosas institucións políticas. Un esforzo para conectar coa traxectoria de homes e mulleres que pensaban a política como unha actividade digna, que tiñan como obxectivo final mellor--la vida dos membros da nosa comunidade e construír unha Galicia próspera, orgullosa, consciente da

súa propia identidade, da súa historia e, xa que logo, con fe no seu futuro.

Señor Presidente, Señorías, eu cumprín coa miña obriga; cumpran agora vostedes coa súa. Déanlle unha saída honrosa a esta crise política. Reclamo o seu apoio para esta moción porque entendo que non lle podemos pecha--las portas á esperanza.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Suspéndese a Sesión ata mañá ás dezasete horas.

Suspéndese a Sesión.

Eran as seis e cincuenta e cinco minutos da tarde.





FOLLA DE SUBSCRIBIÓN

PARLAMENTO DE GALICIA

Nome

Domicilio

Cidade Teléfono

Desexo subscribirme o Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, de acordo coas condicións estipuladas a partir do día de de 19 ata o 31 de decembro de 19

Con data de de 19, enviólles por xiro ou talón nominativo, número, a cantidade de Pesetas.

..... a de de 19

Asinado

Edición e subscripción:

Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Baixos do Pazo de Raxoi - Santiago de Compostela.
Teléfonos 981/587022 1- 587212 - 587412 - 587612.
Subscripción anual: 3.000 Ptas. Número solto: 75 Ptas.

HOJA DE SUSCRIPCIÓN

PARLAMENTO DE GALICIA

Nombre

Domicilio

Ciudad Teléfono

Deseo subscribirme al Diario de Sesiones del Parlamento de Galicia, de acuerdo con las condiciones estipuladas a partir del día de de 19 hasta el 31 de diciembre de 19

Con fecha de de 19, les envío por giro o talón nominativo, número, la cantidad de Pesetas.

..... a de de 19

Firmado

Edición y suscripción:

Servicio de Publicaciones del Parlamento de Galicia.
Bajos del Palacio de Rajoy - Santiago de Compostela.
Teléfonos 981/587022 1- 587212 - 587412 - 587612.
Suscripción anual: 3.000 Ptas. Número suelto: 75 Ptas.

NOTA:

A subscripción é anual, por anos naturais. O período de subscripción remata o 31 de decembro de cada ano. As altas producidas durante o ano contaránse, a efectos de cobro, desde o día 1.º de cada trimestre natural, sempre que a data de subscripción sexa anterior a esta.

NOTA:

La suscripción es anual, por años naturales. El período de la suscripción finaliza el 31 de diciembre de cada año. Las altas producidas durante el año se contarán, a efectos de cobro, desde el día 1.º de cada trimestre natural, siempre que la fecha de suscripción sea anterior a esta.




Vol. 0	Regulamento do Parlamento de Galicia
Vol. 1	Estatuto de Autonomía de Galicia Lei da Sede das Institucións Autonómicas Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente
Vol. 2	Lei de normalización lingüística
Vol. 3	Lei de limitacións á propiedade nas estradas non estatais de Galicia
Vol. 4	Lei de recoñecemento da galeguidade Lei de Fundacións de interés galego Lei do Consello da Cultura Galega
Vol. 5	Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1982 Lei para o incremento dos tipos de taxas de contía fixa Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1983
Vol. 6	Lei de sanidade escolar
Vol. 7	Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia
Vol. 8	Lei reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia Proposición de Lei da terceira canle de televisión Lei da Compañía de Radio-Televisión de Galicia
Vol. 9	Lei do Valedor do Pobo Lei de símbolos de Galicia
Vol. 10	Lei do Fondo de Compensación Financeira Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para 1984 Lei de asignación de recursos fixados polo R.D. Lei 3/1984 á C.A. de Galicia Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para 1985
Vol. 11	Lei de eleccións ó Parlamento de Galicia Lei de gastos electorais
Vol. 12	Lei de ordenación da pesca Lei de ordenación marisqueira Lei de sancións en materia pesqueira, marisqueira e cultivos mariños

Distribúe
GALAXIA
Reconquista, 1 - Vigo
Teléfonos (986) 432100 - 433238

De venda
en librerías

DIARIO DE SESIONS



PARLAMENTO DE GALICIA

II LEXISLATURA

Presidencia do Excmo. Sr. D. Tomás Pérez Vidal

Sesión Plenaria n.º 63

Celebrada o martes 22 de setembro de 1987

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto único (continuación):

Debate e votación da moción da censura presentada polos 22 Deputados adscritos ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para esixir responsabilidade política da Xunta, do seu Presidente e dos Conselleiros, que inclúe a D. Fernando González Laxe como candidato á Presidencia (núm. 7.828, pub. no BOPG núm. 171, do 16 de setembro de 1987).

(Continúa a Orde do Día no Diario de Sesións núm. 64, do mércores 23 de setembro de 1987).

SUMARIO

Reanúdase a Sesión ás cinco e dez minutos da tarde.

Debate e votación da moción de censura presentada polos 22 Deputados adscritos ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia para esixir responsabilidade política da Xunta, do seu Presidente e dos Conselleiros, que inclúe a D. Fernando González Laxe' como candidato á Presidencia (continuación)..... páx. 3987

Continuando co debate da moción de censura, o señor Presidente concédelle a palabra ó señor Vicepresidente da Xunta (Rajoy Brey). A seguir, fai uso da palabra o señor candidato á Presidencia, D. Fernando González Laxe.

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

O señor Presidente abre un turno de intervencións de Grupos Parlamentarios. Neste turno fan uso da palabra os señores Beiras Torrado (Grupo Parlamentario Mixto), Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto), González Mariñas (Grupo Parlamentario Mixto) e Barreiro Rivas (Grupo Parlamentario Coalición Galega).

O señor Presidente suspende a Sesión ata mañá ás dez e media.

Suspéndese a Sesión.

Eran as oito e media do serán.

Reanúdase a Sesión ás cinco e dez minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Señorías, continúa a Sesión.

Pode facer uso da palabra o señor Vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE DA XUNTA (Rajoy Brey): Señor Presidente, señores Diputados, el Grupo Socialista, ejerciendo un derecho democrático, constitucional y estatutario, ha presentado en esta Cámara una moción de censura, cuyo objetivo básico y fundamental es el de asumir la responsabilidad de este Gobierno en nuestra Comunidad y situar en consonancia con ese objetivo a su Portavoz Fernando González Laxe en la Presidencia de la Xunta de Galicia.

No estamos pues ante un clásico proceso de investidura, en el que, al estar vacante la Presidencia, un candidato presenta su programa con la intención de que éste sea apoyado por la Cámara. Estamos, por el contrario, ante una situación distinta en la que se censura un Gobierno explicando la razón por qué se hace y, a continuación, se presenta un programa alternativo. Y esa situación, la necesidad de explicar y criticar la acción del Gobierno, es lo que justifica la intervención del mismo en el debate que no tiene lugar, como todos ustedes saben, en el proceso de investidura clásico.

Ahora bien, en la intervención que ayer realizó en esta tribuna el señor González Laxe no hubo censura alguna de la acción del Gobierno. El señor González Laxe se limitó a mentar los tópicos clásicos. Habló de "inoperancia", de "incapacidad", de "rematar co desgoverno". Incluso dijo: "o pobo séntese estafado". Luego hablaremos, señor González Laxe, de este tema. Pero no especificó el candidato qué errores se habían cometido, qué se había hecho mal en materia de sanidad, en

materia de obras públicas, en materia de educación, en materia de transferencias, etc. Por tanto, yo no puedo contestarle a su censura, o, mejor dicho, yo no puedo contestarle a su no censura porque no la hizo. Alguien debió sugerirle moderación en su exposición, pienso que con buen tino, pero usted confundió la corrección con el no decir nada.

Me veo pues obligado, sin perjuicio de hacer también alguna referencia a nuestra no mencionada por usted acción de gobierno, a hablar de su programa de gobierno. Pero tampoco puedo hablar de programa de gobierno, porque lo que usted nos leyó ayer no era tal. Aquello era una especie de "Alicia en el país de las maravillas", que se podía resumir en un "vótenme ustedes a mí que yo lo voy a hacer muy bien."

Señor González Laxe: no puedo por lo tanto hablar de la censura porque no la hubo. Tampoco puedo hacerlo del programa de gobierno. Pero comprenderá usted que tampoco es cuestión de que yo abandone en este mismo momento la tribuna. Y por ello, con su permiso, y con el del señor Presidente, voy a formularle a usted una serie de preguntas para que ilustre a los señores Diputados y ellos puedan votar con conocimiento de causa. Y al tiempo haré algunas observaciones para convencer a los señores Diputados a efectos de que voten "no" a la moción de censura, porque estoy absolutamente seguro de que todos los Diputados de esta Cámara me van a oír y que no es cierto eso que recogen los medios de comunicación de que "aquí ya está todo atado y bien atado."

Señor González Laxe: vamos a hablar de lo que quiere oír la gente de la calle. Vamos a hablar de sus avales, de sus apoyos, de su programa y, sobre todo y particularmente, de cómo va a llevar a adelante su programa. Creo que eso es lo que le interesa a la gente de la calle y lo demás, lo que usted hizo ayer, no deja de ser más que

simple literatura.

Avales. Señor González Laxe: detrás de usted está un Partido de ámbito nacional, como el mío, que cuando asumió las responsabilidades de gobierno del Estado no supo dar respuesta a los problemas de la sociedad española y por tanto a los problemas de la sociedad gallega. Esa es, al menos, la opinión de don Senén Bernárdez, a quien traigo aquí a colación en su condición de gallego que intervino recientemente en un debate de censura en el Congreso de los Diputados.

Pero evidentemente vostede preguntame cales son os meus apoios, se me parece normal que me poidan apoiar--los Deputados de Coalición Galega, se me parece normal que me poidan apoiar non sei quen despois das palabras do señor Bernárdez, etc., cal vai se--lo meu Goberno, se un pode se--lo Vicepresidente ou non. Mire, aquí non hai nada nin atado nin ben atado, señor Raxoi, pode seguir intentándoo, déixolle vía libre para o que intente no día de hoxe e de mañá. Pero, de verdade, dígolle que as forzas políticas, asinantes dun importante acordo, están convencidas de que a solución é outra, esoutra non é con vostede. Polo tanto, déixolle de verdade esa posibilidade de que siga intentándoo porque ó mellor pode fructificar e, ó mellor, pode que vostede siga sentado nese mesmo sillón. Pero a min, de verdade, dáme pena que o país continúe polo camiño comenzou desde hai algún tempo, e xa é hora de que este país desperte do seu sono, como diría o noso himno, "fogar de Breogán", e ese despertar ten que producirse algún día, de acordo co resto das forzas, de acordo cunhas bases programáticas, e niso está cales son as esperanzas, a ilusión e todo o norte da nosa conducta.

Máis nada, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Suspéndese a Sesión durante vinte minutos.

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

O señor PRESIDENTE: Señorías, continúa a Sesión.

Intervención dos Grupos Parlamentarios. Peticións de palabra

(Pausa).

Pediron a palabra, e intervirán por esta orde, os señores Beiras, Nogueira, Olives, Barreiro, Sánchez Presedo e Vázquez Portomeñe.

Señor Beiras, pode intervir.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor Presidente, Señorías, un xenial surrealista francés dixera nunha ocasión que os homes eran algo así como ridículos piollos cegos de eternidade. A vista do que está a ocorrer hoxe aquí, a min cadraríame, e desde logo gustaríame, empezar dicindo: "eu non son desta parroquia". Pero non podoo. Alguén polo menos ten que falar en serio nesta Cámara hoxe. Ata agora non me parece que se fixese

Señorías dentro do conglomerado plurinacional que compón a base real da superestructura política coñecida como Estado Español, Galicia ocupa unha posición periférica, non xa no senso da xeografía física, senón no socioeconómico e no sociopolítico e sociocultural, que é o relevante desde logo para a dimensión política dos problemas.

Mais o aparello xurídico-político do Estado Español, a modalidade de inserción da nación galega, faina desempeñar obxectivamente a función dunha colonia interior. E tamén é a peculiar dunha colonia interior a problemática cardinal insita na súa propia estrutura social, nas diversas dimensións nas que elas se proxecta e plasma de xeito concreto: económica, de clases, cultural, idiomática e política.

Esa índole periférica e colonial non constitúe un feito nin sempiterno, nin arcaico, nin estático. A súa vixencia histórica agroma coa aparición do primeiro Estado moderno castelán--aragonés no século XV. Xéstase coa lentísima transición do feudalismo e do capitalismo no ámbito dese Estado e mais na configuración desa mesma

superestructura estatal. Consúmase a partir da definitiva implosión do desenvolvemento capitalista na segunda metade do XIX. E evoluciona morfoloxicamente nos seus caracteres accidentais ó longo das diversas fases sucesivas, mais non rectilíneamente xustapostas, na secuencia dese proceso de desenvolvemento ata hoxe.

Non se trata, polo tanto --reiterémolo--, dun feito arcaico, semipiterno, estático nin inmutable, mais abrangue a totalidade do período máis relevante para a xénese e a caracteroloxía da problemática política actual, desde o albor, --non o do señor doutor, senón o dos tempos modernos-- no contexto do renacemento europeo, ata o presente histórico que estamos a vivir, se cadra dramaticamente, se cadra frivolamente por parte de moitos.

Nese feito definidor por síntese do cerne da nosa identidade histórica e da nosa xenuinidade política arraigañan as raiceiras de tódolos fenómenos cardinais que constitúen problemas políticos de rango crucial e determinante para a nosa vida colectiva, para o noso benestar material e cultural e mais para o noso destino histórico de hoxe en diante.

Sen a inserción colonial e periférica de Galicia no Estado Español, non resultaría congruente nin se explicaría a vixencia actual da nosa estrutura peculiar de clases; o desartellamento interno do noso aparello productivo; da sistemática espoliación dos nosos recursos naturais e enerxéticos; das peculiares e endémicas formas de agresión vandálica ó equilibrio ecolóxico do noso entorno físico; da superexplotación combinada da nosa forza de traballo; da reducida proporción da modalidade do traballo asalariado e en cambio a inusitada magnitude do volume da forza de traballo simbiótica dentro do conxunto da poboación ocupada; da letal drenaxe de recursos financeiros por canles privadas e públicas; da emigración

endémica, só colapsada temporalmente por factores estrictamente esóxenos; do crecemento cara a fóra en que redundan as pulsacións motrices da economía nosa; da extraversion desda nosa base económica na esfera da produción; da inserción contra natura da nosa economía na división internacional do traballo no ámbito do Estado Español e alén del; da aberrante asimetría entre as nosas especializacións productivas potenciais e a realidade da nosa estrutura productiva e do noso comercio externo; da diglosia lingüística; do autodio no plano psicosocial; das formas esquizoides do comportamento político, tan, tan frecuentes nesta Cámara; da posesión exclusiva da inconfundible modalidade de clientelismo político denominada caciquismo; e da peculiar función obxectiva mesmo desda forma de intermediación política; e, en fin, ata da ameaza mesma de extinción como pobo.

A intencionadamente longa enumeración de fenómenos, que aínda así resulta fragmentada e incompleta, constitúe tan só unha mostra da variada sintomatoloxía social na que se fai manifesta metamorfoseada esa condición periférica colonial da nación galega.

Cando a "stultitia" dalgún político nos ameaza denigratoriamente en termos condicionais con asemellarnos a países africanos e terceiro mundistas, tomados como referencia pexorativa, mal sabe el na súa soberbia inconsciencia que terceiro mundo xa somos, e dos africanos negros só nos diferenciamos esencialmente na color física da pel, e só deixa de ser certo o carácter pexorativamente inculpatório da referencia admonitoria, non a realidade desda indentidade periférica e colonial como feito en si e nas súas consecuencias máis determinantes para a nosa problemática política. Con ese feito non abonda para explicalo todo, mais sen el non se explica ren.

Mais á propia vez sen explicar e comprender esa índole esencial do

noso ser social, non cabe, Señorías, actuar politicamente en Galicia con certeza e con eficacia progresista desde institucións de autogoberno real ou pretensamente tales.

No último decenio da nosa historia presente, a crise pola que atravesamos a economía capitalista e maila adhesión do Estado Español á CEE agravaron e metamorfosearon a un tempo e outra volta o feito e as consecuencias da nosa condición periférica e colonial. Agraváronse cualitativamente nos seus rasgos esenciais. Metamorfoseárona na faga dos seus caracteres accidentais. E fixérono así a un tempo porque coincidiron no mesmo período, que, ademais, resulta ser precisamente o aberto no punto de transición da "longa noite de pedra" de Celso Emilio que constituíu o rexime fascista español, á desencantada postmodernidade do rexime constitucional da actual restauración.

E fixérono así, outra volta, porque desde hai 200 anos, cando menos, cada paso cualitativo dunha fase a outra do desenrolo capitalista no ámbito do Estado Español leva suposto cadansúa agravación mutante dunha mesma e constante condición esencialmente periférica e colonial de Galicia. A crise, Señorías, non é un produto de xestación endóxena na economía galega, ¡madia leva!, senón enésima erupción dunha doenza conxénita no centro do sistema, e por algo a súa metástase xurdiu aquí cun desfase temporal de máis dun lustro respecto do seu brocho orixinario. Mais a súa incidencia nunha periferia subdesenvolvida como a galega manifestase cunha maior magnitude relativa e unha máis mortífera virulencia cualitativa respecto da dimensión efectiva do noso aparello productivo.

Sabido é que toda crise merecente de tal nome expresa unha reestructuración do capital e supón unha aceleración e mutación cualitativa no seu constante proceso de

concentración e centralización, de xeito que as súas consecuencias son sensiblemente diferentes na cabeceira das terminais da urdime estrutural do sistema, no centro e na periferia do conglomerado capitalista, sobre todo nestas dúas dimensións cruciais: o reparto das cuotas de poder socio-económico e socio-político e mailo modelo e resortes endóxenos do crecemento económico.

Se amais diso unha periferia ten que aturar-la incidencia da crise nesta fase de hexemonía do capital financeiro e dos centros lurdos de poder económico transnacionais, como é o caso que arestora lle cadra aturar a Galicia, a gravidade política do problema non precisa ser suliñada, resulta abondo ostensible de seu, nos seus termos globais e tamén nas mostras concretas e exemplificadoras dos seus desaprensivos métodos, que tamén están ben á vista arredor de nós.

Desde a ruína intencionada da única siderurxia non integral que recicla ferro vello e emprega enerxía eléctrica nun país sobrance de la en máis dun 50% da súa produción, como é SIDEGASA, ata a vandálica queima de montes por enigmáticos centros, se cadra foráneos, de poder oculto, que apostan a desertizar e substituír masas forestais de frondosas e de coníferas de febra longa por pirófitas especies de febra curta, máis acaídas ás novas preferencias tecnolóxicas industriais do ramo, mentres as poderosas sociedades opulentas do embigo do sistema reservan as limpas tecnoloxías de punta e a conservación de de fragas suntuarias para disfrute da postindustrial cultura do lecer polos seus privilexiados e polidos cidadáns espello de imbéciles para paifocos indíxenas periféricos que soñan con emitilos algún día que xamais chegará por ese camiño.

Por outra banda, a adhesión do Estado Español á CEE supuxo para Galicia, nos termos máis custosos

imaxinables, abén do puro delirio, a integración forzosa nunha estrutura superestatal que xa esta a inducir, en paradoxa só aparente, á desintegración máis gravosamente desvertebradora da nosa feble estrutura productiva e aniquiladora dos tateantes centros de decisión autóctonos que coubese imaxinar só hai aínda dúas décadas. Se para as camadas populares galegas todo isto equivale ó desterro no propio país sen sequera emigraren, para os sectores burgueses e empresariais que teñen o centro de gravidade e o espacio autóctono dos seus intereses e capitais dentro dos lindes da economía galega, supón, Señorías, a condena para seren axiña deglutidos e fagocitados ou, no mellor dos casos, enfeudados e máis levados a entraren obxectivamente en aberta contradicción coas instancias políticas, sexan institucionais ou partidarias, nas que sobrancean absolutamente os intereses hexemónicos dos seus propios devoradores e fagocitadores, pero nas que ata agora eles coidaban, e se cadra aínda coidan, estaren politicamente representados e teren politicamente instrumentalizada a defensa dos seus específicos intereses.

Eis, Señorías, ó modo de ver deste Deputado do BNG, as causas profundas da mal chamada crise de gobernabilidade que atravesa Galicia e dos epidérmicos sarabullos que inzan na pelexa do corpo político institucional e partidario galego. Mesmo se os máis dos seus protagonistas, sexan actores sociais ou cadros políticos, non teñen consciencia deles. Ei--los eixos cardinais da problemática política da Galicia de arestora. Eis, sobre todo, os focos xeradores dos problemas máis sobranceiros que as instancias políticas galegas teñen e ineludible obriga de formular, analizar e atallar, os problemas ante os cales as institucións políticas que se autoproclaman de autogoberno galego teñen que poñer a proba a veracidade desa autodenominación tanto no labor legislativo coma no executivo, os problemas fronte ós cales as forzas partida-

rias comprometidas para gobernaren teñen que poñer en disposición de ataque as súas baterías de traballos políticos e demostraren a fiabilidade dos seus programas.

O Goberno que aínda está hoxe formalmente no poder ten as baterías queimadas e descargadas. Programa, nunca o tivo. Malamente podería ser fiable sen sequera existir. Trátase dun Goberno que representa a última peza destas xornadas de teatro nas que consistiron as actuacións dos sucesivos Gobernos do señor Albor, desde que os perversos señores da REGA o embarcaron no embolado de presidir unha Xunta autoanémica de Alianza Popular, en vez de --con perdón e con licencias-- se cadra, unha directiva de aero--clube, mentres eles, por suposto, presidían choios moito máis confortables e sosegados, como Patronatos rosalianos, Consellos de inefables culturas galaicas, Delegacións de Goberno incivís ou Xefaturas rexionais de academias de policía. Esta peza derradeira das xornadas foi mesmamente "Agardando por Godot" de Samuel Beckett, como saben teatro do absurdo onde o haxa. Seino por Pancho Pillado, que a traducira e fóronlla pedir.

Escollendo tan enrevesado autor, non me extraña que don Mariano --agora ausente-- non dea aprendido o galego en nove meses, el que sacou tan noviño a oposición de Rexistros.

En novembro pasado, coa ocasión da crise de don Manuel --don Manuel Iglesias Corral, tamén ausente-- que a sacou a adiante polos pelos nesta Cámara --non do outro don Manuel, que leva tempo en crise permanente de obsolescencia como aparello productivo basco--, eu afirmei que aquel novo Goberno nacía morto e só faltaba saber canto tardaría en podreecer. Tardou nove meses xustos; o tempo usual de xestación dun parto, por aquilo tan galego do sarcasmo e mais do humor negro do Castelao de "Un ollo de vidro". Exactamente o tempo que o PSOE tardou en pari--la moción de

censura que o Bloque lle requirira de inmediato, xa daquela, en vez das bombonas de osíxeno con que acudiu en axuda do señor doutor, sarcasmo galego outra volta normal neste reino dos despropósitos.

Mais chegado este intre, vostedes, señores do PSOE, empeñáronse en entrar no xogo da Xunta de AP de converte--lo contido desta Sesión nunha pura e simple investidura. Esta táctica da Xunta era perfectamente lóxica ou perfectamente inútil. Lóxica porque centrando a atención do expectador na investidura do PSOE ocultaba o cerne do problema, un desgobierno propio censurable, e facía máis vulnerable ós epítetos descalificadores e disuasores ante unha opinión pública, sempre manipulada, o apoio ó enemigo de clase de Deputados procedentes de Coalición Popular.

Por certo, señores da Xunta, vostedes que tan asañadamente defenden a propiedade privada individual asómbreme que reivindiquen a colectivización das actas de Deputados a prol dos "koljoses" de Alianza Popular. Pero inútil, porque a persoas que acabaron ata o gorro de Alianza Popular, dos seus sucesivos e variados Presidentes e Vicepresidentes de Partidos, de Deputacións e de Xuntas, non ían vostedes disuadilos coa atribución desa palabra que se dixo antes aquí: felonía.

O señor Barreiro sabe moito latín e moito de feudalismo, que el viviu por dentro extemporaneamente nos últimos nove anos, e que xa dixo que non hai posible felonía sen vasalaxe e non hai vasalaxe se hai democracia, siloxismo en bárbara absolutamente irreprochable, anque dunha inxenuidade sorprendente nun home tan avisado.

Mais que a táctica de AP fose asumida polo seu antagonista aquí, o PSOE, resultaba desconcertante, porque aparentemente, señores do PSOE, vostedes non querían que os reflectores se centrasen no seu Partido senón na crise de desgob-

no da Xunta, nos responsables desa crise, e tamén nos que tiñan as claves dunha saída constructiva e que debían quedar en evidencia no caso de non usaren esa chave a prol de vostedes. Mais tal pretensión era falsa. Era unha pose, unha simulación. Desde que tiveron vostedes amarrados os acordos con Coalición Galega para o reparto do poder na Xunta e co señor Romero, tan zamorano el coma o señor Ruiz Fidalgo, non só non intentaron vostedes desvia--los reflectores do campo do PSOE senón que reclamaron a exclusiva.

Cando na Xunta de Portavoces a Presidencia do Parlamento lles fixo constar que a exposición e defensa desa moción podía facerse en dúas frases, e con dúas persoas distintas, vostedes quixeron acto único e cun só protagonista: o seu candidato. Por riba o candidato renunciou a facer expresa unha censura argumentada e, desde o comenzo ó final do seu discurso, adicouse a falar embarulladamente --laméntoo-- do seu aburrido programa de quimeras para vellos de asilo de anciáns con dous anos de vida por diante.

Escamotearon vostedes a moción de censura e formularon vostedes en exclusiva unha investidura "sub especie censorialis"; ós que viñemos aquí para contribuír a censurar un Goberno que, polo demais, merece tódalas censuras deste mundo, amais dalgunhas da propia divindade celestial na que eles cren, deixáronnos vostedes compostos e sen moza, é dicir, sen "partenaire", abocados a cargar nós sós quer coa carga do desgobierno actual, quer coa asunción do apoio exclusivo e explícito á investidura que algúns, cando menos, considerabamos, e seguimos a considerar, unha cuestión subsidiaria do que debía ser choio para xustificarmos estes días o noso xornal aquí nesta Cámara: o ben ou o mal que o levan feito o señor Albor e compañía.

Pois ben: o señor Albor e compañía lévano feito tan rematadamente mal que xa é un clamor abén os

Pireneos. Por primeira vez a Xunta de Galicia é famosa. Na Comunidade Económica Europea teñen claro que isto de Galicia é un choio perfecto; e van facer disto "mangas e capirotos" se aquí continúan Gobernos do tipo dos que houbo ata agora, do tipo que houbo ata agora en Madrid e do tipo (aí está a incógnita) dos que, se cadra, veñen desde agora en diante.

Diante desta situación, Señorías, en serio, despois de ver intervencións tan frívolas e cínicas coma a do señor Rajoy, que sempre foi tan serio nesta Cámara, e tan triste e tan irritable por cuestións nimias, e ante unha cuestión tan seria coma esta tómao en floreo verbal, despois de ver-la carencia desoladora de ideas, non do señor Laxe, do seu programa, senón do que un equipo de Goberno alternativo elaborou e plasmou nun papel, o BNG decidiuse esta mañá a presentar no Rexistro do Parlamento, cando menos, unha proposición de lei de bases para medidas urxentes de Goberno, que sería un programa de mínimos que xa nos gustaría que o Goberno alternativo asumise.

Iso será obxecto doutro debate nesta Cámara, pero conviría, señores do PSOE, señores de Alianza Popular, que lle fixesen unha lectura demorada, logo da contratación dunha pasantía para aprenderen a entendela.

Dito iso remato, de momento. Vai haber outros turnos, e daquela eu, por moi minoritario que sexa, vou ter tanto tempo, segundo o Regulamento, coma calquera dos outros intervinientes.

¿Lembran, Señorías, agás eses novos --benvidos sexan, non tiven ocasión aínda de decírllelo--, recordan a investidura do ano 1986, que rematei cunha cita dun poeta, non comprometido, que daquela lle brindara eu ó señor Barreiro, simplemente porque era Vicepresidente? Véxome abocado hoxe a face-la mesma cita que daquela. E o poema "penélope" de Díaz Castro. Coñéceno

todos. "Un paso adiante e outro atrás, Galicia, e a tea dos teus soños non se move, a esperanza nos teus ollos se esperguiza, aran os bois e chove".

A Xunta de AP converteu a política galega nun incendio constante. Onte vostedes trouxeron, cando menos, a choiva que apagou eses incendios que non foran capaces de apaga--las institucións. Hoxe ¡moito me temo!, recomenza a seca.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Pode facer uso da palabra o señor Nogueira.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, Señorías, votaremos afirmativamente esta moción de censura. E votaremos afirmativamente para pór fin, na medida dos nosos tres votos, a unha longa agonía sen loita. Nós cremos que é necesaria a mudanza de Goberno e somos conscientes de que o noso voto foi necesario. Pode ser hoxe innecesario, pero do que estamos absolutamente seguros é de que o noso voto, o anuncio do noso voto positivo, foi absolutamente necesario para que hoxe triunfe a moción de censura. Fixémo--lo posible, polo tanto, para que triunfase a moción de censura.

Aínda que somos distantes, absolutamente distantes a este Goberno, non somos indiferentes a que neste momento se mude democráticamente de Goberno en Galicia. Fronte ó Goberno resultante da moción de censura, se triunfa, seremos unha oposición leal e constructiva, como sempre fomos fronte ó Goberno do señor Fernández Albor, pero dura, firme e democrática cando sexa preciso en defensa do que nós crámo--los intereses do pobo galego.

Votaremos afirmativamente porque cremos profundamente no fracaso de Alianza Popular, e eu espero que sexa o fracaso da configuración clásica da dereita en Galicia. Re-

almente o fracaso de Alianza Popular foi unha morte anunciada, e este fracaso é debido, como dixemos moitas veces aquí, á carencia de programa e mesmo de competencia técnica. Foi o fracaso da carencia dunha certa idea de Galicia.

Mesmo contestando ás palabras de hoxe do señor Rajoy, foi tal o fracaso que está sumindo nun desprestixio crecente as propias institucións autonómicas. Se nós estamos en contra do Goberno de Alianza Popular é por isto, claro está, pero eu hoxe quixera resaltar moi especialmente o fracaso debido á debilidade. A debilidade do Goberno de Alianza Popular, unha debilidade fronte a Madrid, absolutamente desesperante para quen quixo facer nesta Cámara unha oposición que levase implícita a creación dunha alternativa de Goberno propia de Galicia. No último ano o Goberno, por boca do seu Vicepresidente --supoño que representando a todo el--, converteu esta debilidade, esta negociación débil, sempre perdendo, en programa e mesmo en teoría.

Unha debilidade tamén fronte ós poderes locais, uns poderes locais absolutamente inconscientes porque non se dan conta de que a modernización e rexurdimento da Nosa Terra pasa tamén polo estatuto interno de Galicia, é dicir, por unha nova e radical organización territorial que sexa ó mesmo tempo máis adecuada á tradición de Galicia, pero moito máis adecuada sobre todo ó próximo futuro. Uns poderes locais absolutamente inconscientes. A Xunta de Galicia foi débil fronte ós poderes locais representados polos Presidentes das Deputacións e por certos Alcaldes de grandes cidades que desprezaron as institucións autonómicas sen unha resposta apropiada do Goberno Galego.

Pero, claro está, non podemos esquecer que durante estes últimos seis anos gobernou en Galicia Alianza Popular, pero tamén o PSOE. Primeiro porque mantivo no Goberno Central o substancial do poder actuante hoxe en Galicia e, segundo,

porque a través da oposición o PSOE galego non fixo máis, durante estes anos, que ser eco das propostas do Goberno Central.

Hai moitas formas de facer oposición nesta Cámara, todas para min respetables, e quixera loxicamente resalta--lo que a min me parece a forma do PSG--Esquerda Galega e a do PSOE.

O PSG--Esquerda Galega, na súa modestia actual, quixo ter confianza na capacidade do noso pobo como un pobo europeo culturalmente capaz de ter unha prosperidade que hoxe non ten. Nós non cremos que a salvación veña de fóra, nin sequera a modernización. Nós non temos esa mensaxe e somos un país e un Partido desde logo absolutamente universalistas. Nós quixemos potenciar un poder político propio buscando mesmo a soberanía social onde se fundamenta ese poder político propio. Nós crimos sempre na validez do Estatuto para hoxe en día, como un valor histórico, e sempre defendímo--lo seu carácter expansivo, tal como está, e mesmo a súa reforma.

Nós, crendo que este Estatuto ten un carácter expansivo, mesmo propuxemos en solitario, infructuosamente, na pasada lexislatura, que o Presidente da Xunta de Galicia tivese a facultade de disolve--lo Parlamento. Tomen nota, señores de Alianza Popular; vostedes, coincidindo con tódolos Partidos sen excepción desta Cámara, rexeitaron esa proposta feita polo PSG--Esquerda Galega. Tomen nota, señores de Alianza Popular.

Nós, nesta Cámara, fixemos propostas con obxectivos económicos, sociais e culturais propios de Galicia, en todo caso contradictorios cos escollidos por Madrid, porque hai unha evidente contradicción, señores, entre a Nación Galega e o Estado Español. Como non recoñezamos esta contradicción non avanzaremos un só paso no autogoberno.

Nós por outra parte --e remato xa esta referencia ó noso Partido,

que pode pecar de inmodesta-- quixemos demostrar que había solucións de goberno alternativas a Alianza Popular, nacidas no propio seo da sociedade galega, e neste senso fixemos unha oposición, que antes denominei como dura e firme, a Alianza Popular, calificando o Goberno, facendo propostas continuas de oposición, mesmo presentando unha Moción de reprobación, que foi aprobada nesta Cámara, solicitando do Presidente da Xunta de Galicia que presentase a moción de confianza. Entre outras cousas, señor Presidente, para que algún Partido, por fin, se definise e demostrase no seu momento, a través dunha moción de confianza --que estaba nas súas mans--, se apoiaba ó Goberno ou pasaba definitivamente á oposición.

Pero fronte a esta forma de facer oposición houbo outra, que é a do PSOE. E cando digo isto, como cando fago a crítica a AP, non estou intentando en absoluto facer crítica de tipo persoal. O PSOE fixo unha oposición que foi a pura subordinación a Madrid, foi o eco do Goberno Central, e así desde Galicia non se fixo fronte ó Goberno Central cunha oposición como en Cataluña, nin se negociou con forza co Goberno Central como Andalucía. Así, por exemplo, o PSOE aquí defendeu sempre as posicións do Goberno Central na LOHAPA, na OTAN, na lingua, recorrendo a nosa Lei de Normalización polo propio Delegado do Goberno en Galicia, na reconversión naval, no sector lácteo, na Lei de Cultivos Mariños, señor Laxe.

Defendeu as posicións do Goberno Central nunha cuestión fundamental, que é o financiamento autonómico, e o financiamento autonómico creo que pode simbolizar no que é máis material, no que é máis fundamental, o acordo de principio que houbo aquí entre AP e o PSOE. Aínda hai pouco menos de quince días que se asinou o financiamento autonómico para 1988 sen que a opinión pública fose consciente diso, sendo totalmente negativo a pesar dos esforzos que fixo o noso Partido.

Aínda nesta Cámara moi recentemente se defendeu que a sanidade, o INSALUD, estaba mellor xestionado desde Madrid ca desde Santiago. Mesmo se puxeron sobre o tapete datos que así o revelaban. Mellor desde Madrid xestiona--la sanidade.

Permítanme, Señorías, que utilice só unha vez o método dialéctico. Fronte á tese de que é mellor goberna--lo INSALUD desde unha posición de dereita --Alianza Popular-- e a antítese de que é mellor goberna--lo INSALUD desde unha posición de esquerda madrileña, nós témo--la síntese constructiva de que é mellor goberna--la sanidade, como Galicia enteira, desde unha posición de esquerda e galega, obviamente nacionalista. Esa tese é constructiva. En cambio, a tese de que é mellor gobernar desde Madrid o INSALUD, ou calquera outra cousa, é desestabilizadora da autonomía galega. Eu creo que nisto poderemos concordar todos.

Pero por outra parte o PSOE, Señorías, e dígoo con afán de que se remedien as cuestións, ¿que fixo para que Galicia non fose ignorada nos grandes medios de comunicación que van unir dentro de pouco tódolos pobos europeos? ¿Que fixo para que o Plan chamado Nacional de Transporte Ferroviario se aplique no interior de Galicia? Non só para que desde Madrid a Vigo se tarde menos tempo, senón tamén para que se tarde menos tempo de Ferrol a Vigo, ou de Santiago a Lugo. ¿Que fixo o PSOE? Creo que nada. ¿Que fixo o PSOE para que as grandes autoestradas europeas, ou o camiño de ferro europeo pase por Galicia, ou para que estea en Galicia a rede de gas natural, ou para que os investimentos públicos en Galicia non fosen tan cativos como son?

Vou citar unha cifra. No Plan de Desenvolvemento chamado Rexional, da Xunta de Galicia, que espero que teña datos obxectivos, dise que a previsión de 1990, de investimentos públicos en Galicia, sería 167.000 millóns de pesetas. Pois ben, nas previsións dese Plan de

Desenvolvemento, que creo que está na CEE, hai 55.000 millóns de pesetas pola Comunidade Autónoma e só 8.700 millóns de pesetas de previsión polo Goberno Central. E evidentemente isto non significa que tódolos investimentos públicos sexan transferidos a Galicia, senón todo o contrario.

Presentada, polo tanto, a moción de censura, votaremos que si. Pero votaremos que si, claro está, a un Goberno de transición. O programa do candidato, por outra parte, señor González Laxe, así o revela. De tal forma o revela que tiñamos que preguntar se non se lle devolve o poder formal a quen detenta realmente --perdón pola redundancia-- o poder real. Por iso, señor González Laxe, vostede dixo onte que o seu programa supuña un xiro copernicano. Eu simplemente lle pido un respecto para Copérnico.

Este non será o Goberno que necesitamos. Cremos que é un Goberno aritmético, heteroxéneo e politicamente débil. Necesitamos un Goberno, cremos nós, defensor do autogoberno, progresista --o carácter democrático ninguén o dubida--, firme fronte a Madrid, e dialogante tamén, pero desde a contradicción. O seu programa, en cambio, é un programa electoral inconcreto. Nin sequer incorpora nel programas que puideron establecer en convenios co Goberno Central. Tiveron moitísimo tempo para obter eses convenios. Creo que Galicia necesita un programa elaborado dun xeito menos subordinado.

O programa necesita ter uns obxectivos claros, pero sobre todo eu quixera fundarme, para remata-la miña primeira intervención, nos medios, señor González Laxe, e máis concretamente no financiamento. E escollo o financiamento xustamente porque é a condición básica para que sexa posible executar un plan de Goberno, e ademais porque ese plan de financiamento do que carecemos permíteme facer unha crítica conxunta a Alianza Popular e ó PSOE.

Teño que lamentar aquí, ademais, e dígoo con rotundidade, que o Goberno Central, co acordo do PSOE, negociase coa Xunta de Galicia, en grave prexuício para a nosa Comunidade Autónoma, para a nosa nación, nos momentos de máis debilidade política da Xunta de Galicia con prexuício grave para toda a sociedade galega. Así pasou en novembro, se non recordo mal --ou en decembro--, do ano pasado e así acaba de pasar hai dez días como tivemos ocasión de coñecer.

Nós afirmamos que é posible, segundo o nivel de competencias que neste momento está recoñecido no Estatuto de Autonomía, mesmo no nivel de competencias limitativo con que se interpretan as transferencias, se fosemos tratados --permítame esta expresión-- simplemente como Andalucía, que neste momento Galicia podía dispor de 20.000 millóns de pesetas máis do que imos dispor para o ano próximo. O noso Partido proporía que fosen aplicados por partes iguais, en principio, para o plan de desenvolvemento de comarcas deprimidas, para un plan de desenvolvemento de comarcas en crise e para a creación de emprego, moi especialmente emprego xuvenil.

Polo tanto, nós cremos que hai que revisar ese acordo. Hai que revisar ese acordo para que Galicia teña un financiamento, como mínimo, idéntico ó de Andalucía e, en todo caso, non inferior ó de Cataluña, en función das necesidades que ten o noso pobo. Debemos ter un financiamento segundo a poboación e cumprindo, en todo caso, o déficit de servizos.

Vou dicirlles, para rematar, algo que é absolutamente rechamante. O Fondo de Compensación Interterritorial creado, se non me acordo mal, segundo o artigo 150 da Constitución --un cento cincuenta desde logo, establece que será creado, en principio, para atender unicamente ás Comunidades Autónomas máis desfavorecidas. Non foi así. E aplicado a tódalas Comunidades e

ademais é aplicado unicamente para os investimentos reais e non para os productivos. As dúas cousas son inconstitucionais.

Pois ben, para o ano próximo, mentres en Galicia queda estancado o financiamento segundo o FCI, en Cataluña incrementase no 37,2%. E, ¿por que se incrementa, Señorías? Incrementase porque Cataluña agora é un país de emigración, e como está freado un certo crecemento económico pola non necesidade da man de obra, pola mutación tecnolóxica, e algúns galegos e andaluces regresan á súa patria, resulta que cunha perversión absoluta da Constitución, nós temos que axudar a Cataluña e incrementase o Fondo de Compensación Interterritorial aplicado a Cataluña e, en cambio, permanece estancado o Fondo destinado a Galicia. Pero polo Fondo Nacional de Cooperación Municipal, tamén así chamado, Galicia, os municipios galegos, perden cada ano 4.000 millóns de pesetas. Estou dicindo, señores, cousas que son posibles en Galicia se Galicia ten un financiamento como o de Andalucía. Non estou pedindo a soberanía nacional de Galicia. Estou citando a discriminación evidente, e eu non son choromiqueiro. Defendo coa cabeza alta os dereitos do noso pobo sen ningún problema.

A Universidade foi transferida, por acordo entre o PSOE e o Goberno Galego, con 2.000 millóns de pesetas, como mínimo, menos da dotación de que debía vir acompañada. Tanto é así que a transferencia acordada o ano pasado non chega practicamente máis que para paga--lo persoal. 5.600, aproximadamente, millóns de pesetas. Segundo o FEDER Galicia recibe unicamente para competencias propias 4.000 millóns de pesetas neste ano, e non poden ser aplicados eses fondos á política de desenvolvemento productivo.

Non poden ser aplicados en contra da Constitución ou do Estatuto de Autonomía, como pasou co FCI, porque este Goberno, de acordo co PSOE, hai un ano acordou que toda a

competencia de política económica e social (e así se plasmaba no acordo de financiamento, cuestión gravísima porque pervirte o Estatuto de Autonomía e a propia Constitución), e polo tanto tódolos fondos para esa función decisiva no desenvolvemento, debían ficar nas mans do Goberno Central, pura e simplemente.

A Xunta de Galicia este ano tivo que endebedarse en 15.000 millóns de pesetas. Se seguimos así, en cinco anos perderemos (principal máis intereses) 100.000 millóns de pesetas. Son datos perfectamente comprobables, e eu espero a ver se este Goberno tamén se vai endebedar, demostrando que temos un mal financiamento, en 15.000 ou 20.000 millóns de pesetas, ou a ver se non fai nin sequera os investimentos que fixo a Xunta de Galicia de Alianza Popular.

Remato xa. Seremos oposición. Dicémoslle ó señor González Laxe que queremos que triunfe a súa moción e, o mesmo que lle dixemos ó señor Fernández Albor cando foi a crise en novembro, non deixaremos de facer propostas positivas, non lle daremos ningún respiro. Mañá mesmo empezaremos coa oposición. Preparamos, claro está, outra alternativa política, que nós interpretamos máis axeitada ás necesidades do noso pobo, e queremos unha maioría desá alternativa nacionalista e progresista.

Votámo--la moción pero estamos moi distantes do Goberno do PSOE, e para ilustrar isto permítame que cite un clásico: "O fin que en vencer nos propoñeremos non é face--lo mesmo cós vencidos".

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Señor González Mariñas, pode facer uso da palabra.

O señor GONZÁLEZ MARIÑAS: Señor Presidente, Señorías, o Partido Nacionalista Galego quere expoñer,

nesta primeira intervención --tentarei que sexa tan sintética como expresiva--, as razóns da súa posición política inequivocamente a prol da moción de censura que estamos a debater. Expoñe--la postura e deixar tamén constancia dunha visión nacionalista deste problema da nosa Comunidade Autónoma --non a única, pero indubidablemente unha máis-- por riba de tanta liorta, de tantos datos, probablemente de tantas alusións que configuran un debate desta natureza. Aínda que a penas citado, o Partido Nacionalista Galego é certo que ten unha posición política coherente neste debate da moción de censura, e coherente mesmo coa nosa propia orixe como Partido político a prol do exercicio, en Galicia, dunha política nacionalista e de progreso.

Desde hai cinco ou seis anos os galegos, calquera que sexa o grao de orientación do seu propio compromiso político, vivimos coa conciencia de que pouco avanzamos na construción do noso país. A máis grande riqueza potencial da Autonomía, esa posibilidade de organizar seria, eficaz, rigorosa e ata orgullosamente o noso país, parece estragarse, parece esvaírse día a día como o sedento ó que se lle escapa a auga entre as mans cando quere retela, e cando quere sacia--la necesidade dese autogoberno, tan vital para o noso país.

Esta é unha impresión, señor Presidente, sociolóxica xeneralizada, que conduce a unha parálise colectiva de conformismo e de desinterese. Eu tentaría dicir, graficamente, que se nun exercicio de disección anatómica do noso propio corpo colectivo de galegos metesémo--lo bisturí, atoparíamos moito tecido morto pero pouco nervio e pouco pulso vital neste momento en Galicia. De aí a dicir que o sistema non serve, que a Autonomía é inútil, hai un curto paso que os galegos, probablemente, están xa a dar nestes momentos.

Pero eu quero reflexionar acerca de que estes procesos mentais

colectivos non obedecen á pura espontaneidade social, e tampouco xorden impostos por forzas estranas ocultas, telúricas, e nin sequera, e moitísimo menos, por defectos xenéticos dos galegos. Hai algo máis, non é así. Hai algo que falla, e falla a dirección política, o sinalamento de obxectivos grandes, a profesión de valentía para encaralos, eu diría que ata a dose, absolutamente necesaria, de utopía para ilusionar un país en obxectivos de empresa en común.

Vostede, señor Albor, supoño, terá pensado moito nisto, moitas veces, neses momentos de vertixinosa soidade que din que produce sistematicamente o poder, acrecentados, probablemente, no seu caso, polo abandono no que o ten desde hai tempo o seu propio Partido. Coido que terá pensado niso. Pero eu teño que dicir que, no meu modo de ver, vostede non intentou sequera ese grande obxectivo, ou se o fixo desde logo non o acadou.

A vostedes non os derruba a oposición. Esta é unha opinión non ofensiva, é unha opinión sincera, e desde logo creo que descritiva: o señor Albor demitiu xa hai tempo das súas responsabilidades persoalmente, e colectivamente no seu Partido nin sequera ten a confianza dos que probablemente axudaron a levantalo. Polo tanto, estamos nun proceso puramente biolóxico, de bioloxía política, e penso que hai que aceptalo como tal. A moción de censura simplemente transforma a potencia en acto; un acto de evidente transcendencia política, transcendencia xurídica.

Eu diríalle, señor Albor, que ás veces un, grande ou pequeno, isto é o de menos, non se pode sobrepoñer á Historia. E imposible. Pero non todo é puro determinismo; vostedes axudaron moito ó destino, moito. Da falta de dirección política dan boa fe eses decretos da fin do pasado ano, onde vostede delegaba practicamente tódalas súas funcións de dirección e coordinación política, que constitúen o

cerne do seu cargo, converténdoo nunha cousa que realmente non era unha Xefatura de Goberno.

E da falta da boa gobernación, da falta desta gobernación colectiva que require un auténtico goberno dunha Comunidade Autónoma, sen facer un catálogo innecesario, dá indubidablemente fe a situación actual. Galicia é unha das Comunidades, neste momento, con máis alto crecemento do IPC, onde máis está medrando o paro, onde se levaron a cabo, consentidamente, máis drásticas reconversións, onde a reindustrialización está tendo máis curtos e cativos resultados, onde menos medra a renda "per capita" e a calidade de vida. Mesmo nas últimas estadísticas as nosas grandes cidades galegas están no furgón de cola. E onde máis crece a poboación agrícola e --onde o dato creo que resulta terriblemente elocuente-- diminúe, pola contra, a produción final agraria. Isto é abraiante. Case un 6% anual, polo visto, se as estadísticas non menten.

Esta é a realidade que a nós, como nacionalistas, nos preocupa. Esa é a realidade que contemplamos, esa é a realidade cruel que se nos impón e que hai que cambiar. Porque fronte a todo isto, señores do Goberno, fronte a este panorama, a actitude goberamental é certo que se veu reducindo, creo que cunha estratexia --os feitos así o demostran-- errónea, á procura de maiorías de apoio mecánico parlamentario co simple obxectivo de permanecer, de perdurar. Non se afronta a formulación dun programa que puidese realmente concitar--lo apoio colaborador doutros grupos, gañar estabilidade por coherencia, por eficacia, por actividade política.

Non se fai isto e o resultado é que vostedes desgovernan exactamente igual con apoio parlamentario de 34 Deputados, de 40 Deputados, de 19 Deputados ou de 30 Deputados, que creo que son os que neste momento respaldan o Goberno. O problema, obviamente, non era ese. Non se procura formular un marco de ob-

xectivos políticos, desaténdense o artellamento institucional da Comunidade Autónoma, o Plan de Desenvolvemento Rexional convértese nun documento baleiro, ó que se lle dan as costas desde os propios Presupostos que elaboran vostedes tódolos anos. Non se avanza no entendemento global de Galicia económica, política e socialmente, e cada un dos poderes territoriais da nosa Comunidade leva a súa vida, cada un polo seu lado.

Transíxese cunha financiación por afán de permanecer tamén. A Administración non é eficaz, e pouco a pouco os grandes problemas deste país non son xa obxectivos do Goberno.

Todo o básico, entendo, está pendente. Hai que traballar aínda, señores do Goberno, por completar dunha vez o entramado institucional da nosa Autonomía. Aínda está orfa de entidades absolutamente básicas no eido consultivo, na participación política dos galegos fóra de Galicia, na xusticia, na garantía dos dereitos, no eido económico e social, no cultural. ¿Que pasa co fondo cultural galego, cos órganos de control?, ¿que pasa co Consello de Contas? Hai aínda que seguir traballando por completa--lo proceso de transferencias e a asunción de servicios, que quixeron vostedes levar en exclusiva, e incrementar esas competencias nalgúns eidos. E sobre todo hai que poder financiarlas como é debido, e xa falei do tema da financiación.

Hai aínda que encarar, dunha vez por todas, a organización político--territorial de Galicia, ámbito no que o balance dos seus Gobernos, señor Albor, creo que se reduce a ese "mons parturit" daquel proxecto xa antigo que nada dicía e que tiveron que retirar desta Cámara.

E aínda a estas alturas hai que organizar unha Administración Autónoma operativa, eficaz, lonxe de esquemas puramente centralistas, propios do modelo centralista. E

unha función pública galega que nin sequera ten aínda a súa propia lei, e que se atopa desilusionada, sen directrices, e lastrada por vicios de orixe dos que os funcionarios non son, desde logo, culpables.

E aínda hai que lle dar ó país un marco de actuación económica que permita unha dinamización e uns investimentos realmente orientados, con garantías de seguridade, función que, evidentemente, o actual Plan de Desenvolvemento Rexional non cumpre pola súa vaguidade extrema, ou polo seu incumprimento sistemático dos Presupostos anuais.

E hai aínda que facer un esforzo ímprobo de conxunto no eido cultural e de normalización lingüística, leis que tampouco vostedes presentaron nesta Cámara, como non presentaron a lei de coordinación das Deputacións, nin o Valedor do Pobo, nin a de xuventude, que están sen embargo hoxe no ámbito xurídico da nosa Comunidade.

Nestes seis campos, señor Albor, institucións autonómicas, transferencias, organización territorial, Administración e función pública, marco económico, cultura e lingua galega, o resultado é realmente cativo. Seguimos a ter un país desartellado sen proxecto de conxunto, e sen resolver sequera eses temas básicos e estruturais para empezar a cambiar.

Este é para nós, para o Partido Nacionalista Galego, desde a nosa visión nacionalista, a grande responsabilidade dos seus Gobernos. Non encara--los grandes temas, nin os citados nin a Universidade, o modelo universitario, nin o fondo cultural galego, nin tantos outros.

E dicimos isto, e queremos dicir hoxe, que é un día importante para a vida de Galicia e para a vida desta Cámara, por riba dos seus incumprimentos grandes ou miúdos en temas sectoriais, por riba das discutidas porcentaxes de execución de investimentos e da súa rentabilidade, por riba mesmo da boa vontade

das intencións. Hai que pasar por riba de todo iso.

Grandes responsabilidades, dicía, porque aí, nesa cuestión de empezar a ter un país estruturado, forte na súa conciencia de tal, na súa organización e representación política, de aí, señor Albor, é de onde pode saír unha Galicia distinta con proxección de futuro que desenvolva as súas capacidades, e que poida defender bravamente os seus intereses en tódolos foros políticos e económicos. Non intentalo sequera, para nós, para o Partido Nacionalista Galego, eu diría que é o máis censurable de toda a súa actuación política.

Nós sabemos que a política é sempre lábil e prolífica en situacións complexas e opinables, que é complexa tamén en prioridades, das que se pode discrepar, que é realmente discutible tamén calquera priorización que se faga de obxectivos sectoriais. Pero do que non se pode discrepar é da necesidade inescusable de contar con este soporte elemental para construír desde aí un desenvolvemento rigoroso e eficaz do noso país. A inacción nestes ámbitos, señores do Goberno, o conformismo mineral dos seus Gobernos, señor Albor, creo que, realmente, son o máis censurable.

Eu comprendo que para isto se require, señor Presidente, dirección firme e programa de goberno. Ser e ter sentido último na política, non simplemente estar. Esa diferenza entre ser e estar de que carecen, ou que non existe noutras linguas, e que está, sen embargo, e é tan expresiva na nosa. Isto é o máis importante porque, aínda que pareza contradictorio, non hai nada tan inestable como aquilo que non se move, aquilo que non avanza, mentres o contexto que nos arrodea leva un ritmo case febril de actividade. Estar parado mentres os demais avanzan febrilmente é estar dobremente paralizado.

E quero rematar nesta primeira intervención. A vostede, señor Al-

bor, diríalle que é un galego dobremente privilexiado, porque é realmente un privilexio grande que a vida lle proporcione a un home unha posibilidade de contribuír, desde a máis alta maxistratura do seu país e cun equipo de traballo, a construí-lo seu país. Pero dobremente privilexiado, señor Albor, porque a vida brindoulle a vostede dúas posibilidades xa, dúas oportunidades de facelo, e, teño que dicilo, vostede delegou ás veces, é certo, en persoas de indiscutible dignidade e calidade humana, como é o señor Rajoy; pero sempre delegou.

Remato xa. O Partido Nacionalista Galego está convencido, por riba das trapalladas, ou dicíndoo de maneira máis fina, por riba da fértil conflictividade que matiza a intrahistoria da vida política galega, de que hai que rachar con esta situación, e que isto é positivo, que é inequivocamente bo para Galicia. Hai que ter un marco amplo de referencia política, económica e executiva, de obxectivos claros, tecnificados, de programa dun Goberno estable e eficaz. E que os nacionalistas, que este é o noso desexo, poidamos traballar arreo para afondar neses seis temas que lle sulíñaba, neses seis obxectivos prioritarios e básicos. Contribuír, en fin, señores do Goberno, a facer aquilo ó que vostedes renunciaron: empezar a construír Galicia como país.

Gracias.

O señor PRESIDENTE: Señor Barreiro Rivas, ten a palabra.

O señor BARREIRO RIVAS: Señor Presidente, señora e señores Deputados.

Terá que comenzar, necesariamente, a miña exposición agradecéndolle ó Grupo Parlamentario de Coalición Galega o feito de permitirme ser Portavoz nesta Sesión, na que pretendo empezar por asumir honrosamente, valente e publicamente a miña

soamente aparente contradicción.

Quizais sería bo recordar que xa Hegel algún día expuxo claramente que só a través dun establecemento dunha primeira verdade inicial, e dun proceso de descubrimento das contradicións que ela mesma conleva, se pode establece-la síntese a través da cal un pretende servir, da mellor maneira que sabe e pode, os intereses de Galicia.

Tócame, por outra parte, se-lo centro do debate --no senso, como é lóxico, puramente temporal, pois actuaron xa dous Grupos Parlamentarios e aínda van actuar outros dous--, e pretendo, por tanto, introducir algúns dos aspectos que non vai ser posible deixar fuxir da miña intervención, e que terán que ver moito con actuacións e sensos persoais, pero que tratan de acadalo máis grande sentido político da explicación necesaria do acontecemento que hoxe remata nesta Sesión do Parlamento Galego.

E a miña historia empeza nun país. Un país de campos verdes, deitado cara ás augas do Atlántico, rente ó mar. Un país que cobren frecuentemente as brétemas no inverno e no verán, e que perde moitas veces a visión das súas fermosas paisaxes. Un país no que houbo un político --penso eu que importante--, que un día cambiou de Partido porque un día cambiou de idea e un día cambiou de estratexia. A partir de entón foi acusado de felón e traidor. A estas alturas a maioría de vostedes xa saben a que país me estou referindo. Probablemente o señor Rajoy pense que me estou referindo a algún país de Africa, pero tódolos demais saben perfectamente que me refiro a Inglaterra. (Risos).

En Inglaterra estaba Churchill, este político importante, e Churchill cambiou de Partido. Pasou do Partido Liberal ó Partido conservador, e alguén se escandalizou un día de semellante postura, e increpándoo por tal actitude escoitou del, probablemente, a máis impor-

tante resposta e verdade que neste momento se pode pronunciar: "As veces é necesario cambiar de Partido para poder seguir defendendo as mesmas ideas."

Por certo, señor Beiras, que hoxe alguén dicía que iso de felonía parece que non é latín, que é, ó parecer, celta. E o mesmo; en todo caso parece que segue sendo a mesma cousa.

Extrañábase vostede de que a miña argumentación en tal xeito fose feita o outro día inxenuamente cun siloxismo en bárbara. Os mesmos siloxismos en bárbara, e segundo a lóxica tradicional, aféctaos un principio xeral que anunciaba que "pejorem semper sequitor conclusio partem", mesmo nos siloxismos en bárbara. E eu, facendo neste momento unha falaz interpretación de tal adaxio latino da lóxica tradicional, quero dicir que non me importa se--lo peor se ó final a conclusión do siloxismo acaba seguindo a peor parte.

Neste momento hai que expresala fidelidade, evidentemente, fidelidade que ten que establecerse ás persoas. E as persoas son todas as xentes que viven en Galicia non simplemente vendo pasa--lo acontecemento como se o acontecemento que pasase non fose o seu propio vivir e o seu propio quefacer de nación eterna.

Fidelidade ás ideas que están alén das estruturas. Non se pode ser fiel ás estruturas, que moitas veces cambian, desaparecen e mutan. E eu seino perfectamente porque ata agora, a pesar de militar --durante, paréceme recordar, oito, nove ou dez anos-- en Alianza Popular, non tiven a honra de concorrer dúas veces ás eleccións baixo a mesma estrutura partidaria. Unhas veces fun como Alianza Popular, outras veces como Coalición Democrática, outras veces como Coalición Popular, etc., e sempre crin seguir mantendo as mesmas ideas.

Naturalmente, fidelidade a unha

terra pola que neste momento estamos traballando todos, os que son censurados e os que censuran, como noutro tempo traballabámo--los que facíamo--los discursos de investidura, os que os pronunciaban e os que arreo os criticaban, case case cos mesmos argumentos que hoxe se están expoñendo aquí.

Naturalmente, fidelidade a un mesmo. Sería absolutamente absurdo que neste momento os Deputados esquecese que tras todo mandato está o principal mandato que se lle dá a un Deputado: doulle a vostede este voto para que discorra. Creo que, evidentemente, é o mínimo que pode esixi--lo cidadán que vota a un Deputado. Non estamos aquí diante dunha sociedade anónima que está administrada por forzas extranxeiras, estamos aquí Deputados para discorrer persoalmente, e coa nosa conciencia persoal responder da misión que se nos dá. E a misión que se nos dá neste momento non pode ser outra cá de revolucionar --se é necesario dicilo así-- as estruturas dunha Galicia que neste momento leva por diante o seu enraizamento institucional do que significan as súas estruturas políticas para prepararse a lle facer fronte ó reto que esa mesma institucionalidade lle pon.

Polo tanto, nese senso, temos que ser conscientes de que neste momento non estamos nin nunha batalla persoal nin nunha batalla partidaria. Estamos diante de dous conceptos políticos e mesmo de dous conceptos da política. Eu entendo que Galicia se debate nunha fonda loita entre o pasado e o futuro, e cando terminan as loitas normalmente os xefes --e o pobo neste caso é o xefe-- deben pasar revista. E cando se pasa revista despois dunha batalla, é exactamente ó revés de cando se pasa revista nos cuarteis. Son precisamente os que teñen as botas limpas, os que teñen colares inmaculados e ben pranchados, os que non levan rachóns no vestido e os que non levan, sobre todo, rachóns no coiro, os que son condenados, porque en tempos de loita o

que se necesita, precisamente, é saír coas roupas rotas, saír cos vestidos sucios, baixar á area onde, lamentablemente, as diferencias, as paixóns, os intereses, van describindo a política e van describindo, necesariamente, tamén a forma en que a ela temos que enfrontarnos, coas nosas ideas, coa nosa posibilidade de equivocarnos.

Os Deputados, por outra parte, non representan ós seus electores, e vouno dicir isto con toda a expresión clarísima do que iso significa. Cando digo ós seus electores, naturalmente, refírome ós que os votaron a eles; representan ós electores do seu distrito. Cada vez que un señor está dicindo que hai 160.000 votos, ou 130 --algúns xa llelos devolvemos con don Ildefonso, xa só nos queda unha pequena parte por devolver--, cando estamos falando de que hai tantos ou cantos votos, estamos sentando a teoría do caciquismo en democracia, é dicir, cada un goberna en función dos intereses dos seus electores, e en función do mandato dos electores, o cal non é verdade, e o cal, probablemente, explicaría moitísimo da crise política e institucional que neste momento en Galicia está presente.

Non estamos servindo un electorado directo, senón que estamos servindo o electorado xeral. E o electorado xeral, o de esquerdas e o de dereitas, está preocupado neste momento, e o de extrema esquerda e o nacionalismo está preocupado neste intre polo que está pasando coa dereita, nacionalista ou non, en Galicia, e cal vai se--lo futuro artellamento, a posibilidade de artellar unha política que non estea volvendo en cada elección sobre os seus propios comenzos, reiniciando, cal unha tea de Penélope, ese camiño cara ó futuro, ó que, polo tanto, nunca se chega.

Sabíao moi ben --e con isto agradezo a cita-- o ilustre xurista don Mariano Rajoy. Cítoos como ilustre xurista porque estamos falando nos tempos en que, polo ano 1983,

sendo el Secretario desta Cámara, acudía a unhas Xornadas de Parlamentos convocadas polos Parlamentos rexionais en Murcia. O señor Rajoy mostrábase enormemente preocupado por dúas cuestións fundamentais; unha, o posible roce de inconstitucionalidade, ¡fíxense vostedes!, do Regulamento do Parlamento de Galicia, que impedía que os Deputados cambiasen de Grupo Parlamentario, se non era cara ó Mixto.

Naquel momento Alianza Popular, e temos que recoñecelo así, se algunha cousa ansiaba, é que os Deputados de UCD que ían recalar en Alianza Popular non tivesen que facer escala no Grupo Mixto.

Por outra parte, naturalmente, preocupábase --pero neste senso xa non dubidaba, senón que afirmaba tallantemente-- de que se o Deputado, como algunhas leis parecían querer establecer --dicía el-- por algunhas cousas ouvidas nalgúns Parlamentos, acababa pertencendo á íntima e total disciplina do seu propio Partido, perdíase a condición de Deputado democrático, segundo o seu criterio, e, polo tanto, estíbese diante dunha democracia orgánica, dalgún xeito, aínda que estes órganos fosen os propios Grupos Parlamentarios.

Contestaba naquel momento o señor Pérez Serrano, Letrado das Cortes. E contestaba, entre outras cousas, que soamente hai un país, Portugal, que ten un mandato imperativo ó Deputado en función do seu propio Partido. E dicía que, ó parecer, en Checoslovaquia, houbera unha experiencia aló polos anos 20 pero que xa se abandonou.

En tódolos demais sitios está absolutamente claro que o Deputado é quen ten que responder dos seus propios criterios, da súa propia conciencia e do que pensa sobre o futuro do país.

Un --estano dicindo ultimamente-- debeu ser revolucionario pola súa xuventude, e eu empezaba a miña carreira (a miña primeira carreira)

polo ano 68. No ano 68 puxérase de moda un dito, e cando non se sabe de onde veñen os ditos sempre se di que veñen da China. Este tamén debeu vir da China. O dito dicía aquilo de que cando un dedo sinala a lua, os imbéciles miran sempre cara ó dedo. Neste momento en Galicia hai un dedo que está sinalando a crise necesaria para facer xurdi-la estrutura precisa para levar a adiante a conciencia nacional que temos todos do que ten que ser Galicia. E neste momento tamén vemos abraiaados como a opinión pública enteira está sendo conducida, aínda que penso que non enganada, con intención de que mire cara ó dedo. E non é o dedo, non é o transvase de Deputados o problema neste momento. O problema neste momento segue sendo o mesmo: hai que crear unha estrutura, non soamente para gobernar, senón para gobernar Galicia con criterios propios. E iso é o que neste momento se está debatendo.

Asumo, como Portavoz de Coalición Galega, a contradicción que significa neste momento o discurso de investidura pronunciado por min, entón como Portavoz do Grupo Popular, e polo Portavoz de Coalición Galega, en relación coa intervención do entón Deputado, e non candidato á Presidencia da Xunta, señor González Laxe. Don Mariano Rajoy tivo hoxe o bo acerto de citarme. Non de citarme, senón de lerme textualmente, e comprobei cun certo orgullo dúas cousas.

Primeira. O Grupo Popular estaba ben defendido no discurso de investidura.

Segunda. As únicas palabras que ata agora se verteron en defensa da persoa, e amigo, o Presidente da Xunta, foron as pronunciadas por primeira e única vez pola miña boca, e eu agradézolle que as únicas palabras de consolo citadas hoxe en favor da súa persoa, que cumpre un importantísimo proceso de creación das institucións galegas, fosen xustamente as miñas, das que eu non desdigo practicamente ningunha.

Tamén recordo, claro está, que o señor Laxe lle contestou cunha frase de Marx. E a min aquela frase bateume na testa continuamente por dúas cuestións: unha, porque se lle ocorrera a el e non a min dicila; outra, porque o Marx era Groucho, o que parece que lle quita un pouco de seriedade á cuestión, pero eu creo que é unha cuestión que ten que ser un pouco vello e norte dos partidos políticos: "ás veces vaíse de victoria en victoria ata a derrota final". A min desde aquel punto quedoume claramente establecido que era a última victoria que se podía disimular como tal. Desde entón aparecería o noso propio proceso interno, que hoxe remata neste momento.

Neste momento tamén hai que asumir-lo proceso clarificador da controversia galega, da que eu fun unha parte fronte á propia Coalición Galega, e creo que nese senso se produciu un período clarificador que a min me permitiu hoxe rectificar claramente, e pasar a unhas fi-las que creo, a pesar de tódolos erros, a pesar de tódalas indefinicións e a pesar de tódolos problemas, que acertaron coa idea fundamental de que hai que poñer en pé Galicia.

Non sei se hai que definir un nacionalismo máis ou menos profundo, non sei se hai que recorrer máis á historia ou máis ó futuro; o que si sei é unha cousa clara: que hai que toma--las decisións en Galicia, e non se pode pedir permiso para corre--los últimos metros da carreira cada vez que se está competindo. Polo tanto, asumo claramente iso.

E tamén hai que asumir-la renuncia a unha estratexia descentralizadora dos Partidos nacionais, e pola contra crear unha estratexia de coordinación de Partidos nacionalistas en prol da gobernabilidade do Estado e en prol da participación nos intereses de Europa.

Iso significa unha rectificación en favor dunha forza galeguis-

ta que, neste momento, pretende mante--los seus criterios de identidade, coa terra, e de identidade sobre todo, que nos leve a entender que existe Galicia como nación con sistema político de democracia parlamentaria, pechado en si mesmo, que necesita que tamén as súas forzas políticas teñan a estrutura e a capacidade para poder responder deste xeito a ese reto importantísimo.

Polo tanto, neste momento, temos que saber que se aquí existen leis, Goberno, Parlamento, se existirá no seu día o Tribunal Superior de Xusticia, Consellos de Contas, e tódalas institucións que pechan un sistema orgánico total de democracia parlamentaria, isto non pode funcionar se non existen Partidos políticos que non funcionen ó dictado de Madrid, e onte tivemos ocasións de oír quen defendía, xustamente en contra, neste caso, da miña propia persoa, que son os dictados de Madrid o supremo índice da fidelidade e da conciencia persoal.

¿Que pasou en Galicia? Non vale con dici--lo que dixo o señor Iglesias Corral, que case sempre di moi ben as cousas, e sobre todo que aínda non as di mellor. E en Galicia non só pasou o que pasou, senón que pasou o que agora está rematando de pasar. En Galicia fixo fonda e profunda crise, ou fixeron fonda e profunda crise dúas cousas. Por unha parte, fixo crise unha forma de gobernar, forma de gobernar que durante un tempo puido ser suprida e disimulada porque estabamos en grandes obxectivos de rexurdimento da Administración, da conciencia e das institucións rexionais. E, sobre todo, porque tiñamos vigoroso o sentimento que, entre toda acción institucional, supón por unha parte o Goberno, e por outra parte a estrutura política básica a través da cal se está funcionando.

En Galicia fixo crise, digo, primeiro o Goberno, crise que se agravou na segunda lexislatura con referencias á primeira, pero, sobre todo, fixo crise outro problema

moito máis grande: fixo crise a propia estrutura do centro--dereita gobernante, que nada menos que ó principio da lexislatura anuncia que queda roto o sistema que se creara a través das eleccións, sistema creado artificialmente, por certo, porque fora creado en Madrid e exportado aquí cando non nos facía falla. Foi roto en Madrid e traída a rotura aquí cando non nos facía falla. Polo tanto, roto ese sistema, non vale pecha--los ollos e dicir: "imos continuar gobernando porque podemos", porque a filosofía dun Goberno non é gobernar mentres pode senón mentres debe. E eu digo que non hai posibilidade de gobernar se non se sabe cara a onde, exactamente, se quere ir, frase por certo dun filósofo que tamén cómpre hoxe citar, Shopenhauer, que dixo un día que "non hai ventos favorables xamais para quen non sabe a que porto se dirixe".

A Coalición Popular está zozobrando nunha profundísima brétema e nunha profundísima tempestade. ¿Por que? Porque a Coalición Popular --e non o digo agora, díxeno, e tiveron tódolos Deputads ocasión de escoitarmos, antes da miña demisión--, fragmentada, tiña necesariamente unha obriga: ou reconstruí--las súas posicións políticas, e polo tanto transcendía desde ela mesma as súas posicións cara á seguinte lexislatura nun proxecto galego, sistematicamente galego, controlado por nós mesmos, e respondendo del nós mesmos, ou se esperabamos ás eleccións para recompoñelo, ou que cada un o recompuxese por onde quixese e coa forma que quixese, o electorado non podería facer outra cousa que extendernos un simple certificado de defunción e pasar irresponsablemente --irresponsablemente quere dicir inutilmente-- o poder a outros Partidos adversarios en política, ou deixar, en todo caso, aberta unha nova crise institucional que se prolongaría case indefinidamente cara á próxima lexislatura.

Isto, naturalmente, pode haber quen o acepte. Pode haber quen

acepte que, pillado un trozo de Goberno, hai que aguantalo mentres dure e despois xa veremos.

Pero eu creo que isto non é cuestión de política interna. Cando o que está en crise é un pé enteiro da democracia nas súas institucións partidarias, estamos nunha crise total. E esa crise total acaba paralizándoo, pouco a pouco, primeiro o propio Goberno, despois a propia Administración, despois exténdese ás institucións parlamentarias, e despois acaba malamente cunha solución de emerxencia, cando o que se puido facer foi conducir sistemática e lisamente os acontecementos políticos. En política --e esta máxima é miña, apúntena por se a algún lle interesa-- é malo todo o que sucede e está bastante ben todo o que se fai.

Non se pode esperar a que as cousas vaian acontecendo; ou se conducen ou a condución final non pode ser a outro lugar que á propia sepultura. Sepultura naturalmente política, claro.

Señor Presidente da Xunta, probablemente son eu o galego que máis terá que contar coa súa persoa para relata--la miña propia historia. Xa non será posible que eu lles conte quen fun, bo ou malo, ós meus fillos ou ós meus netos sen que eu o mencionei a vostede. Sei perfectamente a parte importante de deber que teña con vostede pola creación e pola contribución que vostede fixo, pola decisión persoal que vostede tivo de facer de min --algúns din que un amanuense da política, eu diría que a moita honra-- un político que forma parte do entramado institucional, xa, de Galicia. Probablemente poucos saben o enorme esforzo que tivemos que facer para orientar, polas vías que o fixemos, unhas institucións; unha formulación fronte á cultura e ós signos de identidade de Galicia, especialmente a lingua; unha formulación diante dos medios de comunicación; e unha formulación diante da propia Administración Autonómica, como nós fixemos. Probablemente tamén poucos

saiban que algunhas batallas as perdemos estrondosamente, como por exemplo a da Administración periférica, fronte ó poder prepotente das Deputacións, que non nos deixaron desenvolver, nin minimamente, os esquemas entón establecidos.

Pero, en todo caso, señor Presidente, eu recoñezo que o seu Goberno non foi durante moito tempo tan malo. Non podería facelo doutra maneira, evidentemente. Neste caso estouno defendendo a vostede e, egoistamente tamén, estoume defendendo a min mesmo.

E cando o señor Rajoy citaba moitas das realizacións dese Goberno, sentíame identificado con elas e vías cun evidente orgullo. Pero despois rematou a nosa etapa, porque a nosa etapa empezaba a ter dous grandes problemas: a dificultade da xestión empezaba a ser crecente, e a dificultade política empezaba a ser afogante. Tan afogante foi que nos afogou ós dous.

Naquel intre eu, probablemente, non souben explicar ben que vostede e mais eu estabamos sendo instrumentos da mesma política centralizadora. Naquel intre, probablemente, eu non souben explicar que o que se viña encima non era ningunha crise persoal, ningunha loita persoal, senón que, pola contra, era que o barco no que os dous estabamos viaxando, un de mestre e outro de contramestre --que, ó contrario do que dicía o humorista, non é o que lle leva a contraria ó mestre-- e eu non llo souben explicar, facía auga e que non se trataba nin de pintalo nin de remoza--la tripulación, nin de nada de nada, senón que se trataba --e cito tamén unha frase-- de que cando estaba a punto de perderse unha posibilidade de singradura, soamente quen foxe dela pode empeza--la seguinte. Ou, como dicía Demóstenes --a frase era del-- "cando unha loita se empeza a perder, ou unha batalla, naturalmente só os que escaparon tempo poden loitar na seguinte".

Galicia non é unha batalla, Ga-

licia é unha guerra, e se en vez de considerar aquilo como a guerra final a considerásemos simplemente como unha soa batalla, probablemente hoxe non lle estaríamos aportando o mesmo a Galicia, pero probablemente tampouco estaríamos dissociando tantos anos de dedicación, tantos anos de fe, tantos anos de traballo, e tantos anos --teño que dicilo-- da mesmísima amizade, a cal non me impediu, porque políticos somos, cando foi necesario, señor Presidente, chantarme diante de vostede e dicirlle: "eu así non si-go e marchó".

Probablemente a súa confusión estivo en pensar que tiñan razón os aduladores que estaban ó lado, que lle dicían que todo estaba ben e non pasaba nada, os que lle dicían que iso era un simple accidente e non unha cuestión de fondo, os que lle dicían que estabamos nunha loita persoal e non na máis importante batalla entre o pasado e o futuro de Galicia. Foron eles os que o foron metendo pouco a pouco nese terreo onde despois, ó final, van saíndo tantos enemigos, que son moitas veces circunstancias, que son moitas veces situacións fronte ás cales xa non é posible defenderse e polo tanto acaba un sucumbindo.

Desde aquela tamén foi posible cambiar moitas cousas. Aquela bisoñería, case escolar, que tiña o señor González Laxe, despois de dous anos de escola, foi mellorando. Aquela financiación, despois de tantas críticas que eu lle fixera, parece ser que din --ou non o creo-- que a amañou o señor Rajoy, en evidentes e eficaces negociacións co Goberno Central.

Por certo, non hai unha contradicción entre cambiar deste Goberno e non estar neste momento censurando ó señor Barreiro, aínda que probablemente o señor Barreiro teña moito que censurar. Este Goberno censúrase hoxe e non se censura. Hai un ano, e probablemente non se censurou, hai un ano porque un tivo a vista de saír a tempo e non esperar a que lle puxesen a censura,

que tamén naquel momento era posible, porque, señor Rajoy, eu nunca tiven a sorte de ter nin un só minuto deste Parlamento con maioría absoluta, sempre governei con minoría. O que é certo, non sei por que, é que eu non perdía as votacións e agora perdíanse, e por certo que non foi por nós, porque gracias á axuda inestimable que me prestou o outro día o meu ex--compañeiro de Partido e sucesor na Consellería, señor Villanueva, na retirada do proxecto de lei o outro día, podo chegar a esta tribuna dicindo: viaxaron vostedes ata hoxe en comodísimo vehículo de maioría absoluta porque nin eu nin ningún compañeiro que inicialmente estivese adscrito ó Grupo Popular votamos xamais contra o seu Goberno.

Por certo, anuncio, por se non estaba claro, que desta vez votaremos contra o Goberno porque votaremos a favor da moción de censura.

Eu non me vou extender, porque me extendín nas razóns políticas, que era probablemente o que me correspondía a min, en da--las razóns da censura dunha acción de goberno.

Un sempre atopa ó seu pai e á súa nai moi preocupados polo que a un lle acontece, e non me extraña, por certo, nos tempos actuais. As veces dígolles que as cousas van mal agora mesmo e que xa irán mellor, e sempre lles poño un exemplo para que entendan as razóns desta moción de censura.

Cando eu era Conselleiro, en dez meses reformamos e puxemos en funcionamento o edificio administrativo de San Caetano. Os dez meses que pasaron desde que eu saín da Xunta ata hoxe non foron suficientes para poñerlle a cancela, que é o que lle falta. Isto poderá ter moitas explicacións, pero un Goberno que non ten cancelas é evidente que está indefenso, e polo tanto é fácil de asaltar, e vostedes non poderían esperar que, non lle poñendo cancelas a San Caetano, non acabasen entrando o que noutros tempos chamabámo--las hordas e aca-

basen tomando por asalto o que é, neste momento, pazo representativo das institucións e de toda a norma institucional de Galicia.

Non se trata neste momento, señor Presidente, de defende--las posicións do Goberno. Non se trata de defendelas a través do que parece ser un insólito cúmulo de descalificacións persoais cara ás figuras das xentes que neste momento tratamos de acertar e tratamos de dar coa nosa responsabilidade diante do deber do futuro de Galicia. Trataríase de que vostedes fixesen unha auténtica defensa das súas posicións institucionais, políticas e de goberno; e non están feitas. E non se dan conta de que canto máis e máis pretenden descalifica--la nosa acción de goberno máis están dando razóns a unha moción de censura.

Podería chega--lo momento, se vostedes o demostrasen tanto, de que nós mesmos, na nosa acción compartida de goberno, tivesemos que acabar sendo igualmente censurados. Pero iso non só non serviría para nada, non lle serviu en nada de axuda ó Presidente da Xunta, senón que foi probablemente a máis grave lousa que pesa sobre el, porque neste momento, gracias á actividade do seu propio Goberno, gracias á forma en que nós fomos tratados pola autocrítica interna do Grupo Parlamentario, está demostrado que o señor Presidente tivo un dos peores Gobernos que puido haber na historia.

E iso non só non é unha disculpa para os que veñen despois, senón que é a máis grande, a máis radical condena ó propio Presidente, porque está feita polos compañeiros que neste momento viaxan con el no mesmo barco da Coalición Popular.

Hoxe mesmo vía eu como algún Deputado amigo meu extendía polos corredores do Parlamento a presentación do último acto que, eu penso, dalgunha maneira significa todo o que foi a lamentable defensa que se fixo fronte a unha situación que

non ten máis remedio que acabar onde acaba, como se facía mención a unha presunta --digo eu hoxe-- que-rela criminal interposta contra min por unha acción de goberno perfectamente documentada, perfectamente articulada e, polo tanto, levada a cabo soamente comprendida de xeito mentiroso e instrumental en relación coas miñas competencias exercidas, reivindicadas hoxe e mantidas todas, en relación coa administración do xogo en Galicia.

E absolutamente impensable que un Goberno despois de dez meses se dese conta hoxe, precisamente hoxe, de que tiña que acudir en defensa da súa honra ós Tribunais de Xusticia. Eu, desde logo, lamento que cando eu dei unha tregua solicitada por vostedes neste terreio, e naturalmente cando a dou, e mesmo estou disposto a renunciar en función da recuperación da solidariedade e sobre todo da dignidade institucional de Galicia, que ese último instrumento apareza aquí cando xa só serve para ensuciar e xa non serve para salvar nada do que é insalvable.

Señores Deputados, eu pídolles perdón a todos vostedes e pídolles perdón especialmente ó Grupo Parlamentario de Coalición Galega porque, se cadra, detrás da miña intervención houbo moi poucas razóns de carácter xeral e moitas razóns de carácter puntual. Pero pensei que eran absolutamente necesarias e que soamente esta intervención, facilitada por este Grupo Parlamentario de Coalición Galega, permitía poñer en claro estas cuestións e deixar presente que non se trata só de conta--los millóns que se invisten ou as contratacións que se fixeron onte pola tarde, senón que se trata de dicir se están creando en Galicia estruturas políticas capaces de gobernar ou non.

Evidentemente neste momento este Goberno, con independencia de que governe máis ou menos, está cando aquela maldición --e hai que citar un conservador para rematar-- que dicía o filósofo Balmes: "desgraciados dos pobos que están go-

bernados por un Goberno que ten que gasta--lo seu tempo en manterse". Contra esta situación é contra a que o Grupo Parlamentario de Coalición Galega vai loitar, seguro de que a súa decisión é unha decisión histórica, difícil e incomprendida, e seguros tamén de que, se non acerta coa conciencia dos demais, polo menos acerta coa conciencia nosa. E o día en que cadaquén acerte coa súa conciencia teremos todos acertado coa conciencia do pobo.

Gracias, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Suspéndese a Sesión ata mañá ás dez e media.

Suspéndese a Sesión.

Eran as oito e media do serán.

FOLLA DE SUBSCRICIÓN

PARLAMENTO DE GALICIA

Nome

Domicilio

Cidade Teléfono

Desexo subscribirme o *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, de acordo coas condicións estipuladas a partir do día de de 19 ata o 31 de decembro de 19

Con data de de 19, envíolles por xiro ou talón nominativo, número, a cantidade de Pesetas.

..... a de de 19

Asinado

Edición e subscrición:

Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Baixos do Pazo de Raxoi - Santiago de Compostela.
Teléfonos 981/587022 1- 587212 - 587412 - 587612.
Subscripción anual: 3.000 Ptas. Número solto: 75 Ptas.

HOJA DE SUSCRIPCIÓN

PARLAMENTO DE GALICIA

Nombre

Domicilio

Ciudad Teléfono

Deseo subscribirme al *Diario de Sesiones del Parlamento de Galicia*, de acuerdo con las condicións estipuladas a partir del día de de 19 hasta el 31 de diciembre de 19

Con fecha de de 19, les envío por giro o talón nominativo, número, la cantidade de Pesetas.

..... a de de 19

Firmado

Edición y suscripción:


Servicio de Publicaciones del Parlamento de Galicia.
Bajos del Palacio de Rajoy - Santiago de Compostela.
Teléfonos 981/587022 1- 587212 - 587412 - 587612.
Suscripción anual: 3.000 Ptas. Número suelto: 75 Ptas.

NOTA:

A suscripción é anual, por anos naturais. O período de suscripción remata o 31 de de decembro de cada ano. As altas producidas durante o ano contaránse, a efectos de cobro, desde o día 1.º de cada trimestre natural, sempre que a data de suscripción sexa anterior a esta.

NOTA:

La suscripción es anual, por años naturales. El período de la suscripción finaliza el 31 de diciembre de cada año. Las altas producidas durante el año se contarán, a efectos de cobro, desde el día 1.º de cada trimestre natural, siempre que la fecha de suscripción sea lanterior a esta.




PUBLICACIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Vol. 0	Regulamento do Parlamento de Galicia
Vol. 1	Estatuto de Autonomía de Galicia Lei da Sede das Institucións Autonómicas Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente
Vol. 2	Lei de normalización lingüística
Vol. 3	Lei de limitacións á propiedade nas estradas non estatais de Galicia
Vol. 4	Lei de recoñecemento da galegidade Lei de Fundacións de interés galego Lei do Consello da Cultura Galega
Vol. 5	Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1982 Lei para o incremento dos tipos de taxas de contía fixa Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1983
Vol. 6	Lei de sanidade escolar
Vol. 7	Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia
Vol. 8	Lei reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia Proposición de Lei da terceira canle de televisión Lei da Compañía de Radio-Televisión de Galicia
Vol. 9	Lei do Valedor do Pobo Lei de símbolos de Galicia
Vol. 10	Lei do Fondo de Compensación Financeira Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para 1984 Lei de asignación de recursos fixados polo R.D. Lei 3/1984 á C.A. de Galicia Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para 1985
Vol. 11	Lei de eleccións ó Parlamento de Galicia Lei de gastos electorais
Vol. 12	Lei de ordenación da pesca Lei de ordenación marisqueira Lei de sancións en materia pesqueira, marisqueira e cultivos mariños

Distribúe
GALAXIA
Reconquista, 1 - Vigo
Teléfonos (986) 432100 - 433238

De venda
en librerías

DIARIO DE SESIONS



PARLAMENTO DE GALICIA

II LEXISLATURA

Presidencia do Excmo. Sr. D. Tomás Pérez Vidal

Sesión Plenaria n.º 64

Celebrada o mércores 23 de setembro de 1987

ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto único (Continuación):

Debate e votación da moción de censura presentada polos 22 Deputados adscritos ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para esixir responsabilidade política da Xunta, do seu Presidente e dos Conselleiros, que inclúe a D. Fernando González Laxe como candidato á Presidencia da Xunta.

(Núm. 7.828, pub. no BOPG núm. ,171, do 16 de setembro de 1987).

(Final)

SUMARIO

Reanúdase a Sesión ás dez e cuarto da mañá.

Debate e votación da moción de censura presentada polos 22 Deputados adscritos ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para esixir responsabilidade política da Xunta, do seu Presidente e dos Conselleiros, que inclúe a D. Fernando González Laxe como candidato á Presidencia da Xunta (continuación)..... páx. 4027

Seguindo co debate e moción de censura fai uso da palabra o señor Sánchez Presedo (Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia). A continuación fai uso da palabra o señor Vicepresidente da Xunta (Rajoy Brey). Para rectificacións fan uso da palabra os señores Sánchez Presedo e Rajoy Brey. A seguir, fai uso da palabra o señor Vázquez Portomeñe (Grupo Parlamentario Popular de Galicia).

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

Para responder ós Grupos Parlamentarios fai uso da palabra o señor candidato á Presidencia, D. Fernando González Laxe. Intervención do señor Vicepresidente da Xunta (Rajoy Brey). De novo interveñen estes dous oradores. O señor Presidente suspende a Sesión ata as cinco da tarde.

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

O señor Presidente concédelle-la palabra ós señores Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto), Rodríguez Peña (Grupo Parlamentario Mixto), Sánchez Castiñeiras (Grupo Parlamentario Coalición Galega), Sánchez Presedo (Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia), Vázquez Portomeñe (Grupo Parlamentario Popular de Galicia) e ó señor Presidente da Xunta de Galicia (Fernández Albor).

O señor Presidente anuncia que a votación da moción de censura será ás 20 horas. E concédelle a palabra ó señor candidato, D. Fernando González Laxe.

O señor Beiras Torrado solicita un novo turno de intervencións para tódolos Grupos que o soli-

citen polas razóns que expón. O señor Nogueira Román solicita un novo turno de réplica para os Grupos que o soliciten. Cuestión á que non accede o señor Presidente, que novamente anuncia que a votación da moción de censura será ás 20 horas, e suspende a Sesión ata a devandita hora.

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

O señor Presidente explícalle á Cámara o procedemento para efectuar a votación da moción de censura. A votación comenza polo Deputado D. José Luis Alonso Riego. O señor Secretario le a lista dos señores Deputados, que van contestando "si", "non" ou "abstención" á moción de censura.

Efectuada a votación e realizado o escrutinio, deu o seguinte resultado: votos emitidos, 71; votos a favor, 40; votos en contra, 29; abstencións, 2. En consecuencia, o señor Presidente manifesta que, acadada a maioría absoluta prevista no Regulamento, o señor González Laxe queda investido da confianza da Cámara e que se procederá á súa designación como Presidente da Xunta, de acordo co artigo 18 da Lei 1/1982, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

Levántase a Sesión.

Eran as oito do serán.

Reanúdase a Sesión ás dez e cuarto da mañá.

O señor PRESIDENTE: Continúa a Sesión.

Ten pedida a palabra o señor Sánchez Presedo.

Señor Presedo, pode facer uso da palabra por trinta minutos.

O señor SANCHEZ PRESEDO: Señor Presidente, Señorías, a estas alturas da Sesión, efectivamente, o trámite da moción de censura constructiva converteuse practicamente nunha Sesión de investidura. Converteuse nunha Sesión de investidura non soamente porque onte o Vicepresidente da Xunta na súa intervención realizaba practicamente unha despedida e porque se limitaba xa a preguntarlle ó candidato sobre das súas intencións no futuro de Galicia, senón porque o propio candidato, Fernando González Laxe, tivo a determinación de facer un discurso no que pretendía desde o primeiro momento arrincar da situación política actual, distanciarse da situación política actual e abrirlle novas perspectivas e novos horizontes á sociedade galega.

Hoxe veño aquí con outra tarefa. Veño falar en nome do Grupo Parlamentario Socialista, e a miña intención neste debate sería poñer--lo retrovisor. Poñer--lo retrovisor porque esta Sesión debe abrir un novo camiño para Galicia; pero ó mesmo tempo esta Sesión debe servir tamén para que nos distanciemos da nosa situación actual, para que en Galicia non volva producirse unha situación desta gravidade, unha situación que pon en cuestión o conxunto do noso sistema autonómico.

¿Por que se presenta a moción de censura? Probablemente esta sexa unha pregunta que está no ánimo da opinión pública. Estou convencido de que todos saben as razóns pero tamén de que a todos lles agradaría que aquí no Parlamento se explici-

tasen. ¿Por que se acode a un mecanismo desta envergadura por primeira vez na historia da democracia autonómica? A resposta é sinxela. A resposta é moi sinxela e moi fácil de comprender. Existe unha coincidencia xeral en toda a Cámara da gravidade da situación política. Existe tamén unha coincidencia en estimar que Alianza Popular non ten xa os resortes suficientes para superar esta situación de gravidade. Son dous anos de crise de estabilidade, pero son dous anos de crise crecente, de crise progresiva. E, ó mesmo tempo, estes anos de inestabilidade e de crise aguda prodúcense nun momento especialmente delicado. Por estamos na segunda Lexislatura do Parlamento Autonómico, na que se está ultimando o proceso de transferencias. Consecuentemente os cidadáns agardan xa ter un perfil do significado da Autonomía nas súas vidas. E o momento que os cidadáns poidan comprender--las posibilidades do proxecto autonómico.

Señorías, eu supoño que nalgunha ocasión terían a oportunidade de considera--la importancia da Autonomía no porvir do noso pobo. Eu simplemente vou relata--lo que, unha vez rematado o proceso de transferencias, vai significa--la Autonomía na vida de cada cidadán.

Os galegos de mañá nacerán nun centro sanitario, nun centro sanitario axeitado, dependente da Comunidade Autónoma, e nós quixeramos que recibisen un trato esmerado cando cheguen ó mundo.

A continuación, os cativos galegos deberán contar coa posibilidade de estar nunha escola infantil ou nunha gardería na que empecen a relacionarse, realizar xogos e ir realizando unha aprendizaxe.

Seguimos na súa infancia e estarán tamén nunha escola. A educación é competencia autonómica. A educación é o resorte máis importante para a igualdade de oportunidades. Nós quixeramos crear escolas participativas e creativas. Quixeramos facer das escolas uns elemen-

tos de nivelación social.

E máis adiante, cando deixen de ser rapaces, na súa xuventude, tamén a Comunidade Autónoma poderá tomar iniciativas e decisións que incidan favorablemente nos seus problemas e na súa situación, ocuparse das etapas escolares destas idades. Polo tanto poderán te-la opción de entrar na Universidade, que tamén está sometida ás atribucións autonómicas, ou probablemente buscar ese primeiro emprego para o que de seguro que a Comunidade Autónoma deberá ter algún tipo de previsión e así favorece-lo traballo dos xoves.

E, desde logo, a política autonómica vai influír destacadamente, tanto para facilita-lo acceso ó traballo coma para a creación de empresas, porque a liberdade de empresas non é soamente para as empresas establecidas. A liberdade de empresas é tamén para que os cidadáns teñan a liberdade de poder crear empresas para proxectos viables. Nós defendemos tamén esa liberdade de empresa. Pensamos que aí a Comunidade Autónoma debería tomar medidas para o fomento da industria, para a modernización da agricultura e para o desenvolvemento da pesca interior. Realmente isto vai incidir sen ningunha dúbida no futuro dos galegos que están a nacer.

Este cidadán terá un punto de residencia neste país galego. Nós quixeramos que por razón de residencia non tivese unha calidade de vida inferior en ningún punto deste país. Queremos que dispoña dunhas infraestructuras axeitadas. A maioría das estradas polas que circule serán de competencia autonómica. O coidado das praias tamén lle corresponde a esta Autonomía. Se algún día para o seu solaz en lugar de ir á praia quere ir á montaña tamén aí nós teremos competencias. Se quere disfrutar dos ríos ou das augas aí a Comunidade Autónoma tamén é responsable. Tamén é responsable a Comunidade Autónoma se este galego ou este cidadán quere acceder a unha vivenda digna, quere

rehabilitar unha vivenda antiga de tradición familiar ou adquirila no seu pobo. Aí tamén vai depender de decisións autonómicas. Van depender tamén da Comunidade Autónoma a calidade ambiental, a práctica do deporte, as relacións comunitarias e a vida cultural. E, desde logo, cando chegue á terceira idade tamén nós confiamos en que a Comunidade Autónoma teña un dispositivo de servicios sociais que faga que sexa un cidadán integrado na súa comunidade.

O peso da Autonomía vai ser decisivo no futuro de cada cidadán deste país. Estamos nun momento en que é necesario demostrarlles ós cidadáns a validez da Autonomía. Facer Autonomía, pois, é incidir positivamente nas condicións de vida do noso pobo e nas condicións de existencia dos galegos. Tódolos Partidos democráticos deberamos ter un obxectivo claro nesta etapa: tratar de lexítima-lo proxecto autonómico como un proxecto beneficioso, como un proxecto favorable para os nosos cidadáns, porque a Autonomía é unha resposta actual e é unha resposta de futuro. Non é soamente unha fórmula de compromiso coa tradición. A Autonomía vaise fortalecer e enriquecer na medida en que sexa capaz de abrir horizontes de futuro para un pobo.

A crise política nestes momentos estaba ameazando a propia credibilidade do proxecto autonómico, estaba cuestionando a percepción que a sociedade galega ten do instrumento de Autonomía como un instrumento positivo para o seu futuro, como un instrumento positivo para o seu destino. A crise autonómica podería lastima-lo arraigo que a Autonomía debe adquirir no seo da nosa sociedade. Porque realmente aquí o dilema é se o noso pobo asume a responsabilidade, a liberdade e a esperanza de decidi-lo seu porvir ou non o asume. Esta é a grandeza da Autonomía. Evidentemente unha crise da Autonomía nesta etapa estaba socavando os propios cimentos da Autonomía.

Pero existe tamén outra circunstancia que eu quixera trasladar ó ánimo das Súas Señorías. Estamos vivindo unha etapa histórica excepcional. Estamos nun momento en que a crise económica está remitindo despois dun proceso intenso de axuste, no que efectivamente existiron sacrificios, pero do que seguramente imos obter importantes beneficios e vantaxes.

Nesta etapa presentouse unha crise industrial que tamén experimentaron outros moitos países do noso entorno, è isto coincide coa nosa incorporación nas Comunidades Europeas. E un gran reto. Estamos nun momento de desafío. Pero como todo momento de reto e todo momento de desafío é unha oportunidade histórica, unha oportunidade histórica de apostar sen reservas por un país máis próspero e por un país máis xusto. Estamos obrigados a redeseñala--la nosa convivencia nun novo marco de referencias.

Eu faría unha reflexión. Os prazos van correndo. Os prazos non se deteñen. Os prazos avanza, son imparables. Considero que os políticos responsables sentimos na sociedade galega a necesidade de acelerar--lo ritmo de modernización e a necesidade de aumentar--lo ritmo de transformación social para poder superar--lo enorme desafío que temos deseñado.

Diante de nós témo--lo ano 1992, no que entra en vigor a Acta Unica Europea. Dentro de Europa créase un espacio integrado e Galicia ten que incorporarse a esa nova situación. Para moitos a pregunta será: ¿como evita--los prexuícios desta situación? Quixera realizar unha apreciación. No fondo esta é unha posición extraordinariamente conservadora, no fondo o que trata de transmitir é que me quede como estou. Nós pensamos que hoxe Galicia está en condicións de facer un proxecto distinto. Podemos preguntarnos: ¿como aproveitarnos, como beneficiarnos do extraordinario potencial dunha comunidade de 320 millóns de habitantes, cun elevado

nivel de consumo, con importantes déficits de produción, a principal potencia comercial mundial, que ten ademais ó leste un importante mercado de futuro, enormes posibilidades de futuro, e que ten ademais un grao considerable de sensibilidade social e de cultura democrática?

Hoxe estamos vivindo unha continentalización dos problemas e é necesario que Galicia aposte decididamente por situarse nese marco de referencias. Estamos, pois, nun momento decisivo e non é un momento en que este país poida permitirse o luxo de estar impasible ou de estar indiferente. E o momento de prepararse e apostar polo futuro.

Eu prgúntome, señores Deputados, e diríxolle esta pregunta á sociedade galega: ¿sería sensato deixar que a crise se converta en crónica? ¿Sería sensato deixar que a crise se estanque e chegue a podreecer ata o punto de que a sociedade galega non perciba ningún impulso dinámico no seu seo? Penso que o que non poderíamos permitir é que alguén neste país erguese a voz e dixese: "Galicia está sen pulso", "Galicia está sen pulso", "sen pulso diante do caos", "sen pulso diante do bochorno" e "sen pulso incluso diante da sociedade". Porque nós pensamos que xa vai sendo hora de saca--la política autonómica das páxinas de sucesos, de saca--la política autonómica das crónicas dos enfrontamentos e situa--la política autonómica nunha política de credibilidade e nunha política de responsabilidade.

¿Que pretende a moción de censura? A moción de censura pretende servir de revulsivo á situación existente, pretende ser un elemento positivo de solución da gravísima crise na que Galicia está atrapada. Isto é unha crise política, profunda. Aquí existe ás veces a tentación de trasladarlle á sociedade unha percepción distinta desta crise. E unha crise que afecta ó conxunto da sociedade galega, ó porvir da sociedade galega, ós homes e mulleres concretos da sociedade ga-

lega. E en moitas ocasións estase tratando de presentar esta crise como unha crise de políticos que soamente afecta a políticos. E isto non é a realidade. Non é unha crise de políticos. ¡Oxalá que fose unha crise exclusivamente de políticos! E unha crise máis importante, porque afecta ó porvir do noso pobo. Unha crise que se manifestaba nunha convulsión continua, en disputas, en enfrontamentos, en descalificacións, nun deterioro real da convivencia.

¿Que ocorre realmente cando non existe un Goberno que goberna? ¿Que ocorre cando non existe un Goberno que exprese claramente o sentido da acción política e sinale horizontes con claridade, cando non existe un Goberno que sexa un interlocutor solvente para os distintos sectores económicos e sociais? Cando non existe un Goberno que asuma a responsabilidade de integra--las tensións e os conflitos que existen nunha sociedade democrática o que ocorre, Señorías, é que se produce unha considerable fractura nas entrañas da sociedade galega.

Isto é o que está ocorrendo. Non é un problema de políticos. É un gravísimo problema social. Nacen entón, cando isto ocorre, as tendencias á dispersión, as tendencias á disgregación, porque a falta de resposta non serve para solucionar--los problemas. E é necesario pronunciarse sobre dos mesmos e é necesario en ocasións non actuar con posicións de compracencia senón con posicións de rigor e de seriedade. Porque se actuamos sempre con posicións de compracencia, a nosa sociedade nunca terá conciencia de cales son realmente os seus problemas. Nós temos na retina imaxes claras desta Xunta facendo reunións e rematando as reunións con comunicados que non son cribles, señor Presidente. Cantos galegos foron soamente facerse unha foto co Presidente da Xunta. E eu pregunto: ¿realmente eses discursos correspondíanse a continuación cos feitos? Nós pedimos rigor, pedimos resposta ós problemas, pero respos-

ta comprometida, non soamente palabras.

¿Sería responsable, pois, deixar a Galicia á deriva nesta difícil situación social de disgregación? Considero que isto non é un problema moral, é un problema político e evidentemente debe resolverse sempre con raíz ética. Eu diría que o compromiso co noso pobo nos debe levar a tratar de ofrecer unha fórmula positiva. ¿Que é o inmoral neste país? ¿Poñe--las cousas nesta situación ou tratar de poñerlles remedio? Eu estou convencido de que é un esforzo político considerable tratar de buscar unha solución para este país. A moción é unha iniciativa constructiva. Está demostrado que nós non pretendiamos tanto abrir feridas, mirar cara ó pasado, como apostar polo futuro. Non nos preocupamos tanto de reprobar. De verdade, non é a nosa preocupación. A nosa preocupación é crear confianza. Ese foi o discurso do noso candidato: crear confianza na sociedade galega. Porque eu voulle dicir unha cousa, señor Presidente: a reprobación e a censura son xa innecesarias porque este Goberno experimentou un proceso claro de autoconxunción. Vostede sabe que nas pasadas eleccións autonómicas non conseguiron, como pretendían, a confianza maioritaria do pobo galego, e o pobo galego transmitiulle o mandato con toda claridade a esta Cámara. Non existían maiorías absolutas, existían minorías. Polo tanto, precisábase un esforzo de entendemento e de diálogo para posibilitar un Goberno estable neste país. Vostedes eran os máximos responsables de realizar este esforzo. ¿E cal foi o resultado? Non soamente conseguiron compromisos con outras forzas, senón que experimentaron unha profunda crise interna. O 30 de novembro pasado o seu propio Gabinete presentou a súa dimisión, argumentando que a situación era insostible e que realmente vostede debía dimitir. Iso foi o que ocorreu naquel momento. Esa foi a primeira reprobación que se fixo neste país. Aquel foi o primeiro aldrabonazo.

Vostedes acórdanse perfectamente da actuación do Partido Socialista naqueles intres. Vostedes acórdanse perfectamente de que o Partido Socialista non quixo incidir nesta situación e que o Partido Socialista deu unha marxe para que a situación política de Galicia non se degradase e se recompuxese. Vostedes non foron capaces de gobernar en minoría; de aí esa crise.

A continuación trataron de gobernar con apoio maioritario. Trataron e conseguiron acadar un compromiso parlamentario con Coalición Galega, compromiso parlamentario ata o pasado mes de xullo que nós respetamos escrupulosamente. ¡Cantas forzas se ergueron nesta Cámara pedíndonos ós socialistas que presentasemos unha moción de censura e os socialistas dicíamnos que exerceríamolo noso labor de oposición leal e responsable mentres existise nesta Cámara unha maioría que garantise a gobernabilidade! Pero vostedes non administraron ben este acordo. E realmente despois de xuño o crédito esgotouse e volvemos novamente a unha situación de minoría.

Aínda máis, señor Presidente. Vostedes nun determinado momento expuxéronlle claramente á sociedade galega que a mellor fórmula era a disolución parlamentaria. Estaban recoñecendo que non tiñan mecanismos para recompoñer a situación política no actual Parlamento. E aínda máis: dentro do seu propio Partido apuráronse xa algúns destacados dirixentes galegos, destacados dirixentes con responsabilidade a nivel do Estado --isto é doloroso que eu llo diga pero non fomos nós os que realizamos este tipo de afirmacións--, a dicir que vostede tería que ser relevado das súas responsabilidades. A censura, señor Presidente, está nas súas propias filas. Teñen vostedes que mirarse no seu propio espello, aí está a censura. Por iso os socialistas non insistimos na moción de censura. Somos simples notarios que dan testemuño do que é público e notorio. Somos simples notarios que dan fe

do que xa coñece toda a sociedade galega. Este é un Goberno provisorio, este Goberno está en funcións, é un Goberno interino. Por iso a sociedade galega non está sentindo o dramatismo nesta Sesión, porque se vai produci--lo que todos estamos agardando: un relevo.

Dígolle que agora é o Partido Socialista o responsable de que este país non siga á deriva. Porque primeiro vostedes trataron de solucionar--lo problema dentro do seu propio Partido, despois acudiron a outros Partidos para que colaborasen con vostedes na gobernabilidade, e cando estas fórmulas non son viables nunha democracia é necesario buscar unha alternativa. E neste momento o Partido Socialista é o Partido responsable de que exista unha solución á crise política galega, unha solución a esta crise política que nos aborda nun momento crucial para a credibilidade autonómica e para o noso proceso de modernización e de lexitimación diante da sociedade galega.

Eu dígolle, señor Presidente, que actuamos con autoridade moral, e actuamos coa autoridade moral que nos ten dado o non ser un elemento de desestabilización. Cantas veces nos reprocharon ós socialistas esa actitude dialogante de moderación en relación co Goberno, cantas veces nolo reprocharon. Pois hoxe eu quero asumir esa actitude. Eu hoxe quero facer valer esas críticas para lexitimarme, señor Presidente. Porque cando un Partido actúa con prudencia, cando un Partido actúa con rigor, é cando un Partido pode ergue--la cabeza e dicirlle limpamente ó pobo galego que isto non pode seguir así. Que basta xa, que é o momento de cambia--la tendencia que se está producindo no seo desta Cámara, pero que é unha tendencia que tamén podería chegar ás entrañas da sociedade galega. E o momento de poñerlles fin á esnaquización, á dispersión e á disgregación do país. E o momento de apostar por unha tendencia integradora de encontro, unha tendencia positiva.

Pretendemos crear unha nova dinámica. Eu en moitas ocasións comparo a Autonomía cun vehículo, un vehículo que neste momento está parado pero que ademais está metido nun profundo socavón. E eu pregunto: ¿temos ou non lexitimidade para pedirlle a este Parlamento que tódolos que queiran contribuír a sacar este vehículo do seu socavón axuden a erguelo e a poñelo en marcha? Evidentemente penso que temos esa lexitimidade.

Vostedes pregúntannos polos nosos apoios, e eu voules dicir con absoluta franqueza: todos excepto vostedes, todos excepto vostedes. Iso é importante porque vostedes son minoritarios. E un tema importante. Eu mantiven conversas con tódolos Partidos. Mesmo o Bloque Nacionalista Galego, se o seu voto fose necesario para que prosperase a moción de censura, votaría favorablemente; cinco votos non van decidir nesta Sesión de investidura. Teña esa tranquilidade, non van decidir cinco votos nesa Sesión de investidura.

Porque, ademais, señor Fernández Albor, vostede e o seu Partido están en contradicción coas súas propias afirmacións. Vostedes admitiron Deputados electos doutras formacións no seu Grupo Parlamentario. Teñen o caso de Coalición Galega, está claro. Vostedes e o seu Partido, con socios que teñen no Goberno Galego, o PDP, trataron de que os seus Deputados traicionasen os acordos acadados polos seus dirixentes, acordos serios e formais co Partido Socialista. Vostedes foron os que romperon e racharon as regras de xogo neste país.

Pero o caso é: ¿que apoios teñen vostedes? Ningún apoio maioritario nesta Cámara. O partido Socialista si ten o apoio maioritario nesta Cámara. Eu iría máis alá. Isto é triste constatalo pero hai que constatalo: ¿que apoios teñen vostedes fóra desta Cámara excepto, evidentemente, o seu propio Partido? E triste e é lamentable pero por máis que se repasan os medios

de comunicación non se aprecian forzas sociais, axentes económicos, culturais que estean realmente suxerindo a continuidade deste Goberno.

¿Cal era a súa alternativa? A súa alternativa era a disolución. Pero mire, este é un tema moi importante. A disolución responde a unha lóxica implícita que non podemos aceptar, señor Presidente. Vostedes son unha minoría, sono agora e eran tamén unha minoría despois das eleccións autonómicas, e vostedes queren ir contra o sentimento da maioría da Cámara. O seu razoamento é moi sinxelo: se non gobernamos hai que ir á disolución. Eu fago un alto neste razoamento e digo: se vostedes non gobernan, que son unha minoría, ¿existirá a posibilidade de que nesta Cámara se poida propoñer unha alternativa democrática ou é que neste país todos estamos condenados, se non existe unha maioría de Alianza Popular, a que non exista unha alternativa democrática? ¿E que vostedes lles queren trasladar--los seus propios problemas de Partido ás institucións autonómicas e bloquea--las institucións autonómicas cando non teñen resoltos os problemas de Partido, señor Fernández Albor?

Pero o problema é o seguinte. Vostedes teñen minoría e, entón, non queren que exista a posibilidade dunha alternativa democrática parlamentaria. E isto está destrouando a arquitectura democrática galega. Pero é que, ademais, ¿isto a que responde? Se hai eleccións e vostedes teñen a minoría, pedirán novamente a disolución a ver se noutras eleccións acadan a maioría, e se non a conseguen tratarán de disolver outra vez a Cámara ata que acaden unha maioría. Porque, claro, para vostedes, non existe a posibilidade dunha alternativa democrática, porque este é o sentido profundo da moción de censura, Señorías.

O sentido profundo da moción de censura é demostrarlle a este país que esta Comunidade Autónoma é pa-

rimonio do pobo galego e é patrimonio dos representantes do pobo galego. Non é patrimonio de ningún Partido. Nunha situación de emerxencia un partido pódelle facer unha invocación parlamentaria ó conxunto da Cámara e tratar de acadar esforzos para saca--lo país a adiante e garanti--la gobernabilidade. Por iso nos sentimos con autoridade para dicir que ¡basta xa!, que rematou o espectáculo neste país. Galicia non é unha finca de ningún Partido. O Parlamento non é soamente un Parlamento para soste Gobernos conservadores, é un Parlamento no que se pode pretende--la alternancia democrática.

Somos coherentes, señor Presidente. De tódolos discursos que se pronunciaron nesta Tribuna, nesta Sesión, ninguén puido cuestionar en ningún momento a coherencia do Partido Socialista. O Partido Socialista no momento en que vostede non superou a primeira Sesión de investidura expuxo a posibilidade doutra alternativa nesta Cámara, a capacidade do Parlamento para ofrecerlle á sociedade outro Goberno. Con esa mesma lóxica, no momento en que xa non hai Goberno, conseguintemente no momento en que xa non se pode realiza--la oposición, porque non hai Goberno, propuxémo--la mesma posibilidade: tratar de buscar unha alternativa democrática nesta Cámara.

Presentámo--la moción de censura para facer prevalece--la dignidade parlamentaria e para dar testemuña do respecto a esta Cámara. E fixémoslo de xeito innegociable. Que quede constancia, Señorías, que a presentación da moción de censura polo Partido Socialista non se negociou con ningunha forza política, con ningún Partido político. Foi unha decisión unilateral do Partido Socialista. Evidentemente, despois desta decisión foi cando o Partido Socialista tratou de acadar acordos no ámbito parlamentario, porque a moción ía dirixida á Cámara para ter un Goberno estable ata o final da Lexislatura, cunha actitude de diálogo e de compromiso, e negocia-

mos. Negociamos cos Partidos políticos, e as negociacións fixeron que acadasemos tres obxectivos:

Primeiro: devolvérlle--la confianza institucional ós cidadáns. Este Parlamento vai poder cumprir--lo seu compromiso de representar ó pobo galego catro anos, que para iso nos elixiron, e imos restaura--la confianza na propia capacidade do Parlamento.

Segundo: estabilidade política. Un obxectivo político fundamental. Abrese ademais unha etapa de diálogo e de colaboración que estou convencido do que vai trasladarlle á sociedade galega un impulso renovador, un impulso de integración, un impulso de concentración de esforzos, un impulso positivo. Presentamos unha oferta programática na que se establece unha nova orientación política para que o pobo galego saiba cales son os obxectivos que se pretenden acadar nos próximos dous anos.

E miren vostedes, estes acordos non son censurables desde o punto de vista institucional, porque normalizan a situación política. Tam pouco desde o punto de vista programático, porque están definindo as liñas de actuación no futuro deste país. Desde o punto de vista da corresponsabilidade tampouco, porque utilizan criterios racionais, e non se realizou unha mercadoría; non admitimos unha concepción de reparto de botín. E unha distribución de responsabilidades lóxica, co distinto nivel de compromiso que acadan as forzas políticas.

Vostedes pretenden facer disto un debate persoal e nós pensamos que hai que falar menos dos políticos e máis dos problemas dos cidadáns. Non podemos seguir tendo a política galega permanentemente centrada nun proceso de calificación ou descalificación dos políticos. Se existe algún político neste país que non sexa digno de representar ó pobo galego que o diriman os Tribunais, que o diriman os ór-

ganos de Xusticia, pero non perdamos nin un minuto en debater cuestións persoais. Abordémo--los problemas deste país, discutámo--lo que queremos facer deste país, ocupémonos dos problemas dos cidadáns.

E eu digo, Señorías, que estamos quedando atrás. Galicia está quedando atrás. Vou poñer exemplos importantes ó meu xuicio.

En educación, pola falta de apoio ás escolas rurais; pola desatención, a diferenza doutras Comunidades Autónomas, a temas como a Educación Física a Informática e os idiomas; por datos tan escandalosos e tan claros como que desde que se traspasaron as competencias en educación á Comunidade Autónoma as axudas de custo de comedor por alumno e día en Galicia son o 30% inferiores ás que teñen os escolares doutros puntos de España. ¿A vostedes parécelles razoable que nin sequera nas axudas alimenticias exista unha equiparación entre os galegos e os demais escolares de España?

A nivel de saúde, porque existen partidos médicos cerrados que están bloqueando un proceso de reforma da atención primaria e porque non teñen unha actitude de colaboración na reforma da saúde. Mire, señor Presidente, este mesmo ano Galicia pode perder 1.196 millóns de pesetas procedentes da Administración do Estado, que veñen destinados á apertura de 20 novos centros de saúde, e vostedes están bloqueando a creación de 620 novos postos de traballo. Pero é que ademais bloquearon o ano pasado 16 centros de saúde que afectaban ó 10% da sociedade galega. Esta sociedade está recibindo uns servizos de saúde inferiores ó conxunto do Estado.

Eu como socialista defendo un Estado que lles dea niveis de benestar ós cidadáns, que trate de crear igualdade de oportunidades coa educación, que trate de dar benestar social a través da saúde, tamén defendo unha política de vi-

venda, e a política de vivenda é competencia da Comunidade Autónoma. ¿E este país sabe que Galicia é a penúltima Comunidade Autónoma de España en construción de vivendas? Este país ten que sabelo. ¿Sabe que se constrúe un 35% menos do Plan cuatrienal e que aquí, Señorías --paréceme un dato lacerante--, existen 14.000 familias que viven en chabolas? Son familias polas que temos que preocuparnos.

O outro día un dirixente sindical dicíanos nunha reunión: "o único que lles pido é que sintan estes problemas que lles expoñemos como se fosen propios." Pois eu poño este problema á súa consideración. E digo unha cuestión: eu escoiteille ó señor Portavoz do Grupo Popular dicir que no discurso de González Laxe non existían especificidades. Eu digo unha cuestión, señor Vázquez Portomeñe, Señorías: os socialistas pretendemos que os estándares dos servizos públicos galegos sexan equiparables ós estándares do conxunto dos españois, e niso teña a seguridade de que seremos españois. Pero dígolle outra cuestión: a continuación, así como os estándares dos servizos públicos sexan equiparables ós españois, terannos que chamar europeístas porque o que trataremos é que Galicia teña o nivel de servizos públicos equiparables ós países europeos. E aquí estanse dando pasos cara a atrás na construción dun Estado de benestar social, de Autonomía e de compromiso cos problemas sociais deste país.

E non vou incidir na política da Función Pública, na insuficiencia...

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez Presedo, rógolle que remate.

O señor SANCHEZ PRESEDO: Señorías, quixera rematar, forzosamente, porque o tempo non me chegou para adicarme ás cuestións como eu quixera.

Digo o seguinte. En agricultura, a nosa actividade máis importante, o 40% da poboación activa galega, os presupostos nos últimos cinco anos baixan irremisiblemente, porcentualmente, en relación co Presuposto total da Comunidade. ¿Parécelle lóxico?

A nivel industrial estamos nunha crise profunda. E o momento de dicirlle ó pobo claramente que é necesario superar esta crise e é necesario superala cun novo modelo industrial. ¿Ou pretendemos aquí que a especificidade galega sexa manter un modelo industrial obsoleto? ¿Iso é o que se pretende? ¿Ou iremos a un modelo novo de acordo coas potencialidades do país?

A nivel territorial, ¿imos seguir mantendo este nivel territorial de absoluta dispersión no que tódolos recursos públicos sempre son insuficientes para procurarllas un nivel de servicios axeitados ós cidadáns? ¿Ou imos afrontar seriamente esta cuestión?

Miren, Señorías, o programa exposto polo candidato socialista é un programa completo, un programa equilibrado e un programa positivo.

Señor González Laxe, a tarefa vai ser dura, estea tranquilo. Vostede ten un pobo comprensivo e ten un pobo agradecido. Sabemos que vai ter dificultades en alcanza--los seus obxectivos, porque este é un país que estivo moito tempo convalcente e vai ser bastante duro poñelo na súa plenitude, pero estea tranquilo porque vai ter sempre a comprensión do noso pobo.

Algúns tratarán de reprocharnos cesións ou renuncias. E eu preguntome se non paga a pena tratar de apostar máis polas coincidencias ca polas discrepancias cando se trata de que Galicia avance. E ademais todos sabemos que nos momentos de emerxencia, que nos momentos de necesidade, as opcións se estreitan e as prioridades se volven máis claras, e hai un punto de encontro para todos.

E teña a seguridade de que realmente hai un dilema para Galicia: resignarse á decadencia ou aspirar ó esplendor. Este é o dilema que ten hoxe este país. Vostede, Fernando González Laxe, cando sexa Presidente da Xunta de Galicia pode te--la seguridade de que vostede e o seu Goberno voinos ter ó Partido Socialista e ó Grupo Parlamentario permanentemente apoiándoo e respaldándoo. Imos se--lo seu máis firme bastión para que vostede poida afrontar--los problemas da sociedade galega porque, en definitiva, todos dicimos unha frase que xa é tópica: "Galicia é un país vello". Eu o que quixera hoxe é que cando se diga que Galicia é un país vello non se estea dicindo que Galicia é un país anticuado ou que Galicia é un país resabiado. Eu o que quero é que cando se diga que Galicia é un país vello, o que se estea dicindo é que un país fermoso e que é un país solidario.

(Aplausos nos escanos da esquerda).

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Señor Vicepresidente, pode facer uso da palabra.

O señor VICEPRESIDENTE DA XUNTA (Rajoy Brey): Muchas gracias, señor Presidente, procuraré ser breve, porque no es uno de los turnos previstos en el debate, sino uno de los turnos que puede el Gobierno usar si lo estima conveniente o no.

No hemos dado respuesta a los otros Grupos Parlamentarios que han intervenido porque estos Grupos se han limitado, como es natural por otra parte, a fijar su postura sobre el debate que se está produciendo o, en algunos casos, a justificar justificaciones personales. Pero sí creemos que debemos responder, aunque sea brevemente, a la intervención que ha hecho el Grupo Socialista, porque es el Grupo que ha presentado esta moción de censu-

ra en la Cámara.

En cualquier caso va a ser unha resposta en la cual yo lógicamente tocaré algunos de los puntos a que ha hecho alusión en su intervención el señor Sánchez Presedo, porque, como fácilmente puede entenderse, no he podido recoger todas y cada una de las afirmaciones que él ha hecho. En cualquier caso no es una respuesta que yo haga mediante un papel que traiga escrito a máquina, sino que voy a tratar de responder a las afirmaciones que ha hecho el señor Sánchez Presedo.

En su segunda intervención el señor candidato a Presidente de la Xunta por el Partido Socialista, don Fernando González Laxe, no ha dado respuesta a las preguntas que yo como representante del Gobierno en aquella intervención concreta le había formulado. No habló de sus apoyos, no de los cuantitativos que ya los conocíamos todos sobradamente, sino de los apoyos cualitativos, es decir, de la legitimidad o no de esos apoyos. Utilizó expresiones que yo no había usado en mi intervención, como la expresión "felonía", buena prueba de mi afirmación inicial sobre el papel que ya estaba preparado. No dijo nada de su programa de gobierno, de cómo se explica esta peculiar situación, y no entró sobre todo en los temas fundamentales y en los temas básicos que yo aquí he planteado. No habló para nada del tema de la financiación, ni de las transferencias, de temas tan importantes como INSALUD, Cámaras Agrarias, planes provinciales, del artículo 15 de la LOFCA, ni de la estabilidad del Gobierno, etc..

Yo creí que el señor Sánchez Presedo, Portavoz del Grupo Socialista en esta ocasión, iba a darnos algunos datos, iba a responder a alguna de aquellas preguntas que quedaban flotando en el ambiente, iba en suma a explicarles a todos los ciudadanos, a través de esta Cámara, cuales eran las claves de muchos de los temas que aquí no han tenido respuesta. Y tengo que de-

cirle, señor Sánchez Presedo, que usted ha pronunciado un discurso en la misma línea que el de su compañero de Partido y candidato a Presidente señor González Laxe.

Las grandes dudas que había cuando se inició este debate siguen sin resolverse. Usted ha dicho que ha pactado con las demás fuerzas políticas tres grandes objetivos:

Devolver la confianza al pueblo. Señor Sánchez Presedo, ¿cree usted que al pueblo se le devuelve la confianza con esta actuación política?

Estabilidad del Gobierno. ¿Está usted seguro --y le hago la misma pregunta que le hacía en el día de ayer al señor González Laxe-- que éste va a ser un Gobierno estable?

Y en tercer lugar, tercer gran objetivo que usted dijo que han pactado con otras fuerzas políticas: oferta programática, seria, positiva, etc., para Galicia. Señor Sánchez Presedo, ni el señor González Laxe ni usted en el día de hoy han hecho ninguna oferta programática concreta, ni siquiera han dado respuestas a esas grandes cuestiones que han preguntado otros Diputados de otras fuerzas políticas y yo mismo en representación del Gobierno.

No me queda más remedio que ratificarme en lo que yo hablaba en el día de ayer de que estábamos ante una especie de "Alicia en el país de las maravillas" o ante una especie de cuento que, efectivamente, usted en el día de hoy ha vuelto a reiterar.

Habla usted, señor Portavoz del Grupo Socialista, de la poca credibilidad en la Autonomía. Señor Sánchez Presedo, ¿cree usted que esta solución genera credibilidad en el pueblo gallego? ¿Lo cree usted sinceramente?

Ha dicho usted o ha preguntado --y yo le voy a responder-- si sería sensato dejar que la crisis se

convierta en crónica. Yo le pregunto, señor Sánchez Presedo: ¿es sensata la solución que ustedes le dan a la crisis?

Habla de que ustedes pueden tener la cabeza muy alta. ¿Lo cree usted sinceramente?

Habla de la autoridad moral de los socialistas. ¿Cree usted que los socialistas tienen autoridad moral después de la situación que aquí estamos viviendo?

Habla usted de situación rigurosa y de rigor. ¿Cree usted que esta es una solución rigurosa?

Habla de fórmulas positivas. ¿Es realmente esta una fórmula positiva?

De dignidad parlamentaria. ¿Cree usted que los comportamientos de todas y cada una de las personas que van a emitir su voto es un comportamiento digno? ¿Lo cree usted sinceramente?

Critica usted que nosotros nos hubiésemos mostrado partidarios en un determinado momento de las elecciones anticipadas y de que hayamos presentado un proyecto de ley, cambiando ciertamente de criterio, para que el Presidente pudiera disolver la Cámara. Critica usted esa posibilidad y dice que a la Coalición Popular solamente le valen aquellas situaciones en las cuales tiene una mayoría absoluta y que si no ganara las siguientes elecciones con mayoría absoluta pues volvería nuevamente a disolver la Cámara. Pero es que lo realmente grave de esta situación, señor Sánchez Presedo, es que los socialistas nunca ganarían las elecciones, ni por mayoría absoluta ni por mayoría relativa. Y eso es lo auténticamente grave de esta situación. Y realmente yo creo que es bastante mejor, creo que es bastante más digno, bastante más riguroso y desde luego permite andar por la vida con bastante más autoridad moral si se le da al pueblo la posibilidad de que vote que no la posición en que

otras personas decidan con los votos del pueblo, muy en contra por cierto de sus criterios en otros momentos diferentes. Por tanto, señor Sánchez Presedo, poco creo que quiera añadir a las palabras que usted ha pronunciado.

Ha hablado o ha dado unas pinceladas, quizás porque no tenía tiempo suficiente, de los problemas de la educación. No ha dicho absolutamente nada de todo lo que yo hablaba ayer de la educación. Como el señor González Laxe no entró para nada en el tema de la educación tampoco lo ha hecho usted hoy.

En el tema de la salud ustedes no tienen autoridad moral ninguna. Hablaba antes usted de autoridad moral para hablar de la sanidad. No hay ni un solo ciudadano en Galicia que desconozca como están en estos momentos las residencias sanitarias del INSALUD. Hemos padecido todo tipo de problemas. No hace mucho se debatía en esta Cámara la situación de la residencia de la Seguridad Social en Lugo, y era precisamente a instancias del Grupo Parlamentario de Coalición Galega. No hablen ustedes ahora, señor Sánchez Presedo, de los problemas sanitarios, porque ustedes cuando pretendieron resolver los enormes y difíciles problemas sanitarios que tiene España han fracasado estrepitosamente, y eso es algo que reconoce la totalidad de la población española.

No hable usted de la vivienda. Lo saca ahora a colación después de que el señor González Laxe al exponer su programa ni siquiera lo mencionara.

Habla usted de los dirigentes sindicales. ¡Hombre!, yo no sé que relación tiene usted o deja de tener con los dirigentes sindicales. Pero desde luego todas las manifestaciones y toda la protesta social que se hicieron en los últimos tiempos en Galicia no estuvo provocada precisamente por decisiones que hubiese tomado la Xunta de Galicia. Antes al contrario, toda la protesta social que hubo en las ca-

lles estivo motivada por decisións que tomaron sus compañeiros de Partido en el Gobierno de Madrid.

Señor Sánchez Presedo, yo ya poco más le voy a decir. Sigo esperando a que se me dé respuesta, que estoy seguro que no se me va a dar, a las preguntas que formulaba en el día de ayer. En cualquier caso, usted dijo que hay que terminar con el espectáculo. Mucho me temo que lo más que puedo concederle es que estamos en el punto más álgido del mismo.

(Aplausos nos escanos da dereita).

Muchas gracias.

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez Presedo, ten cinco minutos para rectificaci6ns.

O señor SANCHEZ PRESEDO: Señor Presidente, Señorías, cando o representante dun Goberno acode a esta Tribuna para interpelar ó representante dun Grupo Parlamentario sobre de cales son as súas intencións verbo do futuro deste país, paréceme que ten algo xa asumido con toda claridade, e é de que o Goberno non ten xa iniciativa política.

Porque neste debate, nesta Sesión de censura constructiva, a todos nos agradaría coñecer que é o que pretende este Goberno, que se diga. Nós xa o expuxemos con claridade: queremos ofrecerlle a Galicia un Goberno estable para dous anos, con obxectivos claros e concretos, expostos aquí polo noso candidato, e sobre dos que o Goberno e calquera Grupo Parlamentario pode debater con Fernando González Laxe. Esa é a nosa proposta con absoluta claridade.

¿Que pretende o Goberno? ¿E que o Goberno non reconece que carece de apoios na Cámara? ¿E que este debate non foi suficientemente clarificador como para que exista xa

na sociedade galega a predicci6n clara de que este é un Goberno en absoluta minoría nesta Cámara incapaz para seguir realizando as súas responsabilidades? Isto está claro. Vostedes a estas alturas teñen que asumir que non contan xa con resortes para darlle unha solución positiva á crise política de Galicia. E isto hai que asumilo, e cando isto se asume pásase a outro nivel.

Pero mire, señor Rajoy, vostede utiliza "Alicia no país das maravillas". Xa me agradaría a min que realmente este país fose un país de maravillas. Pero eu voulle a seguir cunha obra do mesmo autor, de Lewis Carroll, que a escribiu despois, foi "Alicia do outro lado do espello". O espello a que eu antes aludía cando me refería a que a censura era simplemente o acto do Grupo conservador de mirarse no seu propio espello. Pois nesa "Alicia de outro lado do espello" hai un diálogo entre Alicia e a raíña. E un diálogo que sempre me entusiasmou, porque di: "este é un país moi singular, no que para manterse no mesmo sitio un ten que correr con tódalas súas forzas, e para avanzar algo un ten que corre--lo dobre do que son as súas forzas". Nós o que pretendemos é pasa--lo espello e que Galicia corra o dobre das súas forzas para que poida avanzar.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Señor Vicepresidente, ten igualmente cinco minutos.

O señor VICEPRESIDENTE DA XUNTA (Rajoy Brey): Señor Presidente, voy a hacerlo desde el escaño, con su permiso, muy brevemente.

Mire usted señor Sánchez Presedo, el Gobierno pretende seguir aplicando su programa de Gobierno y en el supuesto de que eso no fuera posible que se repete la voluntad popular. Y ustedes pretenden acceder al Gobierno con los votos que no tuvieron en las elecciones y con

los votos que este Gobierno sí tuvo en las elecciones. Usted, señor Sánchez Presedo, en la línea argumental que ha utilizado el Partido Socialista en este debate, nos ha vuelto a contar otro cuento. Ha dicho, me pareció entenderle, que para estar en el mismo sitio hay que correr mucho. Pues hay quien va a estar en el mismo sitio, porque ha corrido mucho y ustedes lo van a tolerar.

Muchas gracias.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Señor Presidente, Señorías, señor Sánchez Presedo, dá a impresión de que o collemos en bocadillo entre dous representantes da Coalición Popular. Non é esa a nosa intención. A min ocórreseme dicirlle simplemente que vostede si nos pintou un país idílico. Eu ata estou disposto a crerllo como meta, pero sempre e cando este país non pertenza a España e non estea gobernado por Felipe González. Dá a impresión, Señorías, de que deixamos de ser españois.

Eu creo que este debate empezou unha dinámica de certo tedio. Comentáboo onte amable e cordialmente co señor candidato censurante. E dicíao porque me dá a impresión de que desde certa intervención que se produciu onte nesta Tribuna o protagonismo xa non é seu, señor censurante. Terao que recuperar, non sei como, pero xa non é seu.

Ontescoitamos, ademais unha historia de Churchill, fermosa historia, certa historia, evidentemente. Pero eu teño outra historia que contar. En determinada ocasión, o propio Churchill atopándose nos servicios do Parlamento, lugar de visita obrigada por certo, comprobou como se lle acercaba o líder laborista e durante ese proceso de acercamento detívoo dicíndolle: "Señoría, pare, porque vostede en

canto ve algo que funciona con normalidade non dá vencido a tentación de nacionalizalo. Por esa razón o señor Churchill nunca se pasou nin tan sequera apoiou ós laboristas, que neste país España chámanse socialistas.

Agora paso a expoñe--la postura do noso Grupo. E evidente --dixérono tódolos señores Portavoces-- que en Galicia hai tensión. A min dáme a impresión --así o din os cidadáns, polo menos os que eu escoito-- de que eles están asistindo inermes ó que eles mesmos tildan de espectáculo político. E, desde logo, as Súas Señorías recoñecerán comigo que as cuotas de celebridade deste país, triste celebridade, acadaron un altísimo e impropio grao.

Eu creo que unha descrición do panorama arrincando desde hai dous anos, tal como nesta Tribuna se fixo, podería empezar a darnos algo de luz e desde logo excita--las posibilidades de solución por parte deste Parlamento. Porque, Señorías, é evidente que institucionalmente as temos, posto que sómo--los representates do pobo.

Houbo unhas eleccións autonómicas en 1985, hai escasamente dous anos. O seu resultado produciu a evidencia dun pluralismo que todos coñecemos. A Cámara pasou a integrarse por catro Grupos Parlamentarios, o cal non significaba que había 34 dun lado, que eran os da Coalición Popular, e 37 doutro, que eran os outros tres Grupos Parlamentarios, senón que había 34 da Coalición Popular, 22 do PSOE, 11 de Coalición Galega e 4 do Grupo Mixto, tres pertencentes ó Partido de Esquerda Galega e un un pertencente ó BNG.

¿Que significa este resultado? Simple e exclusivamente que o pobo de Galicia lle dixera á Coalición Popular: "gobernen vostedes". Era unha maioría minoritaria, certo, pero tan alta que estaba tan só a dous escanos de distancia da maioría absoluta. E vénlle dici--lo po-

bo de Galicia: "calquera alternativa terana que buscar vostedes mediante a suma mecánica nunha Cámara de factores absolutamente heteroxéneos, inconectables entre si, porque os seus programas son absolutamente diferenciados, porque verdadeiramente as súas discrepancias de fondo ou de filosofía política son de tal grao que facer ese grupo heteroxéneo significaría tanto, Señorías, como intentar probablemente o imposible.

Logo de pasar uns meses fracturouse o Grupo de Coalición Galega. Non ten demasiada transcendencia porque non era súa a responsabilidade de Goberno. Pero si houbo unha excisión no Grupo de Coalición Popular, mediante a ausencia voluntaria de 5 Deputados. Entón a Cámara quedou conformada por 30 Deputados da Coalición Popular, 22 do PSOE, 10 de Coalición de Galega, incluídas as novas presencias daqueles 5 que voluntariamente marcharan da Coalición Popular, e 9 no Grupo Mixto, entre eles os 5 do PNG. Toda esta historia coñécese as Súas Señorías. O certo é que os 30 Deputados da Coalición Popular aínda seguen representando a maioría relativa nesta Cámara.

¿Pero que sucede co resto dos Grupos? Parece, Señorías, que, agás algunhas excepcións, o resto se aglutinou nesa mistura heteroxénea, que eu digo e creo que coa única finalidade de toma e reparto do poder.

¿E cales son as conclusións inmediatas que temos que sacar? Por un lado, alterouse a estabilidade e a situación inicial que o pobo de Galicia creara nestas urnas mediante aquelas eleccións autonómicas. En segundo lugar, que se creouse dentro desta Cámara o clima necesario para formar ese grupo final heteroxéneo que quere tomar e repartir-lo poder.

En consecuencia, diríalles, Señorías, que en principio a operación de toma de poder non é conforme coa vontade popular segundo aquí

reiterativamente se dixo. Atopámonos coa circunstancia de que Deputados votados por se--la contraposición ó Partido Socialista van se--lo elemento propiciador da toma de poder por parte do Partido Socialista.

Nestas circunstancias é cando se produce a moción de censura. Entón ninguén nesta Cámara debate a súa legalidade. Por favor, que ninguén intente crer que o Grupo Parlamentario Popular ten a menor intención de falar de ilegalidade desta moción parlamentaria. O Estatuto de Autonomía, a Lei da Xunta e mailo propio Regulamento desta Cámara predicán a súa legalidade.

A seguir véxome na necesidade de facer ás Súas Señorías reiterativas preguntas e espero que cada quen as conteste primeiro no seu interior e logo, se lle é posible, no seguinte turno de intervención desde esta propia Tribuna e publicamente.

¿Quen se atreve a afirma--la lexitimidade --termo distinto de legalidade-- dunha moción de censura cando pretende ampararse para acadar-lo éxito na creba da vontade popular?

¿Quen se atreve a afirma--la lexitimidade dunha moción de censura que intentando usar escanos obtidos pola Coalición Popular pretende derribar á propia Coalición Popular?

¿Quen cre na lexitimidade dunha operación mediante a cal a esquerda de Galicia substitúe ó centro--dereita, pero utilizando precisamente escanos obtidos con milleiros de votos dese centro--dereita?

Non nos enganemos, Señorías. A min dáme a impresión que si é transcendente se un Goberno determinado pervirirá ou morrerá en máns de tan insólita iniciativa, como é esta neste caso concreto. Pero páreceme que é infinitamente máis transcendente, e este é o verdadeiro cerne do debate, primeiro, a mo-

ción ética da representación política, que é a base da democracia parlamentaria occidental. En segundo lugar, tamén a posibilidade ética de alterar artificialmente a mans parlamentarias o espectro ideolóxico da sociedade acreditado polo pobo nas urnas.

A lei maillo Tribunal Constitucional véñennos dicir que o mandato dos señores Deputados non é imperativo. Pero posteriormente tódalas teses políticas do mundo occidental nas democracias partidistas véñennos dicir que a medida que foron crecendo, asentándose e arraigándose os Partidos o senso de disciplina foi crecendo e aumentando na mesma proporción. En consecuencia, a disciplina está asumida en todo o noso entorno organizativo do mundo occidental como un compromiso público e firme, voluntariamente asumido ante os electores.

E non me diga en plano de aquilatar que en todo caso o senso de disciplina nunca pode anular a liberdade de opción do señor Parlamentario. Evidentemente que non a pode anular, e esta tamén é a tese dos tratadistas políticos cando se trata de propostas concretas e de actitudes concretas. Pero si está vetado --e insisto que esta é a súa tese-- cando verdadeiramente do que se trata é de alterar aquel espectro ideolóxico da sociedade trocando o que era Goberno en oposición ou trocando a oposición en Goberno, amparado precisamente en votos procedentes daquela opción que se derriba. Así o entenden todos e diría que este é o principio mínimo da democracia, se é que á democracia representativa e parlamentaria lle queremos da--lo componente ético necesario.

Señor Presidente, eu rogaría-lles a certos Deputados que se non lles interesa o discuro que se ausenten da Cámara.

O señor PRESIDENTE: Señor Portomeñe, a Presidencia chamará á orde cando o estime pertinente. Rógo-

lle que se absteña de facelo desde a Tribuna e que continúe co uso da palabra.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Moitas grazas, señor Presidente.

Insisto en que non entender isto así, probablemente, é quitarlle o necesario componente ético á idea que da democracia creo que todos temos e debemos ter.

Digo, Señorías, que en consecuencia a moción é absolutamente ilexítima. Non vale a argucia de formulala co pretexto da falta de eficacia dun Goberno e dígolles por que señores censurantes. Cando vostedes levaron o debate por elevación a debate sobre o concepto mesmo da democracia representativa, evidente. En consecuencia a eficacia do Goberno quedou como un elemento minorado que se converteu nun mero pretexto, ó meu criterio, para a toma e reparto do poder. Esta é a realidade por moito que alguén nesta Cámara intente disfrazala. E diríalles que mesmo me era posible apelar a expresións que non me corresponden, senón que lle corresponden a coñecidos líderes do Partido Socialista cando terminante e concluintemente dixeron nos medios de comunicación que a moción así acadada, buscando eses apoios, aceptando e asumindo eses apoios como instrumento de toma do poder, deixaba de ser ética e non parecía correcta. Isto é o que dixeron líderes do Grupo censurante, que non o digo eu.

Dígolles máis. A min dáme a impresión de que isto é tal toma de poder que recordo neste momento as declaracións que alguén fixo nunha revista política nacional onde se dicía que había disposición por parte de Coalición Galega a entrar nun Goberno presidido polo señor González Laxe, pero a condición de que Coalición Galega obtivese o 50% das Consellerías. A resposta que esa propia revista lle imputaba a vostede, Sánchez Presedo --resposta correcta evidentemente--, era "isto

non é unha tómbola".

Pero o que si quero reseñar ante as Súas Señorías é o terrible matiz que se advertía na pretensión da ocupación do 50% das Consellerías e o mesmo e idéntico terrible matiz que se advertía na resposta: o afán desa opinión que por aí empezaba a circular de que do que se trataba era da toma e do reparto do poder sen importar demasiado como. Porque, ademais verdadeiramente, Señorías, ¿quen criticou nesta Tribuna a eficacia do Goberno se esta é a lexitimación para criticar que inicialmente ten que busca--lo autor de calquera moción de censura? Criticárona os que se reafirmaron así mesmo en oposición, ó meu criterio, absolutamente artificiosa. E sendo isto así, ¿que oposición non se dedica a criticar ó Goberno? Esta é a súa función en democracia. Mentres exista democracia existirá oposición e mentres exista oposición existirá crítica.

Pero tamén teñan en conta as Súas Señorías que cando se trata da crítica dentro dunha moción de censura hai que optar pola coherencia de criticar sobre a base de incumprimento dos propios programas de goberno, porque ese programa de goberno foi o que o lexitimou para acceder ó poder a través das urnas concretamente. O que non vale é arbitra--los desexos propios ou o pretendido propio programa como elemento fustigante do incumprimento de metas, de obxectivos, de criterios, de comportamentos e de talentos que non conformaban parte dese programa de goberno.

A min dáme a impresión de que, efectivamente, nesta Tribuna as críticas se formularon máis amparadas nos desexos do propio programa que foi rexeitado nas urnas ca no nivel de cumprimento do programa de goberno.

Pero chegados aquí tamén me interesa facer unhas poucas preguntas e investigacións. Xa foron formuladas pero vou reiteralas porque non foron respondidas.

¿As Súas Señorías investigaron acaso o sentir dos cidadáns? ¿Foron as Súas Señorías máis alá do propio círculo de íntimos que moitas veces é unha tea de araña que non lles permite ve--la propia realidade? Observen as Súas Señorías que durante os tres últimos lances electorais habidos en Galicia a Coalición Popular obtivo un progresivo maior apoio e os programas e oferta electoral consecuentes do Partido Socialista obtivo un decrecente apoio, a perda electoral nun país coma este, onde aínda segue sendo alta a abstención fronte ás urnas, supuxo unha perda aproximada de 100.000 votos para a súa opción.

Xa sabemos en consecuencia, Señorías, nun principio a quen lle dá a espalda o país e a quen apoia o país. Pero a min dáme a impresión de que isto non importou á hora de formular esta moción de censura. A min dáme a impresión de que vostedes o que tratan é simplemente de derriba--lo Goberno, aproveitando votos que nun principio apoiaron esa propia acción. A min o que me dá a impresión é de que as Súas Señorías non se resistiron á creación dunha extraña amalgama onde se misturan nacionalismos, centralismos, dereitas e esquerdas, e que o único importante diría que é sumar 36 votos. Entón eu empezaría a pensar que entre a ética --e non é miña a palabra, repítolles, é dos seus líderes socialistas-- e a aritmética vostedes preferiron a aritmética gananciosa.

Diríalles señores socialistas, señores censurantes, que París ben vale unha Misa. Recordarán a historia daquel rei francés Henrique IV que cando lle foron a oferta--la coroa e lle puxeron como condición que se apease do seu credo de hugonote e se convertise ó catolicismo, el, ante o olfacto do poder, rápido e veloz, decidiu a súa conversión e sintetizouno nesa frase que lles estou dicindo: "París ben vale unha misa".

Entón, ¿cal é a súa tradución a Galicia? A tradución é moi sim-

ple. A Xunta ben vale o extraño cóctel de nacionalistas, centralistas, dereitas e esquerdas, e esa é a misa que tratan de organizar en Galicia ó meu criterio, parodiando ó monarca francés.

¡Que rápido esqueceu, señor Sánchez Presedo --dígollo sinceramente--, aquela vella tese teimudamente defendida en público por don Felipe González, Presidente do Goberno, don Alfonso Guerra, Vicepresidente, e os demais líderes socialistas! ¡Que rápido esqueceu que os únicos lexitimados en democracia para gobernar eran as maiorías, fosen absolutas ou non! Isto foi o seu credo a raíz das eleccións celebradas no 87. ¿Por que? Porque lles conviña. Perderan a maioría absoluta en moitas Deputacións, en moitos Concellos e en varias Autonomías. Iso implica, Señorías, que vostedes apeando esa tese, porque agora xa non lles vale e estórballe para os seus propósitos de Galicia, verdadeiramente o que intentan é medir ós contrarios absolutamente con distinta vara. Por iso lles digo, tamén en consecuencia, que vostedes están practicando un rancio hedonismo, pero que ten a virtualidade de ser impresentable publicamente.

¿E que hai que dicir dos demais? Pois, simplemente, a min dáme a impresión de que os demais o que pretenden é participar tamén naquela misa de Henrique IV de Francia: o poder ben vale unha misa. Non importan as diferencias programáticas, e vounas saltar un pouco por encima porque algunhas delas son verdadeiramente paradoxicas. Tam pouco importan as afinidades. Non importa absolutamente nada. Non vou falar dos excindidos da Coalición Popular, notoriamente a súa ideoloxía é a contraposición á súa e notoriamente foron votados porque a súa ideoloxía, a súa presenza nas listas electorais, supoñía a contraposición ó socialismo. Polo tanto, falar deles é absolutamente innecesario.

Non me resisto a falar de Coa-

lición Galega. Coalición Galega fixo uns programas que eran mimetismo case absoluto, no fundamental, no esencial, dos programas elaborados pola Coalición Popular. Esa foi a razón pola que reiterativamente foron invitados a participar no Goberno para lograr unha maioría estable, e xa falarei da historia pactista deste Partido.

Pero o certo é que eses mesmos programas son absolutamente dicotómicos cos programas do Partido Socialista. Diríalles, Señorías, como exemplo e como recordo, que en educación Coalición Galega di que pretende e vai potencia--la normalización lingüística ata acadala de xeito total no ensino. O programa do Partido Socialista non cita nin tan sequera o galego como lingua vehicular.

Podía empeza--las preguntas. ¿Como van facer despois? ¿Acaso o Partido Socialista vai soportar ou sufrir unha reconversión, tipo reconversión naval que sufriu este país, e polo tanto acceder ó galeguismo? ¿Ou polo contrario Coalición Galega vai rebaixa--lo seu nivel e quedarse simplemente en coalición, con dúbidas sobre o do galego?

Se eu lles falo ás Sús Señorías do programa de sanidade chegamos a unha conclusión moito peor aínda. Coalición Galega recoñece a acción privada sanitaria e afirma que é socialmente útil. O PSOE, pola súa parte, considera innecesaria a utilización dos servizos privados. Coalición Galega é contraria á estatalización global. O PSOE é favorable. Coalición Galega senta o principio da potenciación da liberdade de elección de médico, de centro asistencial e de sistema. O PSOE non dá estas posibilidades. Coalición Galega quere abandona--lo actual sistema de cuotas. O PSOE quere mantelos. Coalición Galega quere unha avaliación da rede hospitalaria privada. O PSOE di que os centros privados son innecesarios.

Se as Sús Señorías amalgamadas

en Goberno acadan o INSALUD, ¿que pensan facer con el? ¿Cal é a política que van seguir, unha, a outra, a de máis alá, ou simplemente o mellor é renunciar ó recurso de inconstitucionalidade e dicirlle a Madrid que siga gobernando o INSALUD?

Se falamos da historia pactista de Coalición Galega tamén é suficientemente alleccionadora. Alá nun principio houbo unha notable dilación da investidura do Presidente da Xunta ante as súas dúbidas e contradicións. O final abstivéronse. Produciuse a investidura. E a seguir logo despois empezou unha dinámica en Coalición Galega que verdadeiramente eu creo que na Cámara ninguén sabía se era Goberno, se era oposición ou todo o contrario. O final decidiu un pacto legislativo coa Coalición Popular que durou aproximadamente seis meses. Concluído este período, a Coalición Galega acordou que rapidamente que había de acudir en auxilio da esquerda, entronizala no poder e dicir que todo cambiara porque cambiaran as circunstancias. ¿E saben cales eran as circunstancias que cambiaran? Pasmosamente era a marcha voluntaria deses 5 Deputados da Coalición Popular que Coalición Galega recibiu perfectamente no seu regazo agora na actualidade.

Tampouco me vale que me falen de que ese programa lido aquí --del falaremos nun momento dado despois-- polo señor candidato censurante resulta que é un programa de posta en común. ¡Por favor, Señorías! E aquí repetiuse nesta Tribuna. Verdadeiramente a moción de censura --e xa o dixen antes-- e o programa conseguinte foi desde a propia iniciativa dos socialistas; non foi co concurso de ninguén. As reunións fatigosas comenzaron despois, pero foi con outra finalidade: para efectos de poñerse de acordo na toma e reparto do poder, non para efectos de construír principios en común, para efectos de que exista de cara ó futuro, se é que iso se vai producir, un Goberno coa mínima coherencia e en conse-

cuencia coa mínima garantía de estabilidade.

En canto á Esquerda Galega ten tamén unha historia moi peculiar. Cando se anunciou publicamene a presentación da moción de censura, señor Nogueira, é certo que vostede coherentemente coa postura mantida desde esta Tribuna dixo que se sumaría, pero sen entrar no Goberno. Acto seguido os medios de comunicación manifestaron as súas intencións así explicitadas de entrar no Goberno pero ademais a dúas bandas: só o PSOE e máis vostede. ¿Vostede que pretendía con isto? ¿Saír ó encontro da incoherencia que significaba a suma de Grupos tan heteroxéneos? Pero a Súa Señoría non se decatou de que só parcialmente lograba esa coherencia, e era en canto a que ambos son esquerda. Pero recorde a Súa Señoría, por favor, que é nacionalista --e eu creo que convencido-- que a miña banda aquí da esquerda é centralista, creo que tamén convencida, e coa mesma lexitimidade cada cal adopta a súa postura. (O señor Nogueira pronuncia unhas palabras que non se perciben ben)

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Nogueira!

O señor VAZQUEZ PORTOMENE: O certo é que vostede tivo a intención de entrar no Goberno. Ante esa situación eu teño que dicirlle como á Coalición Galega que París ben vale unha misa. Explíquese aquí porque, por Deus, despois de subir á Tribuna e afirmar reiterativamente que vostede non asume os postulados do PSOE, despois de dicir e falar do desgoberno da reconversión naval, da cuota da leite, etc., despois de todo iso, acabounos dicindo a Súa Señoría primeiro que se sumará, pero acto seguido que será pechada e total oposición. Señor Nogueira, eu creo que a súa postura é moi difícil de traducir a termos de coherencia.

En canto ó seu discurso pronun-

ciado onte, señor candidato, a min ocorrense unhas brevísimas observacións.

En primeiro lugar, este non foi un discurso baleiro de programa. Isto é evidente, aínda que paradoxicamente a Súa Señoría nos afirmou dialecticamente o contrario. Pero limitouse a relatarnos unha declaración de intencións desprovista de obxectivos. ¿E por que lle digo desprovista de obxectivos? En política os obxectivos defínense non só pola meta que se quere acadar, senón que se definen tamén pola precisión do tempo e dos medios de toda índole, especialmente dos financeiros. A Súa Señoría non aludiu para nada a isto. Limitouse estritamente a facer un rosario de intencionalidades, e estamos esperando sinceramente que responda a todas as preguntas que lle formulou o Vicepresidente. Non nos veña coa historia de que o Vicepresidente á hora de formular todas esas preguntas expresou xa un derrotismo desde esta Tribuna. Non se trata diso, calquera que sexa o seu estado de ánimo, que o descoñezo. Trátase simplemente de que Galicia é lóxico que estea preocupada, señor candidato alternativo, por cal vai ser o seu futuro, non polas súas intencións, senón polos seus obxectivos concretos, polos medios con que vai contar para acadalos. Non me vale tampouco o rosario que se fixo aquí á hora de enumerar as competencias da Comunidade Autónoma. A min deume a impresión de que o señor Portavoz socialista intentaba suprir este vacío do programa. Pero verdadeiramente só se enumeraron competencias e verdadeiramente non se converteron en obxectivos. Non se dixo como se ían exercitar, con que finalidades, cales eran as metas, o tempo e os medios financeiros.

En segundo lugar, eu quería dicir que o seu discurso conectou perfectamente co centralismo baixo os disfraces de diálogo, de cooperación, de convenios. A min dáme a impresión de que Galicia vai pasar por un período de sometemento á Ad-

ministración Central. E diríalles, Señorías, que non é que non o desexe eu, non é que non o desexe quen teña a menor vocación nacionalista, non é iso; é que non o desexa a Constitución. Dentro deste país, e conforme á Constitución, todas as institucións territoriais teñen cada unha as súas sagradas competencias, chámese Concello, chámese Autonomía, chámese Estado, o que queiran. Cada unha ten as súas sagradas competencias, e dentro desa orde e dese reparto non hai subordinación xerárquica. Cada un está situado no mesmo plano, naturalmente que dentro das súas competencias específicas que non comparte con ninguén. Particularmente, no programa de educación, respecto do cal se botaron palabras de verdadeiro lirismo, unha cousa parecida ó que fixo aquí o señor Portavoz socialista desde a Tribuna, o certo é que aquí a min me deu a impresión de que se repetía o programa do señor Maravall, insisto que con lirismo, pero notablemente recortado tamén.

Por último, quería dicir que en moitas partes do seu programa, chamado programa, mostrounos, diríamos, por ser un pouco suaves, unha certa mala conciencia con este país. Por exemplo cando se referiu á recente crise industrial e recoñeceu abertamente que Galicia sufrira moito máis ca ningunha outra Comunidade Autónoma. A gran pregunta é: ¿a mans de quen? En segundo lugar, cando se referiu á produción láctea e dixo que vai negociar co Goberno Central unha aplicación non lineal das cuotas comunitarias. Paréceme ben que se corrixa anteriores deficiencias ou anteriores faltas de apoio, porque eu quero recordarlles ás Sús Señorías que había unha Plataforma láctea neste país na que estaban integradas todas as forzas políticas, sindicais, asociacións, etc., e que resulta que Unións Agrarias, sindicato socialista e mailo Partido Socialista eran as únicas forzas que decepcionaron de toda esa Plataforma que tiña por finalidade reivindicacións esenciais para este país. Se a Súa

Señoría o logra, aplaudireino.

Ou cando falan de poñer en práctica medidas valentes respecto da lingua, parece que esta é unha pantalla na que tratan de disfrazar aquel recurso que lle meteron a Galicia respecto da Lei de Normalización Lingüística. Sinceramente a súa intervención de onte a min non me ofrece máis observacións ca estas.

Dixen nun principio que Galicia está respirando tensión e insisto en que a responsabilidade non é concretamente do Goberno Galego. Eu diría que de movementos políticos que parecen que non responden ós cánones democráticos. Diría que hai que buscar solucións. Diría, Señorías, que, en todo caso, á hora da busca das solucións o que non se pode de ningunha forma é ataca--las lexitimidades consagradas polo pobo nas urnas. Diría que, polo tanto, no noso criterio a solución non pasa pola súa investidura, señor candidato. E, en último caso, como observo o desasosiego, o desacougo do Grupo censurante, eu diríalles que, a pesar das contraafirmacións e das contraargumentacións anticipadas que se pretenderon, se decidan dunha vez a que Galicia fale. E dicir, a que exista unha convocatoria de eleccións, a que nos diga o pobo quen quere que o governe. Señorías, ¿non terán medo quizais da consulta popular ou téñeno? ¿Acaso vostedes tampouco se fían da decisión do pobo? Confiense, por favor, porque sexa cal sexa é o democrático. Nos fiámonos desa decisión e sobre todo propugnamos esta saída a esa famosa confusión creada ou tensión existente, porque entendemos que é a saída máis ética e a única coherente co sistema de democracia representativa. En consecuencia, Señorías, opten por esta saída.

E, señor candidato, eu comprendo que vostede probablemente atrapado nunha dinámica moi especial, emprendida esta dinámica e empuxado, non poida decidirse por esta solución ética e democrática. Pero un quereio previr de que tódalas ra-

zóns que vostede busque para contraoñer serán puras escusas que chocarían ó meu criterio co senso de pureza democrática. Todas elas supoñerían un afán de fuxir da sentenza das urnas e todas elas apuntarían que o que a vostedes lles importa, e aínda que termine invocándose o nome de Galicia, sería a aritmética gananciosa, artificialmente manexada.

Precisamente no nome de Galicia, señor candidato censurante, eu dígolle que nos axude a que Galicia fale.

Gracias.

(Aplausos na Sala nos escanos da dereita).

O señor PRESIDENTE: Suspéndese a Sesión durante vinte minutos.

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

O señor PRESIDENTE: Continúa a Sesión.

Por favor, ocupen os seus escanos.

Resposta do candidato. Don Fernando Gonzalez Laxe ten a palabra.

¡Silencio, por favor!

O señor GONZALEZ LAXE: Señor Presidente, Señorías, logo de escoita--las intervencións de tódolos Grupos Parlamentarios...

O señor PRESIDENTE: Un momento señor González Laxe.

Rógolles ós señores dos medios de comunicación que manteñan silen-

cio.

Pode continuar.

O señor GONZALEZ LAXE: Gracias, señor Presidente.

Dicía que logo de escoitar ós Portavoces dos Grupos Parlamentarios e tamén de parte do Executivo segue preocupándome o concepto mesmo do que é unha moción de censura.

Moción de censura que, como todos vostedes saben, ten dúas fórmulas nos reximes parlamentarios: a constructiva con candidato alternativo, que é o caso de España, o caso de Galicia, o caso da República Federal de Alemaña; ou a negativa sen candidato, como pode ser-lo caso de Francia, de Italia, de Grecia ou de Portugal. Pero cando se presenta unha moción de censura constructiva con candidato alternativo, e a nosa moción de censura estaba baseada na inoperancia, na ineficacia, na inconsistencia do Executivo, cunha cabeza visible que é o señor Presidente, agardabamos que fose o Presidente o que saíse á Tribuna a defende-la súa propia xestión. Estou certo que o Presidente da Xunta sairá a esta Tribuna tamén a dici-lo que pensa e o que fixo. Pero tamén sería moito máis bonito que o fixese desde o comenzo.

Despois de escoitar ó Portavoz do Grupo Popular, os argumentos que utilizaba eran fundamentalmente dous e dígollos con toda a cortesía, señor Vázquez Portomeñe. A nos, ós socialistas, censúranos por presentar unha moción de censura. Esta é a base: ¿por que nós presentamos unha moción de censura? Isto é o que máis lle preocupa a vostede. Non lle preocupa o programa que poidamos levar a cabo, nin lle preocupan as garantías que lle poidamos dar ó pobo galego, nin tampouco o que se pode comenzo a partir de agora. Ou, señor Portavoz do Grupo Popular, vostede no seu discurso mesmo se sitúa perigosamente nunha postura que diríamos que tenta de lexitimar eticamente a tódolos Par-

tidos que apoian a moción. Vostede creo que está confundindo dous elementos básicos na vida parlamentaria: un, a vontade popular e, outro, a vontade do Parlamento. Se vostede está cuestionando isto, evidentemente o que está cuestionando é a raiceira mesma do que significa a democracia. Está cuestionando exactamente iso.

A sociedade galega pode dicir algo nas urnas e pode beneficiar cos seus votos para que determinados Partidos políticos, opcións lexitimas todas elas, presentando candidatos e programas lle estean a expoñer á sociedade galega o que pensan facer nos próximos catro anos cando se produzan os comicios.

Pero tamén aquí hai unha vontade, unha vontade do Parlamento, cando o Parlamento discute e estamos tódolos galegos preocupados do que se está discutindo no Parlamento. E nese Parlamento adóptanse as decisións, ás veces por maioría, ás veces porque as abstencións cobren para que os proxectos sigan adiante e ás veces porque tamén hai críticas constructivas que desde varias fórmulas, desde a dereita, desde o centro e desde a esquerda, se podan facer a calquera dos proxectos.

Por iso lle dicía con moita cortesía que pensaba que estaba negando a propia institución parlamentaria. E iso preocúpame moitísimo, porque entón os que estamos aquí estamos deslexitimados para poder facer cousas, e creo que non é así. Tódolos que estamos aquí estamos lexitimados porque fomos elixidos. Cada un ten no seu maxín unha idea concreta de Galicia. E como diría o Vicepresidente do Goberno argumentando como José María García: "cada quen ten a súa selección ideal de España". Evidentemente. Pero os Partidos políticos intentan colle-lo mellor de cada un deses maxíns dos militantes, dos seus cerebros, do seu pensamento para poñer a anda-lo país. Estou certo de que todos temos como meta Galicia. Ou como diría o gran amigo de todos nós Valentín Paz Andrade

--xa finado--: "a Galicia como tarefa".

Eu non discuto que cada quen teña na súa cabeza unha Galicia, unha Galicia que para uns irá por un vieiro, para outros irá por outro vieiro diferente. Se vostede non cre na democracia parlamentaria, evidentemente, o que está supoñendo e dando datos de partida é que nos Parlamentos só teñen que existir maiorías absolutas. E, evidentemente, se non se dá ese caso de maiorías absolutas hai que atopar as solucións para que entre varios Partidos ou varias forzas políticas poidan con base en algo concreto darlle unha estabilidade á vida política, e isto adóptase no propio Parlamento.

Sabe vostede, señor Portavoz do Grupo Popular, que se xogamos con números ó mellor as matemáticas poden traicionarnos. Pero, por exemplo, os votos de Coalición Galega máis os votos do Partido Socialista de Galicia--PSOE nas últimas eleccións do 85 superan os votos de Coalición Popular. Polo tanto, ó mellor aí pode haber unha resposta.

Pero, evidentemente, tamén vostede ten que saber, porque coñece ben a historia e tamén como ex-Conselleiro de Educación, que cando Churchill pasou do Partido Liberal ó Partido Conservador non había naquela época Partido Laborista, e cando houbo crise en Inglaterra Churchill tampouco dubidou en pactar co Partido Laborista para levar a cabo as tarefas de goberno. E por iso mesmo cando Galicia está nesta situación, cando estamos neste deterioro existente, hai que buscar as forzas, hai que buscar los compromisos para poder poñer a andar un país e darlle o protagonismo ó país.

Señor Voceiro ou Portavoz do Grupo Popular, eu non teño ningún medo a perde--lo protagonismo, mesmo llo cedo a vostede. O que quero é que o protagonista sexa o cidadán galego, o pobo galego, que é o que está agardando solucións eficaces,

agardando solucións urxentes e firmes. Polo tanto, o protagonista de todo este debate que estamos desde hai dous días formulando aquí é Galicia.

Vostede, ademais, señor Portavoz do Grupo Popular, non pode argumentar que París ben vale una misa; de verdade que non. Estou dubidando se o dicir ou non o dicir; ó mellor paga a pena dicilo para sabelo: ó mellor algún cambio de Partido, ó mellor, vale unha Consellería. Pero, por favor, enténdamo no mellor sentido das palabras. Non axustemos nin tentemos de leva--lo debate a determinadas situacións, senón que o que ben vale un esforzo, o que ben vale unha tarefa, o que ben vale un compromiso serio e firme é traballar polo noso pobo. O resto poden ser anécdotas, anécdotas puntuais que ó mellor nin aparecerán recollidas nos libros da historia de Galicia. O que importa nestes momentos é defender un país por riba de todo.

Polo tanto, cando vostede intenta censurarnos por presentar unha moción de censura, direilles claramente a tódalas Súas Señorías que as razóns da censura son basicamente dúas. Podémolas resumir en dous grandes planos: as políticas e as sectoriais.

As razóns políticas. Dixémolo claramente. Estamos convencidos, e hai moitos máis Partidos políticos convencidos, de que o Goberno da Xunta tivo a oportunidade, a responsabilidade e o deber de comenza--la solución dos problemas de Galicia, tivo moito tempo. Amosou ó cabo dese tempo unha certa inoperancia, unha total incompreensión e ó mesmo tempo unha clara ineficacia. E nós pensamos que con ese aval político que o Grupo Popular tiña despois da Sesión de investidura fundiu todo ese capital e temos unha Galicia que está esvaecida, unha Galicia que non ten contorno, unha Galicia que está desterritorializada, unha Galicia á que non se lle dá ese corpo firme e serio que necesita para os próximos tem-

pos. Unha Galicia, evidentemente, que vostedes están deixando paralizada, que con esa pasividade están retardando os procesos de empezalo camiño do progreso; unha Galicia que está tratando de quedarse ancorada no pasado e non mirar con retos e con garantías.

As razóns sectoriais. ¡Claro que si! Falamos e falamos dos nosos labregos, dos nosos mariñeiros, dos pequenos e medianos comerciantes, dos asalariados, dos obreiros, da xente que fala e pensa que a sanidade, a saúde e o benestar social son elementos básicos, da dinamización cultural. Aí hai saídas, hai proxectos, hai programas, hai alternativas e, polo tanto, debe haber solucións.

Non se pode un escudar única e exclusivamente en que toda a culpa a teñen os demais, nin tampouco pode actuar un Goberno coa única pretensión de tentar de que o resto son os equivocados e só un é o que ten a razón. Non. O pobo galego está composto por moitos miles de cidadáns e todos eles teñen unha concepción. Pero, evidentemente, un Goberno o que non pode facer é transmitir única e exclusivamente as ideas e as teses de un Partido político. Un Partido político en si mesmo é unha concepción, pero o Goberno en si mesmo ten que renunciar moitas das veces a esas concepcións partidarias para tentar de chegar a acordos con outras Administracións. Utiliza--la Xunta de Galicia unicamente como elemento partidista foi quizais unha das razóns importantes para que se rachasen moitísimas canles de colaboración e coordinación e ó mesmo tempo para esvaecer todo un proceso de desenvolvemento estable, fiable e firme para o noso país. Por iso sectorialmente o noso país quedou moi retrasado. Quedou moi retrasado porque non se puxeron en marcha programas importantes e aqueles que se puxeron en marcha foron timidamente expostos. Sobre todo non se participaba nesas decisións, non había diálogo, non había coordinación e permitíase que outras institucións se subisen por

enriba da máxima institución autonómica que é a Xunta de Galicia. Este é o gran problema.

Entón, chegamos a este deterioro, a esa situación de inoperancia, a ese clima de ineficacia. Por iso nós politicamente presentamos esa moción de censura. Vimos que o Presidente e o seu Gabinete eran os culpables, digámolo así, desta situación e nós non podiamos ser cómplices da mesma. De aquí que presentasemos esa moción de censura. Polo tanto, señor Portavoz do Grupo Popular, non nos censuren por presentala, senón que fagan autocrítica do que vostedes deixaron de facer.

Pero hai algo máis que é importante: se a moción de censura é ilexítima. Penso que non. Entón, ¿que distinción hai que facer entre programa e o que é poder? Nós o que buscamos é un programa. Nós o que buscamos son uns compromisos. Nós o que buscamos é que o país volva ser dinámico, que sexa vivo. O resto son argucias que vostede utilizou para tentar de buscar cales son as dificultades que existen, como se isto fose algo indigno do país. E non é así. Isto é lóxico, lícito, democrático nunha situación parlamentaria. Se o pobo galego non lle deu a maioría a ninguén, hai que esgotar tódalas fórmulas necesarias para saír da crise, do deterioro. E agora demostramos que hai ese compromiso firme, seguro, estable, para comprometerse, baixo a fórmula de Goberno de coalición, nun Goberno que sexa eficaz e, sobre todo, que sexa estable. Polo tanto, esa acusación ó meu programa, cae polo seu propio razoamento.

Vostede pregunta tamén se o meu discurso conectou coa sociedade galega. Eu penso que si. Conecta directamente coa sociedade galega porque o que quere a sociedade galega é un Goberno estable. O que quere a sociedade galega é un Goberno que funcione. O que quere a sociedade galega é un Goberno que a poida representar. O que quere a sociedade galega é un Goberno que

faga cousas. O que quere a sociedade galega é un Goberno que a defenda.

Entón, os Partidos políticos, con ese compromiso de deixar á marxe algunhas das súas actuacións partidarias, comprometen ese máximo común denominador. Fano para salvar Galicia, e fano para defender Galicia e para traballar arreo por Galicia. Ese é o compromiso. ¿Que máis compromiso se lles pode pedir a esas tres forzas que traballar por Galicia? Non me acuse a min, nin ó meu Grupo, de que nós estamos intentando tira--lo Goberno polo goberno. Non. Estamos intentando poñer un goberno en Galicia, que hoxe non o hai. Estamos intentando, a través desta moción de censura constructiva, instrumentalizar unha fórmula democrática por medio deste Parlamento e nunha discusión libre, pacífica e estable de que hai solucións. E, evidentemente, esas solucións haberaas de forma clara e nítida; iso agardo.

Alguén --o Vicepresidente-- falaba de "Galicia en el país de las maravillas". Eu diría, por exemplo, recollendo a "Odisea 2001", que algo maravilloso vai ocorrer dentro de poucos momentos. O país pode empeza--lo que é o futuro con máis realismo. Evidentemente, iso é así.

¿Que fixen o outro día? O outro día pronunciei un programa marco de actuacións, un programa que recollese as grandes liñas do que debe de se--lo comportamento durante estes dous anos. Liñas, evidentemente, que non están matizadas ata o final do proceso, pero si son orientativas para que coñezamos exactamente cal vai se--lo noso funcionamento. Liñas, polo tanto, que se enmarcan dentro dun proceso que signifique a dignificación e a eficacia das institucións. Por iso falaba do plan institucional, de todo aquilo que signifique culminación do traspaso das competencias, de todo aquilo que signifique a normalización do proceso autonómico, de todo aquilo que signifique o funcionamento dunha Administración

Autónoma eficaz e transparente, con ventanos únicos, etc., etc. E de algo que é importante, inter--relacionado co plano territorial, cal é a necesaria coordinación coas Deputacións.

Falabamos tamén no plano territorial de como corrixi--los desequilibrios territoriais. Existen en Galicia numerosísimas zonas e comarcas pobres e hai que corrixi--lo todo iso. ¿Ou é que vostedes ou o Parlamento non está disposto a xogar a iso? ¿Ou é que tampouco os Partidos políticos serios e firmes non están dispostos a moderniza--la nosa economía? Onte dicía o señor Beiras, como Portavoz do Bloque Nacionalista Galego, que é necesario pasar dunha situación anterior e atrasada, que describiu moi ben nos seus libros, a unha situación dinámica, de futuro. Evidentemente que si. O problema é que aquí non podemos estar con situacións estáticas constantemente. A sociedade é dinámica dialecticamente e as forzas políticas actúan. Entón non debemos estar mirando sempre polo pasado nin polo atraso, senón mirando sempre polo avance e polo progreso.

Diríalle ó Grupo Popular que se non avanzamos significa que estamos retrocedendo, porque o resto está avanzando e o mundo está avanzando. ¿Que nós temos potencialidades? ¡Claro que as temos! Pero nós temos que xogar con esas vantaxes, e para xogar con esas vantaxes temos que ter un Goberno que funcione e que lles poida explicar a tódolos cidadáns galegos cal é o marco no que vai ser debuxada esa política e como lles podemos dar asesoramento, información e, sobre todo, diálogo e concertación para poñelo a andar.

O País Galego está hoxe atravesando un momento crítico, sobre todo transcendental na súa propia historia. Dixemos, e díxose, que despois da transición política está a recuperación económica, pasar da crise á reactivación, e, sobre todo, isto coincide coa integración de España na Comunidade Económica Europea.

Pero non remata aí a nosa aventura. Non remata aí todo ese camiño que hai que andar. O camiño tamén remata e empeza no ano 1992, continúa no ano 2000 e así sucesivamente. Os economistas e sobre todo os Portavoces dos Grupos Parlamentarios sempre estamos a ler libros de prospectiva, e sabemos que no mundo a adiante están os informes do ano 2.024, 2.014, 2.010, etc. Desde as teses antigas, non digo por iso obsoletas, pero si incitadoras deste debate, que o señor Beiras e o señor Nogueira coñecen perfectamente, está o camiño empezado. E aí está todo o gran problema que a sociedade moderna ten nestes momentos. E como diría un mestre de todos nós, José Luis Sampedro, tamén hai un xogo de valores. A sociedade tamén cambia e modifica os seus hábitos, e hai que estar coordinado con ela para buscar ese aporte necesario, para leva--lo camiño cara a esa meta final, cara a esa tarefa que é o noso País Galego.

Nós tamén temos que buscar cales son as potenciacións da cultura e da lingua propia; ninguén o dubida, excepto aqueles que non queren utiliza--la nosa lingua en tódolos eidos das súas manifestacións. Hai que facer ese esforzo. Sei que é difícil. Sei que moita xente intenta facelo e que lle custa, pero hai que facer ese esforzo. Nunca empezaremos falándoo ben, pero a medida que continuemos e que avancemos no perfeccionamento do mesmo estaremos demostrando que somos un país, que somos un pobo e que temos unha fala.

Tamén temos que modernizar moitas cousas. Temos que empezar a saber cales son os sectores básicos e prioritarios e temos que definir cales son os sectores de futuro. Eu sempre quedei sospeitosamente incomodado ou enfadado cando neste Parlamento non se debatían cousas tan importantes coma o Plan Económico Galego ou o PDR, porque alí estaban deseñadas polo propio Goberno cales eran as súas actuacións. Eu consideraba --e sigo considerándoo, e así fixemos numerosas e múltiples iniciativas parlamentarias-- que

ese era un tema de tal envergadura que debía de ser discutido. Todos temos unha concepción do futuro, pero debía de ser discutido neste Parlamento onde queremos ir, onde queremos poñe--las nosas metas, cales son os pasos intermedios, cales son os nosos medios e cal é a metodoloxía para estudialo.

O PDR pasa sen pena nin gloria, pasa dun ventano dunha Administración a outro e chega a Bruxelas. E aquí no Parlamento o único que coñecemos é un libro pero que non foi discutido. Penso que é necesario que ese libro se discuta, que se discuta o programa, que se discuta a metodoloxía, que se discutan os obxectivos finais, iso é básico. Igual có Plan Económico Galego. Son os elementos onde se engasta toda a tradición e toda a posible vantaxe que podemos te--los galegos cara a fóra. Pero ó ser furtados desa posibilidade, o que estamos mirando é como un Goberno comenzou el só, illado do resto dos Grupos da Cámara, un camiño cara a un horizonte sen definir. E sobre todo, de verdade, señor Presidente, aí non podía vostede contar co resto da Cámara porque lle furtou a posibilidade de podelo discutir. Vostede fuxiu cara a adiante e non quixo poñelo enriba desta Tribuna para poder discutir cal é o pensamento de todos nós, da sociedade galega, de cara ó futuro. Por iso vostede fundiu ese capital; fundiu ese gran capital porque vostede non quixo a colaboración do resto dos Partidos políticos e da Cámara. Nós tamén queremos defende--los intereses de Galicia. Hai que defendelos con moita firmeza, hai que defendelos con moita seriedade e hai que defendelos con moitos compromisos.

Onte, o Vicepresidente, como Portavoz do Executivo, igual ca hoxe, preguntaba moitas cousas. Pois mire, señor Vicepresidente, voulles dar resposta a tódalas que vostede queira.

Apoios cualitativos, pois si: apoios para salvar Galicia, apoios para facer de Galicia o obxectivo

final por enriba das posturas partidarias e persoais. Primeiro punto. Apoios totais, porque esta é unha situación de deterioro que necesita un movemento para salvar Galicia. E nisto xogamos e nisto hai firmeza.

Segunda cuestión: programa de goberno. ¿Como se explica a situación? Desgoberno seu, inoperancia dese Goberno, ineficacia do mesmo; polo tanto Goberno alternativo. Goberno alternativo que lles dea resposta ós problemas do noso país. ¿Se hai dúbidas no Goberno que pode saír? Ningunha. ¿Devolve--la confianza ó pobo galego? Toda. ¿Estabilidade do Goberno? Firme. ¿Oferta programática seria e positiva de Galicia? Convencido. ¿Xérase credibilidade no pobo galego? Totalmente. ¿Era sensata a solución que lle daban á crise? Evidentemente que si. ¿Autoridade moral dos socialistas? Integra. ¿Actuación rigorosa e seria? Completa. ¿Fórmulas positivas? Todas. ¿Dignidade parlamentaria? ¿Quen a dubida? ¿Darlle ó pobo o que quere? Evidentemente. ¿Goberno estable? Completamente e serio.

Estas son as respostas que vostede quería escoitar. Pero imos moito máis alá. Eu deille respostas. O único que lle pido agora é que faga a súa autocrítica tamén. ¿Por que o seu Goberno non funciona? ¿Por que o seu Goberno fundiu o capital político? ¿Por que o seu Goberno non é capaz de sacar este país a adiante? Fagamos autocrítica todos. Seguro que todos temos que facela. Pero, evidentemente, o primeiro que ten que facela é o propio Goberno que estamos censurando.

Hai outros temas importantes que tamén merece a pena salientalos. O señor González Mariñas falaba da utopía. ¡Pois claro! Tódolos políticos temos utopía e buscámo--lo país mellor que haxa no mundo. Pero as utopías que temos todos medidas na cabeza deben ter despois unha traslación ó campo práctico e positivo. Cando unha persoa entra a formar parte dun Partido político vai con toda a utopía do mundo. Un

político xa consagrado, como o señor Mariñas, se ten a responsabilidade de gobernar, ten que mirar cales son os seus obxectivos concretos para defendelos, para poñelos en práctica. As utopías quedarannos sempre como marco de horizonte, pero as realidades son as que se fixan diariamente. Polo tanto, as utopías non as perdamos nunca de vista, teñámolas sempre connosco. Pero, ó mesmo tempo, comprometámonos a facer algo positivo para o país. Se isto que é o programa alternativo sae, evidentemente, necesita ese compromiso serio, non dúbido do mesmo, igual que tampouco dúbido dos grandes problemas que ten formulados o noso país.

Hai problemas e hai preguntas. Hai preguntas sobre a financiación das Comunidades Autónomas. Hai resposta tamén do Goberno. Hai resposta do candidato a ser Presidente do Goberno. Non hai resposta do Goberno censurado. O Goberno socialista defendeu que era preciso primeiro extende--lo sistema de financiación a tódalas Comunidades Autónomas e facelo definitivo. O Goberno asinou. Iso conseguíuse o ano pasado. ¿Que hai que facer agora dentro deses medios que o señor Nogueira comentaba? Hai dúas vías positivas: primeiro, comenza--la liberación dos servicios mínimos; e, segundo, incrementa--la nosa participación nos fondos procedentes do FEDER. Son dúas vías, señor Nogueira, que lle poden dar saída, que lle poden dar maiores aportes económicos á actuación dun próximo Goberno, como tamén sabe vostede que o próximo ano a financiación incondicionada aumenta 20.000 millóns de pesetas.

¿Que pensa face--lo Goberno --dicía vostede-- en canto ós problemas destas empresas galegas como SIDEGASA, MAFRIESA, PROPECSA, etc.? E evidente que a solución nos momentos actuais non é moi doada para tódolos traballadores. Como tamén é evidente que a responsabilidade dun Goberno é estar presente naquelas posibilidades de resolución dos problemas. A solución sempre é complexa, pero a vontade nunca falta.

Evidentemente a acción dun Goberno responsable, firme e renovador debería aplicar mecanismos que servisen para corrixir non só os sectores en crise, sectores en declive ou sectores afectados, senón tamén as propias comarcas onde están incluídos e ubicados os ditos sectores destas empresas. E unha acción conxunta, unha acción inter-relacionada, e aí non dubida ninguén de que o próximo Goberno, se sae con maioría a moción de censura constructiva, poñerá tódolos medios e tódalas súas accións.

Coñecemos ben o problema de SIDEGASA. Coñecemos tamén ben o problema de MAFRIESA e de PROPECSA, e evidentemente hai moitos traballadores nenas empresas e moitos traballadores en sectores que son de futuro para o país. Son sectores que son peares esenciais do que é a nosa dinámica futura. Polo tanto, non estarán nunca esquecidos de apoio para reivindicar todo aquilo que sexa necesario ó tempo que sexa posible.

Hai máis problemas que vostedes comentaban --facéndome como se fose un exame, cando o exame había que facerllo ó Goberno, que é o que estamos censurando--, cal é o problema da cuota láctea. Evidentemente tamén hai que te--los medios, as posibilidades para redimensionar as nosas explotacións agrarias e que sexan competitivas. Isto pasa por moitas cuestións, non só para tratar de conseguir e negociar, e de colaborar co Goberno Central, cunha distribución da reserva estatal existente, tamén pasa polas competencias exclusivas que ten o Goberno de Galicia en moitísimos temas que non foron abordados en tempo. Polo tanto, aí está unha gran responsabilidade. Non miremos só polo tema da produción. Miremos tamén polos niveis e procesos anteriores á produción, moitos deles, por non dicir todos, competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Se miramos iso evidentemente poñerémolas bases do que pode se--lo noso futuro.

Temos tamén que mirar polos servizos sociais. Lei de Servizos Sociais, onde as aportacións socialistas foron moi importantes. Hai, como comprenderán vostedes, moitísimos asuntos ós cales paga a pena acudir. Pero non é necesario nesta Tribuna facer demagogia. Non é necesario nesta Tribuna poñermos a reclamar e reivindicar todo o posible, cando iso pode tamén afogar a todo o posible. Démo--los pasos seguros, démo--los pasos firmes para que o país poida empezar un novo vieiro. Isto é o Parlamento, e no Parlamento discútese as cuestións. Polo tanto, o Goberno que eu poida presidir, se triunfa a moción de censura constructiva, estará sempre pendente, estará sempre ó carón do Parlamento, institución democrática onde se expresan as vontades de tódolos galegos a través de todos nós, que sómo--los seus representantes.

Polo tanto, contemos con esta posibilidade, contemos pois tamén con esa posibilidade de que a moción de censura constructiva é lexítima, é democrática, é normal. Non confundámolos termos do que é o Parlamento e a vontade popular. Tentemos de sacar a Galicia da situación de deterioro. E poñámolas bases dun marco no que estaba todo o programa exposto hai dous días, e agardo que as súas concrecións e as súas aportacións convertan ese programa nun programa marco de actuación nos próximos dous anos. Tódalas aportacións críticas, tódalas aportacións xenerosas e tódalas aportacións, indubidablemente, enriquecedoras contribúen a ir dotando ese marco que nós estamos presentando de toda a viveza e dinamismo que require para o futuro.

E aquí nós, e eu en concreto, deixei tamén algo importante. Non presentei un programa de Partido político. Presentei un programa de Galicia. Presentei un programa para os galegos. Presentei un programa que fose acorde co pensamento de tódalas forzas. Lástima que soamente unha quedase esquecida dese apoio, porque nin tan sequera chega

a esa posición. E ó resto, tanto ó BNG coma ó PSG--EG, coma ó PNG, coma á Coalición Galega e tamén, ¡como non!, ó Partido dos Socialistas de Galicia--PSOE, gracias por este enriquecemento do debate nesta situación da que é necesario saír. Estamos agardando que o Presidente da Xunta saia aquí á Tribuna e que diga que é o que pensa.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Señor Vicepresidente, resposta da Xunta.

O señor VICEPRESIDENTE DA XUNTA (Rajoy Brey): Señor Presidente, muchas gracias.

Al igual que en mi intervención anterior con ocasión de mi réplica a la que hizo en su momento el señor Sánchez Presedo, voy a dar respuesta a las palabras que acaba de pronunciar el señor candidato a Presidente de la Xunta don Fernando González Laxe.

Observarán ustedes, señores Diputados, una cosa que es fácilmente observable, porque es objetiva: que tras producirse ayer la segunda intervención del señor González Laxe yo no pedí la palabra, y no pedí la palabra porque el señor González Laxe no dijo absolutamente nada de todas las afirmaciones que yo había pronunciado desde esta Tribuna. El señor González Laxe leyó un papel escrito a máquina, en el que, incluso, como ya dije antes, se me atribuyeron palabras que no utilicé en esta Cámara. Por tanto, ahora ya tuvo 24 horas para preparar las respuestas a sus preguntas y yo no he tenido ni un solo minuto. Sin embargo, voy a intentar responderle en la medida de lo que pueda a alguna de las afirmaciones que aquí ha hecho.

Señor González Laxe, ha hecho unas declaraciones generales en la misma línea de las declaraciones generales que hizo cuando presentó su programa de gobierno, y no habló

para nada de la censura. Volvió a decir que no había programa de gobierno, ni actuaciones sectoriales. Sin embargo, con ocasión de otra parte de su programa, habló del Plan de Desarrollo Económico Regional de Galicia, que es la quinta esencia de cualquier programa de Gobierno, señor González Laxe. Usted mismo ha dicho que el Gobierno que preside el señor Fernández Albor tenía un programa de gobierno, y no un programa para un año o para dos sino un programa para el futuro. Al menos reconoció también que este año, gracias a la gestión del Gobierno que preside el señor Fernández Albor, la financiación autonómica ha aumentado en 20.000 millones de pesetas, financiación incondicionada.

Luego ha dicho, tras que no hay programas, actuaciones sectoriales, etc., que ustedes tienen programa, alternativas y soluciones. Pues, señor González Laxe, dígalas. Conteste usted. Y fíjese usted, se lo vuelvo a decir, ni en 24 horas ha tenido tiempo para responder a las preguntas que se le hacen. No diga que los argumentos del señor Vázquez Portomeñe son argucias. No son argucias; son las preguntas que se hace toda la gente de la calle. Usted como candidato a Presidente de la Xunta pues tiene que dar respuesta a ellas, si lo estima a bien y conveniente, si no no dé respuesta a ellas. Pero no diga que son argucias. Son preguntas concretas, determinadas y que están en el ambiente.

No diga tampoco que lo que ustedes están haciendo es lícito y democrático. Es evidentemente legal, usted lo ha dicho, y nadie ha puesto en duda aquí la legalidad de su acción. Pero desde luego que es lícito y democrático, por lo menos permítame que yo lo ponga en tela de juicio, como lo ponen en tela de juicio no solamente múltiples personas que se encuentra uno por la calle, como decía antes el señor Portomeñe, sino los medios de comunicación social más prestigiosos de este país, incluso personas del

propio Partido Socialista.

Explique --y no diga, no se limite simplemente a hacer una declaración genérica-- lo que es un Gobierno estable y garantice, después de lo que yo le he dicho ayer en esta Tribuna, que el suyo es efectivamente un Gobierno estable.

Usted acaba de hablar aquí de salvar a Galicia. Con absoluta sinceridad, ¿se cree usted, señor González Laxe, que usted es el salvador de Galicia? ¿Se cree usted, señor González Laxe, que este Gobierno que aquí se pretende formar es un Gobierno para salvar a Galicia? Permítame que yo le haga esta pregunta, que creo --aunque eso sí que no puedo certificarlo-- que también está en la calle.

También ha hablado de un momento maravilloso, que dentro de poco vamos a asistir a un momento maravilloso; pero será maravilloso para usted, claro, o para las personas que entren a formar parte del Gobierno con usted. Porque maravilloso para la mayoría de la sociedad gallega, que es lo que se pretende, pues, con todos mis respetos, no creo que lo sea, aunque evidentemente puede serlo. Desde luego lo que sí está claro es para quien es maravilloso.

Después me ha respondido con mucha rapidez, y dando sensación de firmeza, a una serie de temas. Yo he podido apuntar solamente unos pocos. Luego no me diga que yo no le respondo a sus preguntas, porque es que, claro, no pude tomar nota de ellas, y en cualquier caso tampoco tengo 24 horas para preparar la respuesta.

Mire usted, dice que hay apoyos. Es indudable que los hay. A la vista de las intervenciones que han realizado los Portavoces de los distintos Grupos Parlamentarios es indiscutible que hay apoyos. Está clarísimo que el señor González Laxe va a ganar la moción de censura y va a ser Presidente de la Xunta con los votos en contra de la Coa-

lición Popular y supongo que con la abstención del señor Beiras, a la vista de las intervenciones que se han producido, aunque todavía no ha expresado con claridad cuál es su postura.

Y ha dicho que hay firmeza en esos apoyos para salvar a Galicia. Yo tengo la impresión, señor González Laxe, de que aquí sólo ha habido firmeza en sus palabras. Es cierto, ha habido firmeza en sus palabras, pero es una firmeza que sirve para ocultar la endeblez de los argumentos de fondo y la mala conciencia que muchas de las personas que hoy van a votar en esta Cámara, si es que se celebra hoy la votación, tienen. Por lo tanto la firmeza no es una firmeza de fondo, no es una firmeza en lo sustancial, en lo fundamental, sino que simplemente es una firmeza formal que usted en este momento acaba de utilizar aquí. Porque entre otras cosas --tengo que reconocerlo-- no le queda más remedio que hacerlo así.

Habla, como siempre, y lo ha vuelto a resaltar en esa retahíla de frases que usted acaba de pronunciar con enorme velocidad, de la inoperancia y de la ineficacia de la Xunta. Le vuelvo a recordar que usted mismo ha reconocido que existe un PDR de Galicia, aunque también ha dicho que no se ha debatido en este Parlamento. Y no tiene por que debatirse aquí un Plan de Desarrollo Regional. Aquí lo que se debaten son los Presupuestos concretos y para unas épocas concretas. Esa es la razón por las cuales nosotros no hemos presentado aquí el Plan de Desarrollo Económico Regional de Galicia. Pero, en cualquier caso, ha reconocido que existe un Plan de Desarrollo Económico Regional de Galicia que lo ha hecho la Xunta de Galicia. Que nosotros separamos ustedes no tienen ese plan alternativo o por lo menos no han anunciado aquí ni siquiera que lo tengan, ya no digo que lo expongan, como es natural.

Usted ha hablado del tema de la financiación autonómica, recono-

ciendo que hay 20.000 millones más de financiación incondicionada. Pero aún no ha explicado la gran contradicción, que supongo que dentro de poco se va a plantear, entre la postura que en materia de financiación ha adoptado Coalición Galega --o incluso otros Grupos de la oposición como Esquerda Galega-- y la suya y la del Gobierno que preside don Felipe González. Ese tema no lo ha explicado.

Usted ha dicho que había que completar el proceso de transferencias, pero se le han preguntado aquí temas puntuales, temas concretos. El INSALUD, ¿van ustedes a retirar el recurso que tiene presentado la Xunta contra la no transferencia del INSALUD? Es unha pregunta muy concreta. O, por el contrario, ¿van a mantener ese recurso? Lógicamente esa misma pregunta se la podía hacer (pero no se la voy a hacer) a Coalición Galega o a otros Grupos de esta Cámara que apoyaron en su día la presentación del recurso.

La LOFCA. Ha vuelto usted a mencionar el artículo 15 de la Ley Orgánica de Financiación de las Comunidades Autónomas, nivelación de servicios mínimos. ¿Por qué el señor Almunia, que es también de su Partido, no ha puesto ya en vigor ese artículo de la LOFCA? No me diga que es por culpa nuestra, porque sería también entonces por culpa de los representantes o de los Gobiernos socialistas de otras Comunidades. Esos son temas puntuales, son temas concretos.

Lo que ha dicho de la cuota láctea, tiene usted que perdonarme pero yo no le he entendido nada, ni creo que le haya entendido ninguna de las personas de la Cámara. Ese es otro tema concreto y puntual.

Ha hablado, también, en toda esa lista de afirmaciones, efectivamente pronunciadas con firmeza, de un programa alternativo. Lo que pasa es que nos iremos seguro de esta Sesión sin saber cuál es su programa alternativo.

Luego habla usted de la estabilidad del Gobierno. Ayer le hice una pregunta que le agradecería mucho que me contestara, porque además no soy yo el único interesado, sino que puede haber personas interesadas, personalmente afectadas. Al señor González Mariñas le puede afectar y entonces le gustaría saber si realmente va a ser o no va a ser Presidente de la Xunta dentro de los meses que ustedes hayan pactado, si los han pactado.

Después ha hablado de autoridad moral de los socialistas para hacer esto. Pero vamos a ver: ¿de que socialistas? ¿De usted o del señor Barranco, Alcalde de Madrid? Porque hay socialistas que manifestaron posturas radicalmente contrarias, y además las manifestaron públicamente, a lo que estaban haciendo los socialistas gallegos. Entonces le pregunto, de una manera concreta, si es la postura de unos socialistas o la otra. Yo comprendo que usted esté a favor de esta postura, porque usted va a ser Presidente de la Xunta y el señor Barranco no sólo no va a ser Presidente de la Xunta sino que a lo mejor deja de ser Alcalde de Madrid. En cualquier caso habría un juego de intereses que no tendría porque afectarnos a los que estamos aquí.

Ha hablado también, señor González Laxe, de dignidad de los socialistas. ¿Pero usted cree que tras diez años de democracia se puede hablar de dignidad de los socialistas y máxime en estos momentos? ¿Usted, sinceramente, cree que es digno esto, después de las palabras que acaban de pronunciar sus propios compañeros de Partido? Y me vale este mismo argumento de la dignidad como el que he utilizado para hablarle a usted de la autoridad moral.

Señor González Laxe, desgraciadamente yo no he tenido 24 horas de tiempo para responderle. Yo le hubiera dado respuesta, quizá con dos o tres horas, pero creo que por lo menos he recogido o he intentado sintetizar los temas más importan-

tes o las contradicciones más claras de toda esta enorme contradicción que significa esta moción de censura. Yo, en el fondo, pienso que muchos de ustedes tienen mala conciencia porque no creen en esto, no les gusta. Saben que los gallegos no lo quieren, no les gustan sus compañías, no entienden su programa y no valen las explicaciones, discursos, historias y excusas. Señor González Laxe, con todos mis respetos, personalmente creo --puedo estar equivocado-- que en Galicia no le creen.

Muchas gracias.

O señor PRESIDENTE: Pode facer uso da palabra o señor González Laxe.

O señor GONZALEZ LAXE: Señor Presidente, Señorías.

Permitame que lle diga unha cousa, señor Vicepresidente: non teño apuntadas as respostas que dei ás súas preguntas. Se eu quixera agora començar a responder, como dicía vostede, con firmeza a esas dúbidas do Goberno --de devolverlle a confianza ó pobo, a estabilidade do Goberno etc.--, seríame difícil porque soamente apuntei as súas preguntas e non apuntei as respostas, improviseinas todas aquí. Polo tanto, non necesito 24 horas, nin 3, nin un segundo para dubidar do que é o meu propio pensamento.

Pero seguimos coa mesma teima. Vostedes están a censurar ós que censuran, cando aquí a moción de censura, que é constructiva, está a censurar un Goberno. Vostedes intentan trocar esa argumentación. Imos devolverlles agora a pelota ós que fan a moción de censura tratando de xerar entre eles todo tipo de argumentacións e dúbidas.

Respecto ó PDR, eu non sei se vostede colaborou nel ou non, pero supoño que o coñecerá. O PDR é un libro. Hai moitos libros de Galicia, moitos. Desde hai moitísimos

anos, cando houbo o Primeiro Congreso de Economía de Galicia no ano 1925, con Luis Peñarol, ata que houbo agora o Primeiro Congreso de Economistas e de Economía de Galicia o ano pasado, ata os que están no prelo nestes intreos, hai moitas ofertas económicas de Galicia. Pero, sen dúbida ningunha, o PDR era o que debía marcar, xa que é asinado polo Goberno da Xunta de Galicia, cales son os marcos de opción do futuro. E vostedes sos foron e levaron ese camiño.

Aquí, neste Parlamento, houbo iniciativas parlamentarias que solicitaban o debate e discusión dese PDR. E facíámolo con todo o agarimo de poñer nese libro, nesas solucións, aportacións que podían ser perceptibles por parte do Goberno e, ó mesmo tempo, contribuír, ó mellor coa nosa cativa aportación, pero ó mellor tamén coa nosa riqueza de exposición e de conceptos, ás saídas positivas. E vostedes non quixeron discutilo. Nin ese nin o PEG famoso. Do PEG o señor Mariñas era un defensor a ultranza na súa discusión, do PDR eramos o señor Beiras, o señor Nogueira e eu mesmo. E vostedes furtáronlle a esta Cámara ese debate.

Aí vostedes expoñían cales eran as súas visións, pero estou completamente seguro de que había cuestións que non eran positivas e, ó mesmo tempo, que non eran fundamentais, como tamen había esquecementos claves do que significa o futuro.

Tamén segue, unha vez máis, a preguntar se é lícita e normal a moción de censura. ¡Pois claro que é lícita e normal! Non volvamos ó mesmo debate, a se é positiva, se é negativa, se é normal, se é democrática ou non.

¿Goberno estable? Iso é o fundamental para Galicia. Vostedes en minoría non souberon gobernar, porque é posible facelo en minoría. Claro que é posible. Pero se vostedes están fundindo e fundiron todo o seu capital político e non saben

governar en minoría, evidentemente no Parlamento hai tamén posicións que permiten, ó mesmo tempo que gobernar e poñer as bases sociais do futuro, darlle estabilidade. Porque o gran problema de Galicia é que alguén intente xerar convulsións políticas, que intente crear crispación na sociedade galega, transmitíndola desde este Parlamento. A sociedade galega é unha sociedade tranquila, unha sociedade pausada, que intenta saber cales son as definicións, que intenta saber cal é o comportamento. Evidentemente se vostedes foron os causantes desas convulsións, desas crispacións, neste intre hai que darlle unha tranquilidade, hai que darlle un rigor e hai que darlle unha estabilidade ó Goberno Galego.

¿Se eu son ou non o salvador de Galicia? Eu non teño nin gozo desas atribucións de Mesías, pero si é evidente que hai moita xente, moitos galegos que intentan que entre todos --agás vostedes, seguramente-- poidamos se--los salvadores, pero salvadores non nun senso mesiánico senón no de traballar e de poñer as bases. Eu, polo tanto, non son ese mesías, pero si podo contribuír con ese gran de area persoal a que este país poida funcionar.

¿Se é un tempo maravilloso? Evidentemente que si para moitos galegos, para vostedes evidentemente que non. Para vostedes foi quizais maravilloso o día dunha Sesión de investidura con outro candidato. Estarían contentos e moi ledos. Agora, evidentemente, pasoulle--lo turno por ese deterioro, por esa inoperancia e por esa ineficacia.

¿Se teño firmeza nos apoios para o Goberno? Claro que si, porque hai confianza nos propios aliados para facer iso.

¿Se teño firmeza, se falo con firmeza para ocultar a debilidade do fondo da conciencia? Non, non teño ningún problema de conciencia, só que a miña conciencia está aquí, neste país que é Galicia, Galicia

con letras maiúsculas, que ten que levar a cabo un proceso.

No día da presentación da campaña electoral das eleccións autonómicas do 85 dicía que había países cunha extensión territorial como Bélxica, como Dinamarca, que eran países que funcionaban e que eran países que tiñan demostrado de abondo certas capacidades, despois de moitísimas oscilacións políticas con Partidos que os gobernaron. Pero tamén había un país semellante en extensión territorial que se chamaba Galicia, con letras maiúsculas. ¿Por que o noso país non é capaz de levar a cabo un proceso dinámico e vivo? A estabilidade do Goberno penso que pode estar e está garantida.

Deixo para o final algo que é importante. Vostede está tentando meter bulla, como se di vulgarmente, con declaracións doutros militantes socialistas. Eu non quero caer na tentación de poder afirmar ou contraafirmar con declaracións de compañeiros seus. Aquí os que estamos na Cámara estamos pensando no noso país. E eu teño por norte exclusivamente o meu país e unha idea moi fixa que é o socialismo. A combinación das dúas, o meu país e o socialismo, é o comportamento que levarei toda a miña vida.

Pero, evidentemente, se a moción de censura constructiva triunfa, tamén sei que teño que ser xeneroso nos meus comportamentos de Goberno, é dicir, no programa que cumprirá aplicar para que haxa un máximo común denominador das forzas que compoñan o Goberno, para que o Goberno sexa firme, sexa estable e sexa eficaz. Pero, evidentemente, aí eu son xeneroso e fago, nestes momentos, un servizo a Galicia, como o estamos facendo desta Cámara no día de hoxe.

Polo tanto, non me discuta vostede nin apele á miña conciencia persoal, que a teño moi clara. Nin tampouco á dignidade dos socialistas ó facer Goberno, nin tampouco ó comportamento socialista para saca-

-lo país adiante. Comenzaremos unha nova etapa e a andaina será ardua e tódolos problemas tamén virán. Pero tamén sabe vostede que cando hai firmeza, vontade e compromiso se resolven moitos deles en pouco tempo ou, polo menos, quedan formulados os grandes problemas do país.

Señor Rajoy, eu non tiven que agardar 24 horas para contestarlle, pero o que si agardo é que o Presidente suba a esta Tribuna.

O señor PRESIDENTE: Pode facer uso da palabra o señor Vicepresidente, moi brevemente.

O señor VICEPRESIDENTE DA XUNTA (Rajoy Brey): Muchas gracias, señor Presidente, desde el escaño atenderé su petición de brevedad y al mismo tiempo agradezco su amabilidad y procuraré no utilizar ninguna expresión que pueda provocar otro nuevo turno.

Señor González Laxe, usted ha dicho que nosotros censuramos a los que censuran, pero es lógico que lo hagamos. Ustedes censuran nuestra actuación política, aunque no la hayan censurado, y presentan su programa de gobierno, aunque no lo hayan presentado. Lógicamente aquí hay dos alternativas: una, nosotros y nuestro programa de gobierno; otra, según ustedes, la mala gestión del Gobierno, su actuación y su programa. Yo, lógicamente, tengo que censurar su programa.

Yo le ruego a usted que no le parezca mal que yo le censure su programa, porque éste no es un tema personal sino que es absolutamente lógico en democracia. Es decir, si una persona pretende acceder a la presidencia de cualquier institución se debe acostumbrar a que haya personas, bien del Gobierno bien de otros Grupos Parlamentarios, que le critiquen sus razones y sus argumentos. Y tenga usted la absoluta certeza de que lo hago en cumplimiento de un deber democrático, porque yo, desde luego, en la demo-

cracia es una de las pocas cosas en las que realmente creo en esta vida y es una de las cosas por las cuales seguiré luchando siempre que pueda y siempre que me dejen.

También ha dicho usted que yo siempre hablo de la licitud o de la moralidad de toda la operación que aquí se está realizando, por llamarla de alguna forma, y usted dice que hay que dejar de hablar de eso. Pero es que tiene usted que comprender que a nosotros nos interesa hablar de eso porque, a diferencia de lo que creen ustedes, nosotros creemos que aquí se están produciendo comportamientos democráticos que no son los correctos.

Por último, y con la misma cordialidad, usted nos ha aclarado (y yo se lo agradezco) algo que yo le preguntaba y es que usted no es un mesías ni un salvador y ha dicho que vamos a ver si podemos salvarnos juntamente todos los gallegos, la totalidad del pueblo gallego. Pues tienen ustedes una magnífica oportunidad, una brillante oportunidad de que el pueblo gallego se salve a sí mismo mediante el procedimiento por el cual quiere salvarse el pueblo gallego, que es el voto.

Muchas gracias.

O señor PRESIDENTE: Señor González Laxe; ten dous minutos.

O señor GONZALEZ LAXE: Gracias, señor Presidente. Agardo que a miña exposición só tarde un minuto.

Quero dicirlle, señor Vicepresidente, que comprendo o papel que lle toca xogar, que sei que é un papel casual que ten que facer e, evidentemente, comprendo ese papel.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Réplica dos Grupos Parlamentarios.

Rógolles a tódolos intervenientes que a partir de agora se axusten o máximo posible ó tempo de dez minutos.

Peticións de palabra.

Teñen solicitada a palabra os señores Beiras Torrado, Nogueira Román, Rodríguez Peña, Sánchez Castiñeiras, Sánchez Presedo e Vázquez Portomeñe.

Señor Beiras Torrado, ten dez minutos.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor Presidente, unha cuestión previa de orde. Non ma compute nos dez minutos.

Solicito da Presidencia da Mesa que, en vista de que agora comenza realmente a polémica, "que es lo bonito", se apliquen as previsións establecidas na Xunta de Portavoces na Sesión última, celebrada para establece-la Orde do Día desta Sesión. Previsións en virtude das cales podería haber un terceiro turno de debate, un terceiro turno de intervencións. O BNG solicita que haxa ese terceiro turno de intervencións, porque, insisto, empeza a polémica.

Señor Presidente, Señorías, señor Rajoy, vostede é teimudo en desprezar e ignorar esta Cámara. E, xa, un problema de estrutura mental. E algo que está latente na súa personalidade no plano ideolóxico-político e sáelle a relucir. Ademais vostede ten a virtude de provocar a aqueles ós que non debía provocar.

A Xunta terá un Plan de Desenvolvemento Rexional, terao, pero Galicia, a nación galega, non o ten, porque ese Plan non é tal sen pasar por este Parlamento, por moi autoanémico que sexa, e é un principio fundamental da democracia de vostedes, da formal, da burguesa, non da nosa --que é outra cousa, nós imos alén diso--, pero nin sequera vostedes respetan temperamental e ideolóxicamente nos seus com-

portamentos políticos as súas propias regras de xogo, que non son as nosas. Nós estamos aquí nas institucións do adversario e nin sequera xogando coas súas regras de xogo vostedes as respetan.

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras, quero que retire vostede a referencia que fixo a este Parlamento, por considerar que pode afectalo.

O señor BEIRAS TORRADO: Retiro a referencia a este Parlamento e lamento tela feita. Evidentemente unha cousa é a rúa e outra cousa é este Parlamento, pero hai veces en que este Parlamento é moito peor cá rúa, francamente. E retiro isto segundo que acabo de dicir. (Risos).

Señor Rajoy, ata agora, fíxese, o único que defendeu ó Presidente nestas Sesións foi, en "revival", iso si, o señor Barreiro. Curioso. Asombroso. Non escoitei de vostede unha soa palabra de defensa do señor Fernández Albor como Presidente. E asombroso. ¿Por que? Porque como o señor Presidente non se defende neste Parlamento, e para vostede este Parlamento parece ser que é irrelevante, non hai necesidade de defendelo aquí. Supoño. Se non, non entendo nada.

A parte diso, as súas intervencións aquí son disonantes ata na lingua que emprega. E por favor, señor Rajoy, teña vostede un pouco de respecto con mil anos de existencia dun pobo. Igual que se prepara un programa de oposicións, apréndese francés ou inglés e, por suposto, o galego, que non é máis difícil có euskera.

As súas diatribas descalifican e exclúen toda moción de censura posible. Porque, primeiro, se hai bipartidismo, a lóxica, porque é bipartidismo, é que o Partido que goberna ten a maioría absoluta; polo tanto non cabe que a oposición lle poida gañar unha moción de censura. Se non hai bipartidismo senón

pluripartidismo e goberna unha maioría coaligada, estamos nas mesmas que no caso anterior mentres non se rompa por dentro esa maioría coaligada, pero non porque a oposición o poida lograr. Se é pluripartidismo e goberna a maioría minoritaria, a oposición só pode gañar unha moción de censura do xeito que a vai gañar aquí agora, e vostede descalifica e proclama a necesidade de eleccións. ¿Dáse de conta como vostede non cre no Parlamento por moito que diga? Profundamente, se cadra no subconsciente, e ten lapsos freudianos constantemente.

Señor Portomeñe, por fin entendo porque teiman vostedes en disolver--lo Parlamento e convocar eleccións. Porque queren darlle a un Presidente, que non exerceu nin un momento os poderes que ten, o único poder que lle falta: o de suicidarse el mesmo, xa que vostedes non o deron matado. Politicamente, claro.

Un sector desta Cámara --e vou en plan epigramático para que me dea tempo nos dez minutos--, o que está á miña dereita vista desde esta Tribuna --vista desde onde estou hai moitas máis--, padece dislexia. A lectura que fai da actual conxuntura histórica trastoca os guarismos da época. En vez de 1987 entende que é 1789 e, logo, interpreta que, de tódolos xeitos, en 1789, hoxe en día, en vez da Revolución francesa e da toma da Bastilla de Luís XVI, se trata da revolución galega --revolución burguesa galega, claro, porque son os burgueses galegos, no fondo, os que lles están vostedes manexando a chave do poder, non os españois-- e da toma conxuntamente de Raxoi e de Rajoy, como no chiste do Carrabouxo. ¿Lémbrense? Era moi bo, ¿verdade? Porque, naturalmente, a toma do señor Albor xa a fixeron vostedes antes, desde Madrid.

E hai que meterlle marcha a esta Sesión, porque tomada en serio, como fixo onte o BNG coa súa Proposición de Lei de Bases no Rexistro e coa miña intervención aquí, está visto que non valé para nada. Facer

análise política en serio non vale. Aquí hai que facer outras cousas, ¿verdade? Ir ós Xulgados de garda, se cadra. Perdón.

A pretensión da Xunta, señores da Coalición Popular, señores da Xunta de Galicia, é que sigamos agardando por Godot, como dixeran onte. Hoxe son máis explícito: que sigamos agardando por Godot Fraga. Eis, señor Rajoy, a resposta á pregunta que vostede lle formulaba ó señor Laxe. O salvador de Galicia chámase Godot Fraga. ¿Non si? E ben saben vostedes que Godot é un sarcasmo onomatopeico no inglés utilizado por Samuel Beckett, porque "god" en inglés é deus e "Godot" é unha caricatura de deus, como vostedes son unha caricatura de poder, unha caricatura da dereita e unha caricatura de todo o caricaturizable en política. O mesmo que Aldous Huxley no seu "Mundo feliz" substituíu Baigot por Baifot. Claro, o mundo absurdo da civilización industrial que vostedes, iso si, defenden tanto coma os señores do PSOE en Madrid.

Mentres, tamén é certo e hai que dicilo, que o PSOE lle di filialmente ó seu candidato: "papá ven en tren". Falta saber se non terá que ler axiña, polo país adiante, pintadas como as que se ven nos edificios abandonados das estacións das liñas férreas clausuradas polo Goberno do PSOE entre Astorga e Benavente ou pola Terra de Campos, camiño de Palencia. Esas pintadas din --perdoen a licencia, pero é que o di "el pueblo llano castellano"--: "papá, el PSOE nos jodió el tren". Pode que este sexa tamén o futuro; velaí a perplexidade do Bloque. E a perplexidade do Bloque, unha seria perplexidade, por suposto.

Hai máis cousas, moitas máis cousas. Primeiro, un apunte semántico ó señor Portomeñe, que é de Chantada e ten unha fonética galega excelente. Incluso di "ta" en vez de "está", cousa que está moi ben pois é un dialectalismo verbal. Pero cando fala de cuotas de celebri-

dade e de que este país se fixo máis célebre nestes días ca nunca, quero recordarlle —porque sei que o sabe— que en galego "célebre" non ten o mesmo senso e contido semántico ca en español. En galego "célebre", e máis sobre todo no galego popular, ten o senso de gracioso, ou de pintoresco en español. E realmente a situación é graciosa e pintoresca, se non fose profundamente trágica e non fosen vostedes os máximos responsables de que sexa profundamente trágica. E nas últimas 24 horas aínda máis. E absolutamente esperpéntica.

Xa me reprochan que fago abuso do sub-realismo, pero é que xa non coñezo ningún xénero literario, ningunha modalidade estética á que se poida recorrer para describi-lo que aquí pasa. Esgotei as posibilidades e vostedes son os principais responsables.

Pero é que se me esgotaron a min e se lles esgotaron ós obreiros, ós mariñeiros, ós labregos, porque imputarlle sistematicamente, como fan algúns aquí, sempre as cousas a Madrid, significa renunciar á nosa propia personalidade e á nosa propia capacidade de defensa. E o entreguismo. Hai un chivo expiatorio, hai un demo cornudo en Madrid que o fai todo mal. E nós somos parvos e nós somos absolutamente pusilánimes, ¿verdade? Si, señor, a Xunta de Galicia actual é absolutamente pusilánime, por iso pasa o que pasa.

Miren vostedes, baseado no Estatuto de Galicia, no Estatuto no que nós non cremos como contido, como carta de soberanía, e na Constitución Española, pódese crear un Instituto Galego de Economía Pública. Con base no artigo 55 do Estatuto pódese reclamar, mesmo en virtude do artigo 150 da Constitución. Fíxense vostedes --voullo ler se o atopo-- incluso "requiri-lo desenvolvemento do previsto no artigo 150 da Constitución Española para obter competencias para a participación da Comunidade Autónoma Galega na negociación e conclusión de

acordos económicos internacionais". E estando metidos con calzador na CEE isto é fundamental para que poidamos facer política económica en Galicia.

Sen esa variable externa é ilusorio todo. Veremos se o señor Laxe, persoalmente, se inclina polo que aprendeu en tempos ou polos condicionamentos do poder do Estado. Esa é outra incógnita do Bloque e podía facer unha relación longuíssima. Está aquí, está no Rexistro do Parlamento. Se vostede, señor Rajoy e señores do Goberno, lesen isto hoxe, nas 24 horas, en vez de le-lo programa do PSOE, ó mellor tiñan máis argumentos cós paupérrimos que tiveron, que careceron por completo de luz.

Nin sequera saben vostedes chupar roda doutros. Nin sequera saben vostedes aproveita-lo traballo. Nin sequera saben vostedes exercer-lo que é realmente a súa característica como condición de clase, zuga-la plusvalía do que os currantes, como este señor e os restantes do Bloque, crean e escriben, e que pode ser incluso utilizado por vostedes contra os seus adversarios actuais. Non foron capaces diso. Carecen por completo de imaxinación.

E, señor Portomeñe, a ver se aclaramos unha cousa: estase a xogar co voto decisivo ou non decisivo do Bloque. Señores Deputados, o voto decisivo nesta farsa actual, porque é unha farsa --perdón--, e non me refiro agora ó Parlamento senón o espectáculo político do país --señor Presidente, exclúo ó Parlamento--, o voto decisivo nesta farsa nunca foi o do BNG. Foi don Ildefonso Piñeiro, que ten a acta de Deputado sen gaña--las eleccións. Era o número 36. ¿Está claro?

Cando vostedes increpan tanto ós señores que se lles van, ¿por que non increpan ós señores que lles veñen? Porque tan ilóxico, inxusto, ilícito ou lñiito é unha cousa coma a outra. ¿Ou é que a dereita só entende que o signo vale-

deiro é o signo "máis" para min "menos" para eles e non o signo "menos" para min e "máis" para eles? Pois os signos en Matemáticas, que é unha lóxica formal estrictamente, son iso, un signo. E logo o que pasa é que os prexudicados son uns e os beneficiados son outros.

¿Saben quen son os prexudicados aquí, dentro desta Cámara e fóra desta Cámara? Os currantes do país, os obreiros, os estudantes, a mocidade que se intoxica cunha droga traída por unha mafia que gaña as eleccións en Cambados, por exemplo. Droga dura, ademais, e da cal, ó mellor, logo —non da droga senón dos resultados electorais—, se presume por parte do poder establecido hoxe na Xunta.

O señor PRESIDENTE: Señor Deputado, rematouse o tempo.

O señor BEIRAS TORRADO: Ben. Pois se rematou o meu tempo, a guillotina en lugar de a Luís XVI tócalle a este señor neste momento. Solicito insistentemente da Presidencia da Mesa que se aplique o acordo, posto como previsión e non como acordo definitivo, pero que se lle dea execución á apertura dun terceiro turno. Se non, terei que interpretar que agora que empeza realmente a polémica nesta Cámara se estende o pánico de que haxa realmente polémica. ¡Alá vostedes! O cortés non quita o valente e hai que demostrar que son vostedes valentes. Empecemos a polémica. Temos tódolos días do mundo por diante porque cantos máis días teñamos de polémica tantos máis tarda en caelo señor Fernández Albor e todos vostedes. (Risos).

O señor PRESIDENTE: Suspéndese a Sesión ata as cinco da tarde.

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

O señor PRESIDENTE: Señorías, ocupen os seus escanos que continúa a Sesión.

Ten pedida a palabra o señor Nogueira Román. Pode facer uso dela por un tempo de dez minutos.

Silencio, por favor.

Un momento, señor Nogueira, a ver se hai o silencio necesario. Pode empezar.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, Señorías, dixen onte na primeira intervención deste debate parlamentario que nós nos sentimos distantes do Goberno que se vai formar --espero-- como consecuencia da moción de censura, pero que non somos indiferentes ante o seu resultado. Queremos, polo tanto, que gañe a moción de censura. Unha moción de censura que votamos afirmativamente porque estamos nunha situación de emerxencia política, resolta democraticamente, ante unha situación de necesidade, ante o crecente desprestixio das institucións e, moi especialmente, da Xunta de Galicia. Creo que é evidente que a crítica do PSG--EG, tanto nesta coma na pasada Lexislatura, contribuíu a crear as condicións para o triunfo da moción de censura.

Pero ante a extraña actitude tomada polo candidato á Presidencia, o señor González Laxe, neste debate, onde incidiu pouco na crítica ó Goberno de Alianza Popular, parece que, á parte de axudala a triunfar cos nosos votos, teríamos que axudala a triunfar dialecticamente, suprimindo as insuficiencias da crítica realizada polo candidato do PSOE. Vou facer unha breve contribución a esta cuestión para pasar despois a defini--las circunstancias nas que eu creo, en nome do meu Partido, que debe ser gobernada Galicia.

Esta contribución máis, refírese a que unha das causas fundamentais do fracaso do Goberno de Alianza Popular foi a debilidade da institución presidencial. Eu creo que é evidente que ante esa debilidade a Autonomía padeceu. O señor Fernández Albor, a pesar da súa profunda experiencia, posiblemente con inxenuidade, dixo unha vez que ante a situación que vivía Galicia había que aguantar, sufrir e calar. Esa postura débil foi a que determinou que o fustigamento continuo do Goberno Central fixese fracasar dalgunha forma o Goberno de Alianza Popular --á parte dos seus propios defectos, que non vou aquí citar de novo-- e que con ese fracaso padecesen as propias institucións autonómicas.

Esta debilidade da institución presidencial como causa determinante do fracaso das institucións autonómicas debe servirmos de lección para o futuro. Debilidade fronte ó seu Goberno, no seu caso, señor Fernández Albor, no futuro pode haber outras debilidades, por exemplo fronte ó propio poder central.

O señor Fernández Albor, se perde a moción de censura --como espero e desexo-- perderá con dignidade. Espero que esta experiencia que el sufriu, e que todos sufrimos, nos sirva para o futuro, porque estamos nun momento de construción do autogoberno e esa construción do autogoberno debemos saber que é contradictoria. Contradictoria inequivocamente co poder central e contradictoria tamén coa Galicia antiga que vive dentro de todos nós e dentro da sociedade galega.

Pero, por outra parte, Señorías, eu creo que se está vendo que unicamente cando as forzas nacionalistas da oposición teñen intervencións neste Parlamento o debate colle unha certa altura. Altura non en canto á elocuencia ou a retórica, que non son eu quen teño que xulgalo, senón en canto a que haxa posicións dialecticamente enfronta-

das e que poidan ser, polo tanto, fértiles para o futuro.

Eu creo que o debate --estámolo vendo-- entre AP e o PSOE é un debate estéril. E é estéril porque é, no fondo, a mesma cultura política que profesan tanto Alianza Popular coma o PSOE; é, dalgunha forma, o reflexo do que pensan de nós, de Galicia, desde fóra; é, dalgunha forma, o reflexo da ideoloxía dominante que vén desde fóra pero que está interiorizada, profundamente, no seo do pobo galego. Tanto é así que os que gañan as eleccións, ata agora, son Alianza Popular e o PSOE. Espero que iso non ocorra no futuro. Eu creo que moitas veces o debate entre Alianza Popular e o PSOE --e dígoo aquí sinceramente, facendo uso do meu dereito democrático-- é un debate inútil porque responde realmente á Galicia antiga, e creo que todos estamos presentindo que fai falta buscar solucións políticas baseadas nas propias capacidades. Esas solucións políticas baseada nas propias capacidades non poden estar representadas xa nin por Alianza Popular nin polo PSOE. Creo que hai que reinterpretar--la realidade de Galicia, mesmo a nosa historia.

Reinterpreta--las nosas capacidades e mesmo a nosa historia é unha condición para que teñamos un futuro mellor, unha sociedade máis próspera, máis libre, máis xusta, máis universal e menos provinciana. A min gustaríame que para facer esta reinterpretación lesemos de novo, como tivemos ocasión de escoitar, o discurso que fixo o Presidente da República Arxentina, Raúl Alfonsín, no Hostal dos Reis Católicos. E non fixo ningunha louvanza esaxerada; fixo unha verdadeira epopeia, unha crónica dos galegos na Idade Moderna, xa que non de Galicia, que non existiu como entidade política de seu.

Temos que reinterpretar--la nosa historia e a nosa cultura sabendo que somos un país que non perdeu a súa lingua e que esta lingua é unha lingua universal, pois como dixo

Castelao: "a nosa lingua florece en Portugal e florece tamén en Brasil e noutros países do mundo". Temos que reinterpretar--la nosa historia sabendo que o noso campesiño non sempre foi o campesiño pasivo que está nas crónicas políticas actuais. Teriamos que aprender das loitas agrarias democráticas. de principio deste século, antes da Guerra Civil. Mesmo teriamos que ir ós clásicos, como Marx, para ver como el mesmo revela que no combate contra a invasión francesa Galicia lle deu exemplo a tódolos pobos do Estado Español.

Galicia non é unha Galicia pasiva; temos sindicatos obreiros, mesmo nacionalistas, cunha alta representación, que estiveron sempre á cabeza, incluso contra o franquismo, nas loitas obreiras do Estado Español. O mundo rural é o cerne da nosa personalidade; ninquén o dubida, pero Galicia é fundamentalmente hoxe un mundo urbano; esa é a Galicia de hoxe. Incluso temos que concebir a Galicia, como sempre a concebiron os nacionalistas, como unha grande cidade.

Galicia ten grandes posibilidades económicas e non necesitamos da axuda de ninguén. Necesitamos, iso si, solidariedade e que nos deixen en paz. Galicia ten grandes posibilidades económicas. Non vou recordar aquí as materias primas con que conta Galicia, desde a produción de aluminio ata a enerxía, ata as propias producións agrarias, que hai que deixalas medrar, claro está. Hai que deixalas medrar e deixalas competir, sobre todo ante a entrada no Mercado Común. Non se pode afogar a un país como Galicia nos inicios da entrada na Europa Económica, na Europa á que cultural e inequivocamente pertencemos.

Galicia é un dos primeiros países Europeos en pesca, Galicia incluso ten unha industria que ten grandes iniciativas e non podemos afogalas. Por exemplo, é afogalas poñe--los mesmos incentivos para a creación de novas industrias en Barcelona ou en Madrid ca en Fe-

rrrol. ¿Quen pensa que se poden crear novas industrias en Ferrol poñendo os mesmos incentivos en Barcelona e en Madrid? Iso realmente é afogar absolutamente o nacemento de industrias en Ferrol e na Galicia enteira.

Galicia ten unha gran capacidade humana, demostrada en tódolos eidos da vida, económica, social e cultural, e, en todo caso, ten unha gran creatividade cultural que naceu no nacionalismo e esperamos que no futuro sexa compartida por tódolos galegos e galegas.

E tamén quero dicir aquí que as cousas de Galicia teñen solución. Pero claro, as cousas de Galicia teñen solución pero non facendo da debilidade, como dixen onte e como fai o señor Rajoy, un programa e unha teoría. O señor Rajoy representando ó Goberno de AP converteu a debilidade do Goberno Galego en realismo, negociando en condicións nefastas para Galicia algo tan fundamental como o financiamento autonómico. Converteu a debilidade en programa e teoría, e iso nunca se pode facer. Temos que sentirnos solidarios, claro está. Incluso ó mellor non poderemos vencer, segundo as nosas reivindicacións, pero nunca podemos darlle a razón ó contrincante, se non a ten, claro está.

As cousas teñen solución, pero tampouco se pode actuar coma o señor Presedo, o noso colega Parlamentario, que dixo esta mañá que estamos culminando o Estatuto. Esa é a teoría do Goberno Central. Nós cremos que o Estatuto de Autonomía, neste momento, non está aplicado nin sequer nun 50%, porque nos faltan competencias fundamentais --e non quero recordalas-- e mesmo porque algunhas das que temos están totalmente infravaloradas. Por exemplo, ¿quen cre que as competencias que temos nós na creación industrial, na promoción industrial, na industria, son as que se desprenden do Estatuto de Autonomía? ¿Se temos as mesmas competencias ca Extremadura! Os Estatutos son radicalmente distintos. A capacidade do

Estatuto e a propia Constitución non teñen nada que ver coas competencias transferidas.

Polo tanto, así non imos a ningures. Iso á parte, o Estatuto pódese reformar. Non estamos culminando o Estatuto, non estamos máis ca principiádoos. As cousas teñen solución pero, claro está, ¿como van ter solución estando de acordo Alianza Popular e o PSOE no financiamento para este ano? ¿Non poden ter solución! Sen esa base material, ¿como imos facer un programa para o ano próximo? Eu estou esperando o Presuposto do ano proximo do Goberno nacido da moción de censura. Espero ver se se van endebedar en 15.000 millóns de pesetas ou en 25.000. Ou se deixan de facelos propios programas que facía Alianza Popular. Estou agardando a ve--lo que pensan facer.

Non hai 20.000 millóns de pesetas máis este ano, señores. Deses 20.000 millóns de pesetas, preto de 6.000, ou 6.000, son da Universidade recentemente transferida; 4.000 millóns de pesetas son novo financiamento, que xa procede do Presuposto deste ano. E, en todo caso, Andalucía e Cataluña reciben bastante máis. Xa o ano pasado había un crecemento simplemente vexetativo, e Galicia era gravemente discriminada. Por non falar --díxenllelo xa onte-- do Fondo de Compensación Interterritorial, do que Cataluña, no ano próximo, recibe 4.000 millóns de pesetas máis.

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, rematou o seu tempo.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Acaba xa; un minuto exactamente.

As cousas teñen solución. Nós cremos que os problemas que preocupan á nosa xente, de Ascón, de Mafriosa, de Sidegasa, da creación de novas industrias, da comarca de Ferrol, da cuota láctea, da integración en Europa, da apertura total das fronteiras con Portugal, da

normalización do galego, da transferencia do INSALUD, etc., teñen solución. Pero as cousas non teñen solución cun Goberno dependente das ideas que proveñen de fóra, dun Goberno que depende do centralismo.

Eu creo que xa está demostrado que fracasou o bipartidismo, que nós sempre criticamos, e que debe nacer outra alternativa política baseada na propia sociedade galega. O PSG--EG está facendo este esforzo e, se me permiten citar un clásico, e así termino: "nunca tan pequeno principio de calquera empresa que a súa culminación non a faga grande".

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Señor Rodríguez Peña, pode facer uso da palabra.

O señor RODRIGUEZ PEÑA: Señor Presidente, Señorías.

Estamos con tranquilidade participando nun debate normal, democrático e lexítimo. Vou ser breve e non quixera ser reiterativo de algo que debuxa o noso propio comportamento parlamentario durante todo o que levamos de Lexislatura. A maqueta, ou a arquitectura do debate podíamos supoñela en tanto que é o debuxo do que tamén xustifica o noso propio comportamento parlamentario: alguén que fala polo Goberno e un Presidente que non fala, un Presidente que está no silencio. Con todo respecto, señor Fernández Albor, isto xustifica o que foi a nosa propia conducta parlamentaria. E disto creo que fala a propia arquitectura deste debate.

Hai alguén que fala para xustifica--lo Goberno censurado, e non fala quen ten a obriga de defende--lo seu Goberno. Houbo en toda esta arquitectura do debate citas --entendemos nós que moitas veces arrequecen o debate parlamentario-- probablemente de escaso rigor, que pecan de falta de obxectividade en tanto que moitas veces son o argu-

mento ou a técnica parlamentaria para xustificar cuestións de tipo persoal ou pasadas. E o país xoga ó futuro e, polo tanto, nós estamos neste debate por riba destas cuestións. Por iso digo que vou ser breve e non reiterativo.

Falouse tamén de cuestións cuantificables, ética, aritmética, creo que tamén de faltas de rigor, totalmente de faltas de rigor, nesta Cámara. E creo que non debo extenderme neste comentario porque a propia Cámara o sabe. E entón, ante a situación, sufrimos como nacionalistas galegos un debate interno profundo --e non falo de forma persoal, senón que xustifico o que é o noso propio comportamento, a nosa propia xustificación do que estamos a defender-- que nos leva, por unanimidade, a tratar de concorrer a unha situación, que non debuxa as arelas desde un compromiso nacionalista galego, pero que entendemos que é necesaria. O país require unha reconstrución e entendemos que, ante a situación, hai que estar proclive, sen dúbida valente e con firmeza, para prestarlle o apoio a unha situación distinta. Entendemos que é un camiño útil para o país aínda que, como dicía, non sexa a solución alternativa pola que estamos a loitar.

Queremos que as institucións galegas pesen na terra e pesen máis aló, no conxunto do Estado e aínda máis aló, en Europa, onde temos tamén moita xente do país. E quero facer énfase nesta situación en tanto que un país cun potencial importante, descrito no debate, non por culpa del, non por culpa da terra, está a sufrir--la sangría de man xove, de homes e de mulleres. De aquí vén a nosa invocación de nacionalistas en canto ó que é a dignidade dun pobo que ten que traballar para acadar que --nada máis digno-- o traballo e a felicidade se produzan no mesmo pobo.

Durante este debate, con toda tranquilidade, entendemos que as nosas institucións --e felicítome por iso-- estiveron alleas total-

mente a outros mecanismos da política que non foron capaces de sus-trairlle o propio debate nin fur-tarillo, porque o debate está aquí. Entendemo--la nosa participación no que vai vir, en algo que ten que supoñer unha rotura histórica, porque ese é o noso compromiso e esa é a nosa responsabilidade. Galicia ten que gañar sempre.

Admitimos mesmo as críticas desde outros posicionamentos nacionalistas, que van ser celadores firmes dese compromiso. Ese tamén é o noso compromiso desde un punto de vista distinto. Non podemos seguir consentindo que o país, por falta de dirección política, siga sendo despensa dos demais, nin que se siga vendendo. Ninguén ten gañado este país. Ninguén ten gañada Galicia. Ese é o noso reto e o de tódolos demais para tratar de ver quen é o que, ó final, busca a maior felicidade para el.

Rompamos tutelas e políticas paternalistas, o país ten que ser ceibe, libre, porque é máis importante sendo así. Debúxao a Constitución e entendemos que é fácil que saia da prédica, dos discursos da política. Pero isto ten que ser unha práctica clara que se asente no que debuxaba o señor candidato onte ou antonte. Dicía: "facer que a política sexa transparente, comunicativa, e que se leve á xente". O final, o país é a xente, e a xente ten que empezar a camiñar. Non necesita tutelas o país. Rompamos compromisos, fagámo--lo país adulto. Creo que é a maneira de empezar a integra--la clase política nunha sociedade que mostra ser máis adulta ca ela.

Señor González Laxe, dicía vostede esta mañá referíndose ó Partido Nacionalista Galego: "non perdan a utopía". O noso aceno hoxe significa un certo nivel de racionalización da utopía, pero non pasa de aí. Enténdao. E dígoo como un aporte ó compromiso que adquirimos, porque é moi importante esa utopía, e vostede necesítala.

E remato xa cunha reflexión. Non é miña xa, pois era miña pero xa a fixeron tamén outros que me precederon. Teñan en conta que, en seis anos, a maioría desta institución lle correspondeu a Partidos que teñen o seu foco de dirección fóra dela.

Máis nada, moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez Castiñeiras, pode facer uso da palabra.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: Señor Presidente, Señorías, ó longo destes días debateuse nesta Cámara un tema de gran transcendencia política: unha crise importante que atravesa a Autonomía Galega. Nós, como Partido responsable, hoxe temos que darlle unha saída. Temos que dar unha saída que, dalgún xeito, lle dea esperanza ó pobo galego, para que os homes do noso país recobren de novo a ilusión.

O actual Goberno da Xunta, señor Presidente, non está en situación, faga o que faga, de devolverlle a confianza ó noso pobo ou de recuperar calquera imaxe de credibilidade. E esta non é unha afirmación para xustificar unha postura. Isto —e dígoo con tristura— é a realidade, é o que se escoita na rúa. E o sentir xeneralizado dos galegos que este Goberno non soluciona os graves problemas que ten Galicia, nin tampouco os pequenos problemas que teñen os galegos a cotío. Polo tanto, non ten posibilidades de acadar ningún tipo de apoio.

A tarefa dun Goberno non son as relacións públicas; a tarefa dun Goberno é a difícil, dura pero admirable tarefa de conducir por rumbos firmes e rigorosos o destino dun país. De resolver ou tratar de resolve--los vellos problemas políticos, administrativos, económicos e sociais de Galicia, de consolidalo noso autogoberno e non estar dependendo dos criterios ou pre-

sións de quen manda na Coalición Popular.

Coido que Coalición Galega actuou desde o primeiro momento con rigor e con seriedade con este Goberno. Despois das eleccións autonómicas do ano 85, Coalición Galega tivo a responsabilidade de decidir quen tiña que gobernar este país. E na cuestión, despois de dolorosos momentos que viviu o noso Partido, decidiu que gobernase Coalición Popular, para o cal se abstuvo na Sesión de investidura. Pero tamén naquel intre Coalición Galega anunciou que o seu comportamento ía ser dunha oposición rigorosa, dunha oposición responsable e dunha oposición constructiva. Démoslle, pois, señor Albor, unha oportunidade. Unha oportunidade que os señores do Goberno non souberon aproveitar.

Nós non pedimos nada para nós. Unicamente a nosa teima eran os superiores intereses de Galicia, busca--lo seu desenrolo económico e social. E o noso desexo era que se fixese unha política galega para os galegos, sen condicionamentos alleos, pero aquí, insisto, pesaban máis os intereses partidarios do Partido no poder cós propios intereses xerais.

Por iso non é xusto, señor Portomeñe, cando vostede di que este Goberno que vai saír esta tarde desta Cámara é un reparto de cuotas de poder. Vostede sabe moi ben que Coalición Galega foi invitada en repetidas ocasións a participar no Goberno da Coalición Popular, e sempre se negou a entrar a formar parte dese Goberno. A nosa teima non é o poder polo poder, senón o poder cunha formulación programática ó servizo de Galicia.

Viamos, a pesar de todo, como pouco a pouco se ía deteriorando a imaxe do Goberno. E así chegamos ó 30 de outubro. O 30 de outubro xorde unha profunda crise institucional. Para nós aquilo foi a primeira moción de censura cara ó señor Presidente. Moción de censura, por

certo, asinada polo señor Portomeñe. As razóns daquela circunstancia non foron aínda explicadas. Por iso a min sorprendeume a intervención do señor Portomeñe. Cando eu ollaba para el, na súa intervención, non lle vía nada de rubor, pero si vía que algúns Deputados dos bancos de enfronte non soamente se ruborizaban senón que baixaban a testa. Mire vostede, señor Portomeñe, eu acepto a evolución política, eu penso que o home público pode evolucionar politicamente, digo máis, e ten a obriga de evolucionar politicamente. Pero a evolución, xustamente, non se entende moi ben cando realmente é a cambio de algo. Así, por exemplo, vostede mesmo, que evolucionou cos votos de UCD a Alianza Popular, de seguida se atopou sentado na poltrona da Consellería de Educación.

Por iso eu penso que non se pode moitas veces criticar a persoeiros que tendo todo o poder deixan este poder para vir xustamente ó encontro coas ideas que á fin, acougaron no seu seo. Por iso lle pido un pouco de respecto cando vostede fala, señor Portomeñe. Eu non quero falar máis do señor Piñeiro, home elixido nas listas de Coalición Galega; eu non quero falar tampouco do Presidente da Deputación; eu non quero falar tampouco dos Alcaldes e Concelleiros, porque a min parécenme cuestións menores. Pero si hai unha diferenza fundamental: que Coalición Galega endexamais buscou a ninguén, senón que eles viñeron xustamente a Coalición Galega. Outros foron pretendidos, en moitísimas ocasións, polo Grupo que hoxe ostenta o poder.

Dicía o señor Beiras hai un momento que parece ser que todo o que vén a Coalición Popular é bo, pois parece ser que é a xustificación que vostedes queren dar. Pero aínda hai unha cuestión moito máis profunda ca todo isto. A min paréceme que nós temos, co Goberno que saía de aquí, que consolidar definitivamente a democracia, onde ninguén se encontre discriminado por ter unhas ideas concretas.

Señores Deputados, é tremenda a frase que escoitei en moitas ocasións cando Alcaldes acudían a nós a dicirnos: estannos a sitiar pola fame. Non se poden utilizar, señores, os cargos que poidamos ter nas institucións para discriminar ós pobos que libremente votaron a súa liberdade.

Pero, como digo, aquela situación do 30 de outubro, aquela situación de crise institucional, aínda non parou a Coalición Galega. Coalición Galega deu un paso máis para tratar de apoiar a ese Goberno. E chegou ós acordos puntuais das leis. Non podían culpar a Coalición Galega de que entorpecía o desenvolvemento da Nosa Terra, e por iso chegamos a aqueles acordos puntuais, onde as leis que se presentasen no Parlamento serían consensuadas connosco. Pero tamén Coalición Galega reservaba o apoio a calquera iniciativa da oposición que, dalgún xeito, fose boa para Galicia.

Este acordo foi incumplido tamén pola Coalición Popular, e foi incumplido ó presentar, entre outras, a Lei de Disolución do Parlamento. E nós non lle temos medo á disolución do Parlamento. Nós reclamamos, como competencia do Presidente da Xunta, a capacidade de disolver ese Parlamento, pero o que non parece ben é que esta lei fose presentada sen contar previamente connosco.

Por iso, señores Deputados, atopámonos nunha situación difícil. O Goberno segue na situación na que está, pero eu quixera reflexar unha cuestión. A política, señores Deputados, xustifícase na medida en que o cidadán se sente atendido pola actuación dos políticos. Penso que o debate que se está a celebrar ó longo destes días serve para poñer de manifesto unha grave situación da política galega e para que así os cidadáns se interesen nas cousas dos políticos. O que si temos que demostrar é que o debate serve para que os políticos se interesen polas cousas dos cidadáns. E aquí onde se

perde a credibilidade. Ninguén pode esixir solucións inmediatas para os grandes problemas, pero todos podemos criticar que non saibamos resolver aquilo que require dedicación, boa fe e xestión eficaz. Iso é o que demanda o noso pobo.

Vostedes, señores do Goberno, non lle inspiran esa confianza ó pobo galego. Tiveron as súas oportunidades e non souberon aproveitálas. Coalición Galega apurou ata o final, consciente da súa responsabilidade, a facilidade para Gobernar, e vostedes perdíanse en cuestións de incrementa--lo seu Partido en liortas partidarias.

Xa se dixo aquí, señor Albor, que a moción de censura á súa xestión foi tamén presentada por altos dirixentes do seu Partido político cando nomearon un substituto para a próxima confrontación electoral.

Por conseguinte esta, ó meu xuicio, é a terceira moción de censura. E esta terceira moción de censura preséntaa o Grupo Socialista de acordo coa súa responsabilidade de se--lo Grupo político máis grande da Cámara. Nós insistimos en que Coalición Galega vai responder a este chamamento de responsabilidade.

Nós insistimos na necesidade de crear un clima de confianza e de expectativa positiva. Desde a desconfianza non se pode xerar ningún tipo de perspectiva, e sen perspectiva non se pode saír da crise.

Témo--la obriga de devolverlle a ilusión á política, témo--la obriga de saber trasladarlle á opinión pública un proxecto global de realzamento do país, témo--la obriga de ilusionar novamente ó pobo galego, témo--la obriga de espertar novamente a esperanza, temos a obriga, por enriba de todo, de gobernar e de que o pobo se sinta gobernado. Isto, señor Presidente, é a nosa propia autodefinición, como Partido que pensa e sente por Galicia.

A ninguén se lle ocultan as diferencias ideolóxicas que existen, ideolóxicas, entre Coalición Galega e o Partido Socialista, é unha cousa evidente; pero xustamente nós, desde aquí, queremos facer esa gran alternativa ó Partido Socialista que Galicia precisa e os galegos demandan.

Pero estas diferencias ideolóxicas non poden interferir nun proceso institucional, como é a resolución dos problemas que hoxe acontecen no noso país. Temos que facer un esforzo para busca--las coincidencias, salvagardando sempre aquelas cuestións que para un Partido nacionalista son irrenunciáveis. Pero, como dicía o señor Laxe, témo--la responsabilidade de busca--los vieiros para darlle resposta a un proceso de deterioro político, de dous anos de duración, para poder gaña--lo futuro.

Machado dicía: "busca a tu complementario, que marcha siempre contigo y suele ser tu contrario". Nós, neste intre, estamos a buscar ese complementario. Teremos enfrontamento na próxima confrontación electoral, pero hoxe temos un deber superior, que é o deber de Galicia, de xuntos tratarmos de solucionar estas cuestións.

Quero rematar, señor Presidente, insistindo en que Coalición Galega lle deu ó Goberno do señor Albor a oportunidade de gobernar este país. E quero tamén recoñecerlle, señor Albor, á súa persoa, o talento de galeguidade que tratou de imprimirlle sempre ó seu comportamento, aínda que lamento profundamente que isto non puidese ser transmitido ó seu propio Executivo. Mais hoxe temos que abrir unha nova porta, unha porta que poida ilusionar ó pobo galego. Hoxe é o gran reto, hoxe é o gran feito histórico onde Galicia pode xurdir novamente, co acordo das forzas políticas, desde a súa responsabilidade. Queren o rexurdimento de Galicia. Hoxe, señores Deputados, é o día no que a esperanza vai renacer no noso pobo, e iso depende en gran parte, señor

Laxe, de vostede.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez Presedo, pode facer uso da palabra.

O señor SANCHEZ PRESEDO: Señor Presidente, Señorías, consumo este turno de réplica e trato xa de facer unha última reflexión. ¿Cal é o significado profundo desta moción de censura? E o significado está claro, Señorías. O significado profundo desta moción de censura é que está rematando Galicia nunha soa versión. Non hai soamente unha versión de Galicia. Os socialistas consideramos que existe unha Galicia aberta e pensamos tamén que os nacionalistas deste país non poden apostar por unha versión reducida de Galicia, de carácter patrimonial para os elixidos, senón que teñen que tratar de buscar unha versión de Galicia aberta cara ó futuro. E este é o significado importante desta Sesión. Galicia descobre novos perfís, novos horizontes, descobre que ten enormes potencialidades, e é consciente do seu pluralismo e da súa potencialidade.

Estivemos facendo un debate fundamental pero cun aspecto central. O aspecto central do debate foi a lexitimación ou a deslexitimación da moción de censura. E hai que realizar unha constatación: a moción de censura lexitímase na medida en que se deslexitima o Goberno. E unha relación directa, ou unha relación inversa, inversa no senso de que aumenta a lexitimación da moción de censura na medida en que tamén aumenta a deslexitimación do Goberno.

En consecuencia nós preguntamos: ¿que lexitimación ten o Goberno na Cámara neste intre? O Goberno nestes intre é unha minoría. Foi sempre unha minoría, pero nestes momento é aínda unha minoría máis patente dentro desta Cámara. En consecuencia, deberían aceptar

esta realidade. E non vale agora lanzar un argumento, que a min me parece que é nocivo. Non soamente é nocivo parlamentariamente senón que é nocivo nesta Tribuna, que debería ser unha escola de democracia para o pobo galego. E descalificar ós que non pensan coma min.

Señores Deputados, todos podemos ter aquí as nosas posicións e defendelas con honestidade e sen descalificacións. Todos temos que asumir--las nosas propias responsabilidades. O pobo galego examinará, no seu momento, cal foi a utilización que fixemos da súa confianza. Pero hai un aspecto central que eu quixera destacar. Estamos nunha Autonomía parlamentaria, nunha democracia parlamentaria, e o xogo da democracia parlamentaria é moi claro: non existe na democracia representativa unha contradicción entre a vontade popular e a vontade do Parlamento. E eu dígolle a Alianza Popular que non trate de establecer contradiccións de deslexitimar a este Parlamento, un Parlamento que foi elixido polo conxunto do pobo galego, e debe empezar a trasladarlle ó pobo galego unha imaxe clarísima, e é que hai que asumir--las decisións do Parlamento, porque o Parlamento representa ó pobo Galego.

Este é un tema fundamental, afirma--lo valor do Parlamento, afirma--lo valor da democracia, considerar que é necesaria unha xustificación desta moción polo desgoverno existente, pola fragmentación política deste país. E necesario realizar unha tendencia ó encontro e á unidade, porque é necesario cumprir un mandato confiado polo pobo galego para catro anos. Nós pensamos que debemos tentar cumprilo, e cumprilo a satisfacción. Cómpre darlle a este país tranquilidade e estabilidade política, e cando se chega a encontros non se deberían cuestionar estes encontros, porque o que crean é un clima de confianza cidadá. E o Partido Socialista vai garantir estes acordos, aínda que evidentemente desexaría outro tipo de acordos. Desexaría un acordo directamente co

pobo galego, nunha representación maioritaria.

E imos, paréceme importante destacalo, realiza--la primeira operación de alternancia democrática en Galicia. Por vez primeira imos efectuar unha transición democrática de Goberno en Galicia. Eu pediríalle a esta Cámara que para esta operación actuemos con madurez, actuemos con altura; deámoslle á sociedade galega un sentido de dignidade e de responsabilidade. Non fagamos unha alternancia traumática, non embacemos este proceso. Prestémoslle todos un servizo a Galicia. Os que neste momento van apoiar ó Goberno, asumindo o Goberno con responsabilidade, e os que pasan á oposición, asumindo a oposición con orgullo ou como un servizo a este país. Porque a democracia hai que asumila cando se gaña e cando se perde, a democracia hai que asumila no momento en que o pobo nos dá a razón e no momento en que o pobo nola retira. Esta é a lección que hoxe debemos darlle todos a Galicia, Señorías.

Eu pregunto, señor Fernández Albor: ¿cal é o problema deste país? O problema deste país está claro. Houbo un Presidente que fixo un discurso de investidura e que vai facer un discurso de despedida, e no medio un silencio moi grande. E este país necesita cubrir estes silencios con accións positivas en beneficio dos seus cidadáns.

Eu vou rematar esta intervención cunha cita popular, de moitos de galegos que atopei estes días pola rúa. A min dicíanme o que eu lle vou dicir a don Fernando González Laxe: sorte e éxito, porque será a sorte e o éxito de tódolos galegos.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Pode facer uso da palabra o señor Vázquez Portomeñe.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Señor Presidente, Señorías, non sei se non me tiña que dirixir persoalmente a algún dos señores Portavoces que me fixeron (agradézollo moito) destinatario da maior parte das súas palabras.

Comenzarei polo candidato, no mesmo ton de cordialidade, señor candidato, que vostede utilizou nesta Cámara.

Vostede queixouse, en primeiro lugar, de que é obxecto de grave censura por parte do Grupo Popular. Pero, ¿é que non se decatou de que é o candidato alternativo e que ten que exhibir --posto que nos fala de moción de censura constructiva como efectivamente é a única modalidade configurada polo noso Estatuto de Autonomía e mais pola Constitución-- ante a Cámara un programa completo? ¿Por que pretende que non o censuremos se unha gran parte da Cámara está absolutamente disconforme con iso que se chamou programa, e que eu intentei desde esta Tribuna xustificar que non era tal? Non se queixe de censuras, non se trata de censurar ó censor. Trátase de examinar e verificar se este censor nos merece ou non o aprobado.

Despois adicouse a Súa Señoría a discorrer, a debater pola vía de democracia. ¿Que é a democracia representativa e, en definitiva, cal é o concepto de democracia? A min deume a impresión --exactamente igual que fixo algún outro Portavoz e que se dea por aludido-- que vostedes trataban de pintar un Parlamento absolutamente desconectado da rúa, é dicir, os cidadáns quedaron na rúa, entregaron a súa vontade, e os señores Parlamentarios, en definitiva, teñen facultades para administrala arbitrariamente na dirección que lles praza.

Están vostedes rompendo a teoría da representatividade, están vostedes rompendo a organización partidista da democracia, están vostedes, Señorías, en definitiva, rompendo o mandato dos electores e cal é a lexitimación verdadeira dos

señores Parlamentarios que están ocupando escanos. Nós tamén cremos na democracia, por iso eu tanto lle predicaba ó final á Súa Señoría que nos axude, no sagrado nome de Galicia, a que Galicia fale. Esa é a verdadeira democracia, aquela que nos marcan os cidadáns.

Ninguén esqueza nesta Cámara, Señorías, que en definitiva a soberanía popular está no pobo. Non está exactamente no Parlamento, está no pobo. E tal din os tratadistas, as leis occidentais e mesmo a nosa Constitución. Polo tanto, non xoguemos a posibles dicotomías entre pobo e mais Parlamento, porque iso é absolutamente imposible; sería a deslexitimación do Parlamento, ¿enténdenme?

Eu lamento que non me entenda, pero naturalmente non estou aquí para darlle leccións didácticas senón para facer afirmacións de convicción que entende, habitualmente, calquera señor deses que se poñen como sintomático da vontade popular: os que andan polas rúas de Santiago, por exemplo.

Di que o Parlamento é a máxima institución. Créollo. Notoriamente nesta Autonomía é a máxima institución, pero entón a pregunta xorde inmediatamente: ¿como nos di que Galicia perdeu a dignidade --non Galicia, senón as institucións galegas-- se Galicia está representada polo Parlamento? Eu creo que xa o dixen na miña anterior intervención e se non dígo agora: eu non creo que este Parlamento, nin moitísimo menos, perdesa a dignidade.

Logo tamén nos falou daquilo ó que xa aludiu o señor Vicepresidente, de que ó parecer vai acontecer algo maravilloso. A miña pregunta é se ese algo maravilloso é o cambio de titularidade na Xunta, ou vai máis alá e é o cambio de formulacións políticas. Probablemente a Súa Señoría di que é o cambio de formulacións políticas. Nese cambio que nos poden traer é certo que creron 10 millóns de votantes, máis de 10 millóns de votantes neste

país; pero tamén é certo que ultimamente xa só cren 7. ¿E cantos crerán proximamente? A liña descendente marcouna a sociedade perfectamente, polo tanto, non me están abrindo exactamente portas de esperanza.

Tamén nos fala dos desequilibrios territoriais. Faláronlle do artigo 15 da LOFCA. Se este país verdadeiramente está en inferioridade de condicións a outras Comunidades Autónomas de España, ¿por que entón aquela brutal reconversión naval que destruíu (non sei se o dixen, dígo agora) a base industrial máis esencial, máis transcendente que tiña este país? ¿Por que o constante descenso dos investimentos públicos, a pesar dos seus números, que aquí en Galicia realiza o Goberno Central? ¿Por que as súas Señorías, para emendar cifras e aínda así quedarse comparativamente curtos, nos espetan como sumandos a construción dun acorazado nos estaleiros ferroláns? Que eu saiba ese non é un interese directo de Galicia nin unha fonte de creación de riqueza deste país.

Vostede tamén me falou de Churchill querendo emendar, dalgunha forma, o feito de que entón non existían laboristas. Eu creo, Señoría, señor candidato censor, que non me entendeu. Churchill cando estaba no cuarto de baño dirixiuse ó líder dos laboristas para dicirlle que se detivese, que parase, porque se vía algo que funcionaba con corrección non daba vencido a tentación da súa nacionalización.

Tamén nos falou a Súa Señoría do PDR e fixo unhas preguntas verdadeiramente curiosas, dito desde a cordialidade. ¿Onde imos? ¿Que queremos? ¿Non é a Súa Señoría o candidato alternativo? Esa é a resposta que nos ten que da--la Súa Señoría a todos, absolutamente sen excepción a todos. De aí que o censurásemos, ¿comprende? A Súa Señoría estivo dándonos argumentos sobrados para esa censura da que logo se queixaba.

En canto ó señor Beiras, non teño nada que lle dicir. Esa acepción que me daba da palabra celebridade é notoriamente certa. E unha delas, non é a única. Tamén por ese vieiro, efectivamente, se cadra se pronunciaba este Parlamentario.

Pero si se fixo aquí unha alusión, a seguir, ó tema de don Ildefonso Piñeiro. Algo así como se a súa integración nas filas da Coalición Popular borrara toda lexitimidade á protesta que a Coalición Popular alzou fronte á desaparición voluntaria de cinco Parlamentarios do seu seo. Señorías, don Ildefonso Piñeiro, primeiro, non resultou nin electo Parlamentario; segundo, nunca tomou posesión neste Parlamento ata hai escasamente días; terceiro, inscribiuse no Partido de Alianza Popular hai máis de un ano; e cuarto, conformou as listas electorais de Alianza Popular por un concello da provincia lucense. A partir de aquí díganme as Súas Señorías se querían que voltase ó seu Grupo de orixe, ante a dicotomía evidente da militancia no outro Grupo político, cando el non sospeitaba que podía acadar escano na Cámara e, en consecuencia, non me poñan exemplos que nada teñen que ver.

En canto ó señor Nogueira, simplemente lle vou dicir algo, porque estou perfectamente de acordo, absolutamente de acordo. Non lle vou face-la menor crítica, vou aplaudir á Súa Señoría. As consecuencias do que vou dicir sáqueas tamén a Súa Señoría. Dixo literalmente: "o proxecto do señor candidato non debuxa as arelas do nacionalismo". Primeira cuestión. "Non é a solución alternativa que están a buscar". Vostedes dixérono. Saque as consecuencias.

En canto ó Portavoz de Coalición Galega, ó meu amigo persoal, Cándido Sánchez Castiñeiras, probable futuro Conselleiro, tería que dicirlle: meu amigo Cándido, non creo que a Súa Señoría comence ben. Cando os debates nun Parlamento se levan corpo a corpo, cando non se

ten capacidade de crítica das posturas políticas, cando non se ten imaxinación para argumentar noutros eidos nos que xeralmente ten que argumenta--lo político, notoriamente, estase confesando unha inicial incapacidade e, desde logo, un notable perigo de fracaso.

Diríalle que utilizou un ton abacial que eu lle agradezo; é dicir, non existían estridencias no seu ton. Invocóuno--lo sentir xeneralizado dos galegos e eu preguntolle: ¿como sabe a Súa Señoría na dirección en que predica se está xeneralizado o sentir dos galegos verbo da moción de censura? A min cando os atopo na rúa, mesmo xente procedente do seu Grupo político, predícanme todo o contrario. E predicar dicotomías entre a súa interpretación e a miña interpretación. ¿Sabe que lle vou dicir? Que non hai mais ca un dato auténtico: tres lances electorais sufridos en Galicia. Mire os resultados, mire a quen lexitimou o pobo e mire a quen lle deu a espalda o pobo.

Di que pactaron co Grupo Popular unha serie de iniciativas lexislativas e que foi a cambio de nada. Xa oíu que hai certos sorrisos na Cámara cando eu digo que a cambio de nada; e naturalmente non vou dicir a cambio de qué, que non o sei. Pero evidentemente polo menos estaban en xogo as máquinas da Deputación Lugo e mailas da Deputación de Ourense, cando menos.

Di que non entra no poder polo poder, senón que entra en virtude dun programa ilusionante. E eu preguntolle se é que tanto se arrepen tiu do seu propio programa, absolutamente antitético do programa socialista. E o señor socialista dinos que el non defende o seu programa, o cal pode ser ata outra frustración fronte á colectividade galega, por unha razón: aquilo foi a oferta electoral, foi a base de acadar votos, foi a fase da lexitimidade de 22 escanos que obtivo --lexitimamente evidentemente-- o Partido Socialista e agora di que non se fai un programa socialista.

Eu entendo, Señoría, que efectivamente é así, e diríalle unha cuestión máis para rematar, porque vexo a luz vermella acesa. E certo que a nós nos chaman a Coalición Popular. Isto evidentemente é así; pero eu dígolle cordialmente que a vostedes empezan a chamárle-la coalición impopular. Primeira cuestión.

En segundo lugar, cando me fan de programas, de xuntanzas e das dicotomías, a min dáme a impresión de que aquela misa de Henrique IV de Francia, organizada con mal senso galego, se intentaba mimetizar aquí, pero pesimamente. A min dáme a impresión de que hai unha especie de suma de cooficiantes e algún que outro axudante, ó cal non me vou referir agora. Os cooficiantes, notoriamente, son o Partido Socialista, Coalición Galega e o PNG. O que non importa é que uns sexan luteranos, outro maometanos e outros xudeus. O que interesa neste país é organiza-la misa e participar nela.

E o último que se me ocorre dicir.

Moitas gracias, Señorías.

O señor PRESIDENTE: Pide a palabra o señor Presidente. Pode intervir.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fernández Albor): Señor Presidente, señoras e señores Deputados, parece que algunhas persoas e Grupos desta Cámara tiñan moito interese en que eu falase, e eu despois de tanto que escoitei aquí tiña moitas ganas de falar, pero haberá tempo de facelo pois se hoxe o fixese, con todo o que eu tiña que dicir, empezaría a dicirse que eu non quería abandona-lo poder, como se dixo tanto aquí, tanto nesta terra nosa, que eu estaba agarrado á silla. E por iso, hoxe, o único que quero facer é saír de aquí con toda a dignidade da que eu son capaz como vello galeguista e como vello

demócrata. E vou emprega-la terapéutica da serenidade, que eu lles aconsello ós amigos, aconsellaba como médico e aconsellaba como político. Pero, indubidablemente, se non respondese á moción de censura parecería unha descortesía e eu non quero ser descortés.

Vouna contestar inclusive duramente, pero como cortesía parlamentaria, porque xa sei o que sucede nestes casos e sábeo o señor Laxe. Recordará que no discurso de investidura, cando criticaba o meu discurso e dicía que en vista dese discurso ía votar que "non", eu respondíalle que aínda que eu presentase o programa do Partido Socialista ía dicir que "non". O mesmo sucede hoxe.

Pero, señor Laxe, vostede sabe que está todo feito, vostede sabe que non vale de nada o que eu diga, non vou convencer a ninguén. Esas xentes vanme votar e todos vostedes non me van votar diga o que diga aquí. Pero, como digo, a miña intención primeira é darlle resposta ó escrito dos Deputados abaixo asinantes, é dicir, tódolos membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia que se dirixiron á Mesa para que esta Cámara esixise a responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu Presidente e dos Conselleiros mediante a adopción dunha moción de censura.

Realmente o mesmo sucede hoxe neste debate, ninguén vai cambi-la súa decisión. A razón, como lles dicía, é simplemente regulamentaria e ademais está abonada pola cortesía e é de boa crianza que eu lle dea unha resposta axeitada ó escrito aquí presentado.

O primeiro punto da moción que presentan os Deputados socialistas fala da miña falta de credibilidade e tamén da do meu Goberno no que fai á consolidación e á profundización da Autonomía de Galicia.

Respeto esta sintaxe e este léxico, e repensando o seu significado fago eu a miña pregunta: ¿debi-

lidade de quen e ante quen? Porque, señores Deputados, cando se quere falar da consolidación da Autonomía de Galicia o primeiro que hai que pensar é que a tal responsabilidade non se lle pode esixir soamente a unha das partes, sobre todo cando tódalas que forman o sistema son solidariamente responsables. Establezamos, pois, que partes son responsables na consolidación da Autonomía e analicemos despois o que inmediatamente aporta de seu tal análise.

Galicia non é unha realidade á parte da nación española, que é o que establece o artigo 2 da Constitución. E da man deste precepto quero sinalar que as Autonomías non xurdiron pola teima duns españois contra outros, nin ó servizo da insolidariedade. As Autonomías, señores, xurdiron da vontade constituínte de lle dar ó Estado unha organización territorial definida conforme a uns principios determinados. Tal foi o que propuxo e determinou o título VIII da Constitución.

Establecida esta premisa, vén de seu a consecuencia de que a consolidación das Autonomías, sexa a que sexa, é responsabilidade principalísima tamén do Goberno do Estado, que, segundo establece o artigo 97 da mesma Constitución, é o que dirixe a política interior. Verdadeiramente non sei eu ningún máis importante obxectivo da política interior que non sexa axustar a organización territorial do Estado ó que a mesma Constitución establece.

Despois demorareime en ampliarlos datos. Agora proclamo que despois de 8 anos de se promulgaren os Estatutos do País Basco e de Cataluña, e preto de 7 anos de se aproba-lo Estatuto de Galicia, aínda ningunha destas tres nacionalidades históricas acadou a súa cota de autogoberno, nin ten asumidas tódalas transferencias que estatutaria e constitucionalmente lles pertencen.

Sen maior crueza, coido que es-

tas palabras miñas serven para deixar ben sentado que o problema da consolidación da Autonomía non é unha única responsabilidade da Xunta de Galicia, é dicir, miña e dos meus Gobernos. Pero ocorre tamén que un sistema autonómico non é soamente, aínda que iso é o que lles gustaría ós centralistas, un simple órgano de xestión. Non. Un sistema autonómico é un sistema contrabalanceado no que xogan diversos órganos, entre eles, por definición estatutaria, o Parlamento.

Pois ben, non cabe a menor dúbida de que na consolidación da Autonomía tamén o Parlamento ten as súas responsabilidades. Deixo agora esta reflexión; máis adiante será obxecto de novos pronunciamentos. Soamente quero deixar anotado que o Parlamento non é unha entelequia, un ente sen responsabilidades. Volvendo á distinción que fixen ó principio das miñas palabras, o Parlamento pode ser un ente deliberativo e como ente representativo está sometido á elección ou rexeitamento periódico dos seus membros, dos que forman parte del, e esa é unha gran responsabilidade que hai que medir tamén.

Todos sabemos que nun sistema democrático moderno non existe o mandato imperativo, pero todos sabemos tamén, e a socioloxía política así o proclama, que a composición dun Parlamento responde ós desexos colectivos do pobo representado. Cando os Parlamentos non responden a esa representatividade, a súa virtualidade cando chega o momento da renovación xa está perdida para aqueles Parlamentarios que non foron fieis á confianza que as urnas lles deron. Valla esta reflexión de moralidade política para posteriores consideracións que hoxe hai que facer.

Antes desas reflexións, que virán de seu, agora hai que apuntar algúns datos. Nos sistemas democráticos a credibilidade vén establecida polas urnas e pola vontade dos electores. Pois ben, nas urnas o pobo galego decidiu que a forza po-

lítica que hoxe goberna era merecedora da súa confianza.

Non quero falar das eleccións de 1981, nas que conseguimos 26 Deputados. Falarei das sucesivas convocatorias nas que o pobo galego seguiu depositando en nós a súa confianza. Falo das sucesivas eleccións, das xerais do 82, das locais do 83, das autonómicas do 85, das xerais do 86 e das locais do 87 --6 eleccións--. O longo de todas elas hai unha liña que marca o seguir confiando en nós do pobo galego. Aínda máis, o progresivo aumento desa confianza.

Non quero facer ningún tipo de apelación persoal, non quero abandonar ese debate a particulares modos de pensar ou a individuais xeitos de entende-la política que o pobo mesmo estableceu, abonda con sinalar que cada quen ten que terminar das súas propias responsabilidades, xa que á fin e ó cabo será o pobo galego, Galicia enteira, a que as vaia pedir.

Feitas estas precisións, o que me asombra do Grupo Parlamentario Socialista é que sexa el o que lles pida ó Goberno Galego e ó seu Presidente responsabilidades por falta de credibilidade na consolidación da Autonomía. Xa non falo da profundización, que non sei que quere dicir: se pensar en mete--las Autonomías nun pozo sen fondo ou profundizalas no desespero. ¿Ou é que tan doadamente esquecemos que o PSOE antes de chegar ó poder foi un dos deseñadores da chamada LOHAPA, toco intento de converte--las Autonomías en órganos pasivos e pacientes da vontade do Goberno Central? ¿Ou é que non nos damos de conta de que o mesmo PSOE, agora en Cataluña está a falar dun pseudofederalismo que non é outra cousa co desexo de agachar pola vía semántica o que se pode construír co Estado das Autonomías?

Din vostedes: carencia de dirección política no Goberno Galego, carencia de estabilidade governamental. Poño en interrogante o que

os señores Deputados do Grupo Parlamentario Socialista sosteñen como afirmacións, sen base ningunha, naturalmente. En preto de 6 anos de goberno a estabilidade do Executivo foi unha constante, a non ser que se utilicen as crises puntuais como argumentos que non se teñen de pé, porque en definitiva, ¿falamos de inestabilidade governamental ou máis ben de inestabilidade dos Grupos Parlamentarios? Porque unha cousa é evidente: a composición da Cámara non corresponde cos resultados electorais. Digo máis, aínda corresponde menos coas actuais tendencias de voto do electorado galego. E o que afirmo rotundamente é que o Goberno Galego, tanto na súa composición coma no seu talante, respondeu sempre á deliberación das formas políticas de que xurdiu e que o apoiaban. Isto é evidente.

Pero se agora un determinado xogo político, unha determinada manobra, un pacto que non estaba avalado por ningunha confrontación electoral, decide que o Goberno Galego é inestable e carece de dirección política, iso hai que llo botar na cara ós que pretenden torcelos afáns de gobernabilidade da forza política máis votada desta Cámara, e non, dígase o que se diga, ó Goberno que eu presido e ó meu afán de gobernabilidade que fixen patente ó longo de case 6 anos na Presidencia da Xunta de Galicia.

Pero, claro está, estas verdades, que non admiten discusión, preténdense evitar con peticións de principio que non se teñen de pé. E como non se teñen de pé, insístese en proclamacións gratuítas ou insultantes. Porque é un insulto, señores Deputados, que o Grupo Parlamentario que pretende gobernar por medio da Moción de Censura fale da perda da dignidade institucional. Tamén aquí poderíamos dicir que as formulacións maniqueas non son correctas nin xustas. A dignidade institucional da Autonomía é responsabilidade de tódolos poderes establecidos no noso Estatuto e non soamente de un deles.

As Súas Señorías saben que eu nunca entrei --nin vou entrar, naturalmente, agora-- nesa dinámica empobrecedora dos insultos. Deixo para outros o exercicio desa especialidade. Ademais non o farei non xa por vontade persoal senón porque mentres sexa Presidente da Xunta de Galicia represento ós señores que me votaron e ós que non me votaron, e por iso teño que ser moito máis parco nas miñas expresións e nos meus comentarios das xentes ou dos políticos que están neste mundo de Galicia.

Pero si contestarei á afirmación de que nós renunciámos a desenvolver un programa político de goberno minimamente serio. Máis xusto e máis verídico sería dicir, señores, que son vostedes os que non fan unha actuación minimamente seria. Nós presentámoslle ó pobo galego nas dúas eleccións autonómicas, nas sucesivas confrontacións electorais desde 1981, un programa e uns propósitos que foron aceptados por unha parte do pobo galego que fixo de nós, con moito, a forza política máis votada, e tras nós hai unha política decidida que se traduciu en importantes realizacións que lle deron un novo ton e unha nova configuración á Nosa Terra.

Vostedes o que pretenden é o poder, facendo as alianzas que sexan sen que lles importe o respaldo real ou presunto dese pobo. E para tal operación política, vostedes o único que teñen en conta é ese reparto do poder con xentes que están nesta Cámara. O pobo galego está de espectador nesta moción de censura sen que teña a máis mínima idea de que proxectos se queren poñer en execución. O pobo galego sabe do reparto de poder, ese reparto de poder que se quere facer coa túnica do axusticiado, que é, precisamente neste caso, o propio pobo galego.

A cousa naturalmente vén de vello. Desde a prepotencia que lles dá o Goberno de Madrid, non quixeron nunca dialogar con nós para buscarlles solución ós graves pro-

blemas de Galicia. Vostedes viviron nesa negatividade connosco, co agravante de que non aportaban solucións para a nosa gobernabilidade senón que se pregaron sempre ás esixencias da Administración Central apoiando medidas que tódolos galegos saben que son nefastas para a nosa sociedade. E sábemo moi ben vostedes porque as sofren nos seus lombos igual ca nós, porque as senten tamén, pero en ocasións calan. Os exemplos son doados. ¿Ou é que vostedes poden pensar que a reconversión naval de Galicia feita desde Madrid é boa para nós? ¿E que non recordan o problema da cuota leiteira que vostedes quixeron defender cando a mesma Comunidade Autónoma veu corrixir ou intenta corrixir--las previsións que vostedes consideran intocables? ¿E que vostedes pensan que os viaxeiros galegos e os que veñan a Galicia non van reparar en que a súa solidariedade con esta terra remata en Astorga?

Non sigo a enumera--los erros do Goberno socialista, e sobre todo o desentendemento da sorte deste noso país. Mellor é, indubidablemente, proclamar que aínda hai esperanza. E hai esperanza porque sempre a houbo, e nós traballamos e seguiremos a traballar para manter esa esperanza.

Vostedes calan cando Madrid "dixit". Pero nós sabemos dos problemas e da súa solución e afiámo--la nosa sensibilidade para formuladas e resolvelos, sempre na medida das nosas forzas e contra os atrancos e a insensibilidade do seu Goberno. Vostedes dinme a min que nos falla a sensibilidade fronte ós problemas económicos da nosa terra, e asegundan falando da urxencia dun programa de desenvolvemento. E despois formulan as necesidades impostas pola integración na CEE.

Vostedes esquecen que non é moi doado facer un programa de desenvolvemento económico cando o Goberno Central escusa os datos, torce o seu criterio dos sistemas de financiamento e oculta as súas previ-

sións xerais deixando baleiras as previsións constitucionais e estatutarias. Vostedes esquecen que para a integración na Comunidade Económica Europea non quixeron oír outra voz que non fose a da súa prisa. Porque vostedes, señor González Laxe, non quixeron oír—la voz desta Autonomía e agora estamos todos a purga—los erros que iso xerou.

Pero, pese a que vostedes son capaces de esquecer cantas cousas veñen, o que si podo dicir é que o meu Goberno, desde o primeiro día, tivo sempre presente na súa sensibilidade os problemas desta terra e, consecuenta e responsablemente, ideou unha estratexia e un plan de desenvolvemento do que hoxe xa se falou aquí. O Plan de Desenvolvemento Rexional de Galicia. As liñas básicas da política económica da Xunta foron recollidas no documento de traballo do Plan Económico de Galicia 84/87, aprobado polo Consello da Xunta en Sesión do 6 de setembro de 1984 e presentado na Comisión 3a., de Economía, Facenda e Presupostos, do Parlamento de Galicia. Tal documento publicouse en decembro de 1984 e foi inmediatamente repartido entre tódalas institucións sociais e económicas de Galicia, na Administración Autonómica, na Central, nos entes locais e tamén, con carácter oficioso, se lles deu conta del ás organizacións comunitarias europeas.

Sobre a base dese documento, e tendo en conta as observacións e suxerencias recibidas despois da súa difusión, elaborouse o Programa de Desenvolvemento Rexional de Galicia hoxe vixente. Vostedes poderanme dicir que a necesidade de dispoñer dun programa de desenvolvemento deriva de cumprir disposicións legais e estatais tanto coma comunitarias, porque vostedes saben moi ben que o documento final do Programa de Desenvolvemento Rexional de Galicia, 86/90, foi remitido á Administración Central en decembro de 1986 para que fose incorporado ó PDR nacional (o PDR de España que inclúe o de Galicia); así pois, incorporouse ó PDR europeo, este PDR

chamado de terceira xeración.

Este programa de Galicia é indicativo para o sector privado, vinculante para a Administración Autonómica e instrumento de coordinación para o resto dos axentes públicos que participen ou teñan que participar neste proxecto de desenvolvemento. Polo tanto, o seu financiamento terá que basearse nas aportacións da Comunidade Autónoma, da Administración Central do Estado e, dada a importancia das súas posibilidades de coordinación polos recursos xerados, das Corporacións Locais.

Pero xa que falamos de financiamento e de medios, o que me asombra é que o Grupo Parlamentario Socialista, no punto 6º da súa moción, teña a ousadía de falar dunha pretendida inoperancia da Xunta no tocante á culminación do proceso de transferencias. Asómbrame porque, desde as Comunidades que non están sometidas ós socialistas, desde Cataluña, desde o País Basco, desde Aragón, tódolos días se erguen voces para falar da inoperancia do poder central, rexido polo PSOE, para dar un paso significativo no establecemento das competencias que ás diferentes Comunidades Autónomas lles cómpre ter conforme o marco da Constitución e as previsións dos respectivos Estatutos de Autonomía.

Por iso, señor González Laxe, este asombro non ten nada que ver co descoñecemento. Aquí tería eu que contar unha vella historia da que, por outra parte, xa se falou aquí nalgúns casos. Está escrita no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia. Aí está escrita a nosa reclamación perante o Tribunal Constitucional respecto á transferencia do Insalud, e xa non falo das múltiples reclamacións que en tódalas ordes se fixeron contra a actuación da Administración Central, que, coas súas inxerencias, pretendía non soamente perturbar as competencias establecidas no noso Estatuto senón tamén crebar taxativamente as normas establecidas polos mesmos decretos de trans-

ferencias.

Quizais vostede, señor González Laxe, teña coñecemento destas peripécias, posto que aspira a rexe-los destinos de Galicia, pero cómpre comparti-los seus coñecementos e mailos meus. Contra as súas palabras de ofertas de colaboración, vostede sabe cantas veces quixen establecer contactos co Presidente do Goberno por mor de buscarlles solucións a estes problemas, que eran do Goberno de Galicia e tamén problemas do Estado das Autonomías. Pero vostede sabe as demoras que estes intentos meus sufriron. Eu comprendo que as altas responsabilidades do Presidente supoñen unha axenda de traballo moi chea; o que non entendo ben é que esas responsabilidades non caiba, no que toca ás transferencias, un lugar para o cumprimento das previsións constitucionais e das posibilidades do noso Estatuto. Tampouco comprendo que esas grandes responsabilidades sirvan de desculpa a pasos inferiores da Administración Central para non reunir, tantas veces como sexa preciso, a Comisión Mixta de Transferencias, órgano que ten que preparar--las decisións neste campo; e vostede sabe que múltiples veces se pediu que esa Comisión se reunise e o poder central deu múltiples veces a calada por resposta.

As promesas de vostedes, e mesmo tamén a historia que queren facer deste proceso, non son máis ca un certo ocultamento da verdade, é algo que ninguén pode crer. Eu non estou falando de posibilidades, estou falando de feitos da miña experiencia que forman unha historia triste do abandono en que o Goberno Central segue tendo a Galicia.

De tódolos xeitos, e tendo ben presente o que levo dito, os membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas terán que me crer cando eu lles confese agora que, polo que toca á lingua galega, as súas afirmacións fan que se supere aínda a miña capacidade de asombro. E por dúas razóns. A primeira porque cando vostedes se enfrontan co proble-

ma da lingua de Galicia e o seu estatus, vostedes misturan cousas tan diversas como son o benestar social, a dinamización lingüística e cultural. Non falo das nosas opcións; falo das de vostedes.

Vostedes cando falan de benestar social --e remítome ó seu programa electoral-- falan exclusivamente de servicios sociais, falan de benestar da terceira idade, de benestar da xuventude e da promoción da muller. Falan, señor González Laxe, pero non definen os conceptos. Porque, ¿que é para vostedes benestar social? Teño moito medo que para vostedes, tan economicistas, benestar sexa vexetar da man do Estado, baixo a dirección do Estado. Precisamente por iso vostedes incluían o desenvolvemento da Lei de Normalización Lingüística dentro do apartado cultural do seu programa. Nós, pola contra, que sabíamos que o benestar dun pobo pasa pola súa normalización lingüística e pola recuperación, conservación e defensa do seu ser cultural, lingüístico e nacional, enxertabamos este problema da lingua no capítulo programático que se adicaba ó benestar social dos galegos.

A historia, señor González Laxe, é unha testemuña que non mente, e a historia di que vostedes votaron con todos nós a Lei de Normalización Lingüística neste Parlamento, pero o seu Goberno levounos ó Tribunal Constitucional. Non teñen vostedes outra historia, e esta non é certamente doada de explicar en Galicia. Por favor, con todo respecto do Tribunal Constitucional, ¿ninguén se acorda de que un dos motivos do recurso contra a Lei de Normalización Lingüística era prohibir que os galegos se dirixisen á Administración de Xusticia no seu propio idioma? ¿Ninguén se acorda de que outro dos motivos do recurso era negarlles ós galegos o seu dereito de que as partes ou os interesados fosen enteirados ou notificados na lingua que elixisen?

Estes son feitos, señor candidato, son feitos históricos do Go-

berno Socialista de Madrid. Contra estes feitos vostedes atrevéense a falar de que nós lles transmitimos desacougo e intranquilidade á sociedade galega e ós seus axentes económicos e sociais. ¿De verdade cren isto que din? ¿Por que entón se opoñen a unhas eleccións anticipadas, único método fiable, democrático, para saber se de verdade o que quere a sociedade galega é isto?

Eu sei o que vostedes queren e teño a obriga de dicilo. Vostedes queren chegar ó poder e face-las eleccións dentro de dous anos. O que non sei é se a xente terá esquecida daquela esta forma de alcanza--lo poder.

Despois de todo, rematan este documento volvendo falar de dignidade política e institucional, e de encara--lo resto da Lexislatura sen crispacións e fustigamentos. Eu creo que isto xa parece unha broma, pero a miña obriga é dicir que a súa actuación creará unha crispación política, eu farei todo o posible para que isto non sexa posible, pero teño medo de que a cree.

Eu dixen moitas veces, desde o exercicio da miña responsabilidade, que era necesario para o benestar social que non houberse crispación social, e que para que non houberse crispación social era necesario que non houberse crispación política, por iso sempre fun partidario de te--la man tendida a todo o mundo, porque nós, cando comenzamos este andar autonómico, este andar democrático, necesitabámonos todos, pero eu teño que confesar que con esa man tendida nunca tiven mans tendidas cara a min.

Señores Deputados, eu non sei as consecuencias que isto traerá, pero, como lles digo, na miña man estará seguir loitando sempre por esta non crispación política, para que haxa unha non crispación social, para que veña o benestar social para a Nosa Terra.

Non vou facer unha defensa de todo o que fixemos porque quero ser

breve, porque coido --o que lles dicía antes-- que está todo dito e que non paga a pena seguir falando do que un fixo. Pero non está de máis recordar e romper ese tópico de que non se goberna. ¡Xa está ben de tópicos! O que nós encontramos en Galicia no ano 82 e o que é hoxe Galicia non ten nada que ver, nin nas estradas, nin nos peiraos, nin nas escolas, nin nas residencias, nin, sobre todo, na ilusión colectiva de saír todos adiante. E niso teñen que concederme que algo fixemos nós. Algo fixemos nós para pasar daquel 20% de xente que votou a Autonomía a esta preocupación autonómica que hoxe sentimos tódolos galegos. Algo fixemos nós.

E ¿que hai que facer? Pois mire, señor candidato, para min o máis importante, e o que lle recomendo, é defende--la cuota histórica de Galicia. Defender que Galicia, co artigo 158 da Constitución e o 15 da LOFCA, teña o que merece ter, e non estar marxinada das autoestradas que necesitamos para comunicarnos con Europa, con España, con Portugal. Porque, ¡fíxese ben! non basta rematar esta autoestrada de Pontevedra a Santiago, hai que falar das outras. A Autoestrada do Atlántico comenza en Ferrol e remata en Portugal. Pero non basta.

Se nós non temos comunicacións con Europa, se nós non temos comunicacións con autoestradas do resto de España e con Portugal, Galicia quedará marxinada. E quedará marxinada se non temos unhas boas comunicacións, se non temos uns bos camiños de ferro, se non temos uns bos gasoductos, se non entramos en Europa. Pero para iso fai falla un gran investimento. Témo--la obriga de esixirlle ó Goberno Central que nos dea a cuota histórica que nós merecemos. A culpa non foi culpa soamente do Goberno do PSOE; foi culpa de tódolos Gobernos de España que marxinaron sempre a Galicia.

Iso non o pode facer ningún Goberno Autonómico, iso ten que face-lo o Goberno do Estado, por iso eu non son partidario dun Partido na-

cionalista, pois mentres non se teña o poder en Madrid e en Bruxelas non poderemos transforma--la Nosa Terra. Non poderemos transforma--la Nosa Terra co Presuposto autonómico. Isto é unha broma utópica, se cremos que nós, soamente co Goberno Galego, podemos transforma--lo noso país. Podemos esixir, pero non transformalo.

Logo, hai algo que a min me é moi grato e que lle quero dicir. Ten vostede, cando tome o poder, tódalas relacións con Europa que nós fixemos. Estamos en tódalas organizacións europeas, nas seis, e nalgunhas estamos na dirección. No Consello das Rexións, no CEDRE, no ARCE, no CIATE, no Consello de Rexións Periféricas Marítimas, estamos en todas. E en todas temos que seguir loitando e temos que estar presentes alí todo o que nos permita o Goberno Central. Nós temos que seguir loitando para estar en Bruxelas, porque aí se vai xogar parte do noso porvir.

E algo que para min é moi grato, e levo desde o ano 82, son as relacións con Portugal. Temos desde o ano 82 uns traballos co Comité de Coordinación da Zona Norte, e temos xa un traballo presentado do que estamos esperando só o presuposto do Goberno de Madrid e de Lisboa. Temos feito un traballo Galicia-Rexión Norte de Portugal conxunto, e está explicado todo o que hai que facer.

Outra cousa que para min é moi grata, é a unión con tódolos galegos do mundo. Falaba vostede o outro día, e eu recollino, felicitándome, dese Consello Mundial da Emigración. Vostede sabe que nós temos reunidos a tódolos centros galegos do mundo. A miña primeira preocupación foi unir a tódolos galegos do mundo. O Congreso último dos empresarios xa viñeron moitos, e hai que seguir neste labor, porque os galegos que hai espallados polo mundo están desconectados, non soamente da Nosa Terra, senón desconectados entre si. E este labor é fundamental para o desenvolvemento de Gal-

cia, porque hai moitos industriais, hai moitas xentes galegas que poden investir aquí e que o están desexando. E eu bríndollo, señor González Laxe, para que siga con este labor, que é fundamental para o desenvolvemento de Galicia.

E quero, como despedida --e hoxe comentouno o señor Nogueira--, dicirlle algo que el repite con certa frecuencia, e non é para entrar en polémica. Iso de que eu dixen: "sufrir e calar". Nunca dixen iso para defende--los intereses sagrados de Galicia. Para iso non calo, non calei nunca. Non calei no Goberno e non vou calar agora.

Cando estiven na reunión do Tribunal Constitucional, tiven a leducia de escoitar que Cataluña, Euskadi e Galicia eran os países que máis emendas presentaron no Tribunal Constitucional, e nós fomos esixentes. O que quizais non é de todos sabido son as nosas reclamacións, pero non consentimos nunca que se rebaixase o Estatuto de Galicia. O que sucede, quizais, é que non o dixemos con demasiada prensa. Pero cando dicía "sufrir e calar" era por outras cousas que todo gobernante ten que sufrir e calar, se quere facer un país e construír unha democracia.

Ten que calar moito, e vostede calará moito, señor González Laxe, porque non é o mesmo ser Deputado e estar na oposición que se--lo Presidente de tódolos galegos e recibir moitas veces cantidade de noticias e de cousas que vostede sabe moi ben que ás veces as ten que sufrir e calar. E quero dicirlle, con toda cordialidade, que nunca baixei a garda para defende--los nosos dereitos.

E logo esoutra cousa de que eu quería permanecer. Non saben como me sinto de tranquilo de sucede--lo que eu sempre dixen: pero, ¿para que esperan que eu marche, que eu demita, se teñen na man o facelo? Eu non dimito, eu son responsable ante o meu pobo. O que sucede é que cando o Parlamento decide outro

candidato, eu entrego a testemuña feliz de cumprir coa miña obriga. Eu podo dicir, como Rosalía, tiveron moitas equivocacións, pero deince canto dar puideron. Dei o meu fogar, a miña familia, a miña profesión, deino todo, e orgullosamente por servir ó meu pobo. E, naturalmente, hoxe marchou tranquilo con esa dignidade que dá o deber cumprido e de deixar unha persoa responsable e capaz que me substitúa.

E isto é o que teño que dicir. A min gustaríame, de verdade, felicitalo máis. Eu díxeno moitas veces, privadamente quizais, pero tamén publicamente: a min gustaríame que viñese unha alternativa ó Goberno de Galicia despois de gañar unhas eleccións, e con ese triunfo electoral da--la testemuña. Pero, indubidablemente, como iso me gustaría así, non lle vou desexar sorte, e tampouco non lle vou desexar que o Goberno Central, ó mellor, sexa agora máis xeneroso con vostedes do que o foi connosco, pero se iso é para ben do pobo de Galicia, benvido sexa, aínda que, naturalmente, o criticarei, como é lóxico, se vexo que hai aportacións que eu pedín e que me foron negadas.

E logo quero tamén despedirme da miña xente, dos meus Conselleiros. Quero despedirme do meu Vicepresidente, que tan leal foi, desta Coalición Popular, que tan infamada foi e que deu un exemplo. O que sucedera en Madrid a nós non nos importou nada, aquí seguimos xuntos, e isto é un exemplo que non se di. ¡Parece mentira!. En Galicia actuaron doutra maneira, en Madrid rifaron, separáronse, pero aquí non, aquí fomos responsables; puxémoslos intereses de Galicia por enriba dos intereses de Partido ou das liortas de Partido. Por iso quero da--las máis rendidas gracias.

E logo teño, naturalmente, que terminar dicindo que seguiremo--la loita política. Naturalmente. E eu, nestes momentos da loita política, recordo o que nuns momentos tristes da historia de España dicía un político catalán, en momentos bastan-

te máis graves e tristes cós de agora mesmo para min. Dicía: "tornarem a lluitar", "tornarem a sufrir", "tornarem a vencer". Volveremos loitar, volveremos sufrir e volveremos vencer. Iso é o último que lles digo eu ós meus compañeiros da Coalición Popular e ó pobo de Galicia.

E permítanme, señor Presidente, Señorías, que despois de dárlle--las gracias a todos, sexan as miñas últimas palabras unha invocación, que nunca fixen pero que a fago hoxe, a Deus, ó noso Señor e ó Apóstolo Santiago. Que bendiga a Nosa Terra, esta fermosa patria e esta amada Galicia nosa.

Moitas gracias.

(Aplausos dos membros de Coalición Popular)

O señor PRESIDENTE: Señor candidato, pode facer uso da palabra.

O señor GONZALEZ LAXE: Señor Presidente, Señorías,...

O señor PRESIDENTE: Señor Laxe, un momento por favor.

Señorías, a Presidencia anúncialles, como é regulamentario, que a moción de censura será votada ás 20 horas.

Pode continuar, señor Laxe.

O señor GONZALEZ LAXE: Gracias, señor Presidente.

Sen ningunha dúbida o debate está chegando ó seu fin. Agardabamos polo discurso do señor Presidente, discurso sen dúbida cheo dunha convicción persoal, cheo dunha conciencia do que se fixo e de cales son as súas ideas. E nesa cortesía parlamentaria sexan as miñas primeiras palabras para que o Parlamento dignifique a súa función cando hai un enfrontamento políti-

co, dialéctico, entre aqueles Grupos políticos, forzas políticas, que pensan dun xeito e doutro. Esta é a dignificación do Parlamento.

Mais, indo ó gran, señor Presidente, ¿vostede pensa que co que acaba de dicir pode seguir gobernando Galicia? De verdade que non, non se pode, e debe admitir tamén o propio relevo que pode existir nesta Cámara Autonómica cando se produzan as votacións que vaian a favor ou en contra dunha tendencia. Vostede dicía, ó comenzo, a falta de credibilidade no xeito de gobernar de quen era e ante quen. Pois en primeiro lugar ante o Parlamento. O Parlamento é o foro, a institución máxima onde están aquí representantes do pobo para poder discutir. Pero hai algo importante que vostede tamén dicía en tanto en canto...

O señor PRESIDENTE: Por favor, manteñan o silencio.

O señor GONZALEZ LAXE: O traballo do Goberno, vencellado coas relacións co Goberno Central no tema das transferencias, culminaba ou non culminaba. Señor Presidente, vostede sabe que esta Cámara lle pediu moitas veces ó Goberno que na Comisión Mixta de Transferencias houbera representantes de tódalas forzas políticas. E o Goberno non admitiu esa posición, non a admitiu. Polo tanto, ¿cando vostede di que ten a man tendida? Agora non e antes tampouco, evidentemente.

Hai tamén outras Comunidades Autónomas que vostede comentaba que non culminaran o proceso de transferencias. Pois hai outras que si o teñen culminado, hai outras que si o teñen culminado. ¿Por que será? Será porque farían unha negociación máis fácil, ou será porque formulaban ben os temas, ou será porque ían con papeis ben precisos ou será porque tiñan un coñecemento real da súa propia realidade.

Polo tanto, o Parlamento, que

ten a súa responsabilidade, pedíalle ó Executivo galego estar presente nesa Comisión Mixta de Transferencias e axudáballe ó resto dos Partidos da Cámara a facelo ben polo país. E vostede sentíase sometido a esa revisión periódica e entón fuxía cara a adiante sen deter esa posibilidade de diálogo co resto das forzas. Polo tanto, a falta de credibilidade no texto da moción de censura estaba xustificada.

Vostede dicía tamén que hai que profundizar na Autonomía, que hai que facer unha crítica ó texto da moción de censura, que o Partido Socialista é deseñador da LOHAPA. Ben. ¿E AP non quería recorta--lo título VIII da Constitución?

A profundización da Autonomía é funcionar, desenrolar e, ó mesmo tempo, afondar nas propias institucións autonómicas. Vostede dicía que había dirección política. Non, señor Albor. Seis anos ó fronte do Executivo non lle deu a Galicia o rumbo, nin tampouco o timón, porque o timoeiro non levaba ben forte o que era o mando. Polo tanto, estes anos, aínda que houbera en certos momentos unha estabilidade dos votos matemáticos no Parlamento, non tiñámo--los galegos a garantía de estar certos de que en Galicia había unha estabilidade que permitise afrontar--los retos que ten formulados.

Vostede tamén dicía que esta estabilidade a tiñan garantida, pois non. Vostede dicía que os máis votados eran os que tiñan que levarlo. Aquí hai máis votados pero non hai maioritarios, e se vostede quere facer este argumento, remítoe axiña ó tema da Deputación da Coruña.

Vostede dicía que non aceptaba a perda da dignidade institucional. Pois, evidentemente, as institucións débense concebir como escenarios onde se debaten os problemas e non como unha resposta única do que son os intereses dos Partidos políticos. Aquí estamos discutindo problemas serios e, ás veces, aínda

que vostede non o crea, vostede vota en contra de algo do seu Partido, e ás veces nós tamén votamos a defende--lo noso país, porque estamos aquí, en Galicia.

Nós non renunciamos a desenvolver--lo programa, vostedes si que renunciaron a desenvolver--lo programa. A súa xestión non lle deu un novo ton a Galicia. Nós pensamos que o noso programa lle vai dar unha nova saíba a Galicia, unha nova asquía, unha nova forma, uns novos ámbitos de ser en política.

Vostede dicía que nós só quere--lo poder, o reparto do poder. Isto non é un 'saldo nin, como dixo o meu amigo Antolín Sánchez Presedo, isto é unha tómbola. Aquí as cuestións son máis serias do que pode ser un lecer nun momento determinado. E ademais considera ó pobo galego como axusticiado. ¿Axusticiado de quen? En todo caso sería de vostedes, que estarían aí tratando de impedi--lo racional desenvolvemento e progreso ó longo dos anos.

Vostedes o que pasa é que non quixeron negociar coa Administración Central, non quixeron negociar en condicións serias e racionais, non quixeron coller esa oferta de diálogo que, en temas concretos, lles brindou o Partido Socialista de Galicia, PSOE. Brindámoslle moitas oportunidades, tivemos moitas xuntanzas --vostede sábeo-- para temas cruciais, e abandonou axiña esa oferta de diálogo que lle demos.

Tamén vostede, señor Presidente, levou a Galicia a unha situación encapsulada en si mesma, sen ter un horizonte de futuro e na marxe de onde se está desenvolvendo toda a cuestión. Fala da reconversión naval. Vostede sabe moi ben, por exemplo, que na reconversión naval hai unha crise en todo o mundo. Débeo coñecer. Non é que afecte exclusivamente a Galicia, a dúas comarcas en concreto a a moitas máis zonas en particular, senón que é unha crise global da propia economía dese sector. Sabe vostede os

descensos que tivo Europa, Xapón, Corea, O Brasil, China, Polonia, EE.UU. Son importantes. Non se pode un pechar en todo aquilo que signifique un punto, cando no resto do mundo tamén hai problemas difíciles de solucionar.

Nin tampouco vostede tentou de achegar Galicia cara a Europa; de verdade que non. Aquí en Galicia, os galegos padecemos agora, e padecemos antes, falta de información puntual, de asesoramento inmediato e, ó mesmo tempo, de información que nos dese un cabal coñecemento do que significan as institucións europeas e tódalas posibles bases do que puido formula--lo noso país galego.

Vostede dixo que prefire afirmar que aínda hai esperanza. Claro que hai esperanza. Hai esperanza no futuro e hai esperanza en todo aquilo que sexa positivo para o país, sempre e cando as premisas e as condicións sexan firmes, teñan compromisos e haxa vontade de levallas a cabo.

Vostedes agora implóranlle ó pobo, pero antes non o axudaron. Agora imploran que o pobo galego se sume con vostedes, pero antes non o fixeron. No tema da CEE vostedes din que non quixeron negociar. ¿Quen? ¿Os socialistas? Houbo moito tempo, e é un tema particular, se vostede quere, pero evidentemente houbo moitísimas xuntanzas, antes da sinatura do Tratado de Adhesión, entre a Comunidade Autónoma e a Administración Central, e seino por experiencia. Agora tamén sei por experiencia que os papeis, as análises feitas desde aquí, desde o Executivo Galego, non estaban, nin moito menos, axustados ó que son as regras de xogo comunitarias. Mesmo tamén se pedían determinadas cuestións que rachaban toda a difícil andamiaxe, débil pero forte ó tempo, do que é a Comunidade Económica Europea.

Esa referencia que vostede dicía de que Galicia ten que estar achegada a Europa e Europa achegada

a Galicia claro que se ten que facer. E vostede sabe igual ca min que houbo un galego, un coruñés, Salvador de Madariaga, que sempre levou moi alta esa bandeira europea. E aparece sempre o seu busto en calquera institución europea. E vostede non poñerá en min unha dúbida ou unha desconfianza de que o obxectivo europeo da integración, da adaptación, da modernización e da inclinación polos ámbitos europeos haberá que poñelos en Galicia sempre contando co que son as bases firmes de Galicia, que tamén haberá que proxectalas en Europa. Polo tanto, a miña vocación europeísta non a pode poñer en dúbida.

Co tema do PDR, vostede cometeu unha gran equivocación. Vostede dixoo, exactamente, o que di a primeira páxina do PDR: "Indicativo para o sector privado, vinculante para a Administración Atonómica e coordinador". Pois se é vinculante para a Administración Autonómica --e soamente collo esa frase, porque é textual da terceira páxina do PDR--, ¿por que non se debate aquí no Parlamento? Se ía ser vinculante para a Administración Autonómica, sería ben que o Parlamento discutise ese tema, á parte de que non entrou no Parlamento o documento 86--90. Entrou o outro, o primeiro, para efectos unicamente administrativos, para podelo proxectar co FCI e o FEDER; pero o segundo non chegou nin a entrar no Parlamento. E por iso lle dicía antes que había moitas peticións, proposición e iniciativas parlamentarias, tanto do señor Beiras coma do señor Nogueira, coma do señor Mariñas, de tentar que iso se puxese en práctica e que o discutisemos aquí.

Digamos, señor Presidente, que o seu discurso de agora vén ser coma un discurso vello para problemas novos. Un discurso vello porque intenta reflexar unha andaina e poñernos tódalas dificultades que vostede tivo. Pero tampouco baseou a súa defensa desta moción de censura nunha demostración palpable do exercicio do poder. Non me pode dicir, nin tampouco ós representantes

dos Partidos políticos, que tivo moitas ganas de falar co Presidente do Goberno e que ás veces non houbo tempo e que eses problemas cruciais se foron demorando. Hai problemas cruciais en Galicia que debían ser abordados con ou sen falar.

Polo que atinxe ó tema da lingua galega, o tema está pacificado, como vostede sabe moi ben, e nós seguímo--lo dictame do Tribunal Constitucional. Vostede non pode, nestes momentos, dicir que o Partido Socialista estivo en contra da defensa da Lei de Normalización Lingüística. Sabe vostede que se aprobou nesta Cámara por unanimidade e nós, os socialistas, fomos axentes activos para esa aprobación. En todo caso, miren para os seus bancos a ver se asumimos dunha vez por todas o tema da lingua galega.

¿Como concebimos nós o benestar social? Por unha mellora da calidade de vida, non por criterios economicistas. A economía en si mesma é unha suma de números que pode significar máis ou menos e só serve para ser comparativa. En todo caso o benestar social é un concepto máis amplo, máis inter--relacionado, onde xogan moito máis outras acepcións nas accións de goberno.

No outro tema que vostede dicía das eleccións anticipadas, ¿para unhas eleccións anticipadas ten que este Parlamento aprobar unha lei? Por iso non pode vostede dicir que nós non queremos eleccións anticipadas. Primeiro, ten que aprobar este Parlamento a lei e non pode vostede convocalas sen ter aprobada a lei. Está é a razón, e non falen dese aceno ou desa finta. En segundo lugar, non lle quero saca--la declaración de que vostede nunca as convocaría. Ese é outro tema distinto.

Vostede dicía que isto é unha broma, que é unha broma o que nós estamos facendo. Penso que non. Non podemos facer caricaturas destas cuestións tan importantes que Galicia ten formuladas nestes momentos.

Vostede é o culpable e o responsable desta crispación social e política en Galicia. Polo tanto, nós o que debemos facer é evitar esa crispación e non converter isto na situación en que vostede a tivo ata o día de hoxe.

Di vostede que nunca tivo as nosas mans tendidas. Nisto, aproveitando unha xentileza dun poeta, recordaríalle uns versos de Rabindranath Tagore, en castelán se o quere: "si piensas como yo, eres mi amigo; si no piensas como yo, eres doblemente mi amigo, porque juntos podremos encontrar mejor la verdad". As mans estaban tendidas e esta cita é para dicir que seguirán estando tendidas, aínda que o Grupo Popular sexa o Grupo da oposición.

Dicía vostede, tamén, que era importante defende-la cuota histórica de Galicia. Pois claro que si, pero desde hai tempo había que defendela. Tivemos un paso histórico malo, ó cal non paga a pena referirse, pero tamén tivemos un tramo histórico na súa Presidencia que tampouco foi moi bo. Polo tanto, hai que recuperar ilusión e confianza, e tamén saber cara a onde imos.

Pódense facer moitas cousas cos recursos que temos; o peor é non gastar eses propios recursos. Podemos comenza-la resolución de determinados temas cruciais e puntuais de Galicia cos recursos que temos. Pero non só os recursos económicos, senón tamén os recursos humanos e os recursos naturais que existen en Galicia. A combinación de ambos é o que nos permitirá a nós, a Galicia en xeral, saír desta situación.

Vostede está moi orgulloso de que estamos nos foros europeos. Eu tamén estou nos foros europeos. Pois a pesar da súa presenza en institucións europeas de nivel, ¿para que serve a información que lle dan a Galicia? Porque aquí non sabemos nada. Aquí ningún membro do Executivo veu a esta Tribuna dicilo que se fixo nesas institucións

nas que esta participando o Executivo de Galicia. Sabémolo polos medios de comunicación, pero non se pasaba a información nin se discutía. ¿E que vostedes ían se-los únicos capacitados para que este país fose adiante? ¡Non ho! Tiñan que ser tamén os Parlamentarios os coñecedores de onde estabamos situados, onde contribuíamos coa nosa aportación, xa non digo económica, digo intelectual e política, para sacar adiante este país, para ter esa presenza exterior, que eu dixen no meu discurso e que a vostede tamén lle agradou que o dixese.

Pero este Parlamento estivo orfo deses documentos e non sabíamos nada. Que quere, ¿que lle deamos un cheque en branco? Non pode ser. Parlamento democrático, debate político, aporte de solucións e logo execución. Ademais, no foro europeo no que eu estou, aí non chegou a información, lamentablemente, e é o foro máis antigo que hai en Europa, con máis longa tradición, e aí non chegou.

Que nós falamos dos centros galegos no exterior. Claro que si, non iamos deixar esquecida esa parte triste da nosa Galicia, triste pola válvula de escape de non ter traballo na Nosa Terra. Vostede viaxou máis ca min a eses centros galegos. Vostede tampouco deu aquí unha contestación, unha análise do que viu alí. Eu estiven en poucos, moitos menos ca vostede, pero o que vin nalgúns deles é que non chegaba nin a documentación da Xunta de Galicia, non lles chegaba.

E había galegos ilustres, un que vostede coñece moi ben, e tamén don Manuel Iglesias Corral, que dicía que había que busca-la maneira de que levasen alí os documentos. Refírome a don Emilio González López, no Centro Galego de Nova Iorque. Por iso non só o Consello Mundial da Emigración, senón tamén o Consello Mundial de Galicia, como proxección cara ó futuro, para dar conta de que o que aquí somos capaces de facer son cuestións necesarias e, ó mesmo tempo,

imprescindibles.

Sígolle contestando, señor Presidente. Eu non creo que cale moito, aínda que sufra interiormente. Penso que é mellor dici--las cousas tal como son, con educación e cortesía, pero calar é mala cousa. Calar provoca no interior de cada un mesmo unha sensación que logo nos fai explotar, e ese estoupido xera algún mal que despois é difícil de remediar. E preciso poñer--las mans diante para que algo non veña ou as mans para que algo pase, pero calar é malo e, polo tanto, non é o meu talante, nin moito menos será a miña actitude.

Agardo, señor Presidente, que esas últimas palabras de que non me vai desexar sorte porque sempre me criticará e seguiremos sempre na loita política, sexan de verdade unhas palabras trabucadas. Aquí todos estamos neste mesmo barco galego. Entendino así, por iso fixen esta rectificación pública, por se alguén entendera mal, que ó mellor fun eu.

Señor Presidente, dígolle de verdade que vostede foi o responsable, que vostede foi o que intentou levar un estilo de facer política que ó noso país non lle interesaba. Vostede foi un mal piloto que non levou eses rumbos e deixou i--lo barco da Autonomía contra uns baixos e, sobre todo, non permitiu que o resto puidese facer algo por remedialo.

O resto dos Grupos, ó señor Beiras, o meu amigo don Xosé Manuel Beiras, as últimas palabras que vostede dixo: "oxalá vostede poña en marcha o que eran as súas ideas", dígolle que seguirei sendo fiel a min mesmo, máxima que aprendín e que me deixaron os meus devanceiros. Se fiel a ti mesmo. E fun fiel a min mesmo, aínda que hoxe don Xosé Manuel Beiras e eu andemos por vieiros distintos.

O señor Nogueira quero darlle as gracias por todo aquilo que significa a crítica constructiva, dura

pero constructiva, porque só ve nela o que é a construción dunha Galicia nova con hábitos novos.

Os señores González Mariñas e Rodríguez Peña, porque esa autopía da que vostedes falan oxalá a poñamos ter no noso vieiro e na nosa andaina nos próximos anos, exemplo do que debe ser un país, do que debe de ser un pobo e do que debe ser unha opción de goberno.

O señor Sánchez Castiñeiras e ó señor Barreiro, que esas máximas de que a responsabilidade cae sobre un mesmo, evidentemente que as asumo. Asumo ese compromiso de responsabilidade, firme, seguro e sen dúbida--lo que hai que facer.

O meu gran amigo, Antolín Sánchez Presedo, en nome do meu Grupo, gracias por ese apoio incondicional que amosa como un Partido político unido, serio, responsable, ben dirixido e capaz de apostar, en momentos difíciles, por opcións que evidentemente teñen unha gran envergadura pero, sen dúbida nin--gunha, responden ó comportamento socialista en todo momento da vida política de Galicia.

Señorías, ante esta situación, nós ofrecemos responsabilidade, compromiso con este país e cun programa concertado, un programa de xestión para que a Autonomía funcione, un programa ambicioso de realismo e de firmeza. O Goberno, que non demostrou ata agora esa operatividade, esa eficacia e ese tino, será trocado. O novo Goberno afrontará os temas con realismo, con firmeza (se é aprobada a moción de censura cos votos dos Deputados desta Cámara) e manterá ese rigor, ese compromiso e esa fortaleza para que non decaian as institucións autonómicas.

Que ninguén se chame a engano. O Goberno actuará sempre en defensa dos intereses de Galicia. Nin a miña conciencia persoal, nin a miña formación política, nin o meu propio Partido, nin, por suposto, os outros Partidos cos que vou gober-

nar en coalición (se prospera a moción de censura) me permitirían outra cousa que non fose esta.

Señores Deputados, saiban que todos poñerémo--lo maior empeño en facer partícipe a todo o pobo desa esperanza e desa ilusión.

Señores Deputados, co seu voto a esta moción de censura posibilitarán un novo Goberno que quere selo de tódolos galegos, e eu comprométome perante esta Cámara a se--lo Presidente de todos.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras, ¿para que pide a palabra?

O señor BEIRAS TORRADO: Señor Presidente, con tódolos respetos pido a palabra para unha cuestión de orde.

O señor PRESIDENTE: Formule a cuestión de orde.

O señor BEIRAS TORRADO: A cuestión de orde consiste en que eu non quixera agora augar esta crónica familiar, pero considero que esta é unha Sesión que se chamou, e que se segue chamando, dunha moción de censura. E para que a simetría sexa correcta, a última palabra tena non o que tomou a iniciativa senón o que é censurado. Cando falou o señor Presidente da Xunta, eu consideraba que, se cadra, xa non tiña moito senso que houbera máis intervencións, dado ademais o ton e os contidos expresos e latexantes dese discurso. Pero, despois da intervención do señor González Laxe, eu solicito que poida haber dúplica, réplica ou algo así, para os Portavoces que o soliciten. Eu, en nome do BNG, solicito unha breve intervención para a fixación da posición, que este Deputado aínda non a fixo expresa.

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, ¿para que pide a palabra?

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, tamén para unha cuestión de orde que paso a formular, se mo permite. Tendo en conta o carácter relevante deste debate e tal como se produciu, moi especialmente pola intervención do señor Presidente da Xunta de Galicia á última hora, e tendo en conta que é unha moción de censura e que, loxicamente, tódolos Grupos teñen algo que dicir neste senso, solicito un turno de réplica que, por outra parte, creo que se axusta ás previsións da Xunta de Portavoces cando se falou da posibilidade dun terceiro turno de réplica.

Creo que as intervencións, tanto do Presidente da Xunta coma do candidato á Presidencia, xustifican que se teña algo que dicir. Se non os Grupos que pediron a palabra, xustamente os que non van entrar no Goberno nin son censurados, parece que quedarían sen unha argumentación fundamental para deixar clara a súa postura.

Creo, señor Presidente, por outra parte, que esta intervención sería compatible perfectamente coa hora marcada para a votación.

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, señor Beiras, a Presidencia considera que a iniciativa está amplamente debatida e, polo tanto, suspéndese a Sesión. Recórdolles que a moción de censura será votada ás 20 horas, rogándolles puntualidade, porque unha vez reanudada a Sesión non será posible acceder ó Salón de Sesións.

Señor Nogueira, formule de novo a cuestión de orde.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, permítame que, con todo respecto e cortesía, e aceptando de entrada a súa decisión final, considere que debería consultar cos

órganos correspondentes para ver se a intervención do Presidente da Xunta, que foi feita nun ton de dignidade, que respecto, merece ou non desde o punto de vista político e frío unha contestación.

En todo caso, solicito moi formalmente a contestación por pertencer a un Grupo e a un Partido político que cre que ten o dereito de replicar, con toda a cortesía, ás palabras do Presidente da Xunta e tamén ás do candidato á Presidencia. Non o fago, en absoluto, señor Presidente, por ningún tipo de afán de protagonismo. Creo que o debate queda coxo se os Grupos que teñen dereito agora a falar, que queren falar, non falan. Creo que a intervención do Presidente da Xunta, toda ela cun contido moi expreso, merece unha contestación dos Grupos.

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, a Presidencia xa resolveu e agradécelle que acate a decisión da Presidencia.

(Pide a palabra o señor Beiras).

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras, ¿para que pide a palabra?

O señor BEIRAS TORRADO: Señor Presidente, para unha cuestión de orde. Eu síntoo moito pero, a pesar da resposta absolutamente lexítima da Presidencia, suscribo o que dixo o Portavoz do PSG -- Esquerda Galega. Quero insistir en recordar que foi iniciativa da Presidencia, na Xunta de Portavoces, que houbera esta posibilidade. E sobre todo, en particular con respecto ó Bloque Nacionalista Galego, quero facer constaralles á Presidencia e Mesa deste Parlamento que o Bloque aínda non fixou a súa posición de voto de forma expresa nesta Cámara, entre outras cousas porque lle interesaba moito saber que tipo de debate había aquí. E non creo que iso entorpeza nada. Ademais, insisto, a simetría nunha moción de censura supoño que significa que empezan os

que censuran e rematan os que son censurados, agás que se converta isto definitivamente nunha Sesión de investidura, claro. Entón, estou noutro sitio e estou despistado.

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras, reitero a decisión da Presidencia.

Suspéndese a Sesión.

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

O señor PRESIDENTE: Señorías, reanúdase a Sesión.

A votación da moción de censura celebrárase ó abeiro do artigo 90 do Regulamento. Será pública, por chamamento, sacándose ó chou o nome do Deputado polo que comenza. As súas Señorías responderían "si", "non" ou "abstención".

Comenza a votación. Rógolle ó señor Secretario que efectúe o sorteo. Coido que non é necesario aclararlles que "si" ou "non" é á moción de censura.

(O señor Secretario saca ó chou o nome do señor Deputado polo que vai comenza--lo votación).

Comenza a votación polo señor Alonso Riego, don Xosé Luis.

(O señor Secretario le a lista dos señores Deputados, que van respondendo "si", "non" ou "abstención" a moción de censura.

Efectúase a votación e realízase o escrutinio:

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é o seguinte.

Votos emitidos 71

Votos a favor 40

Votos en contra 29

Abstencións 2

O señor PRESIDENTE: Acadada a maioría absoluta prevista no Regulamento, o candidato don Fernando González Laxe queda investido da confianza da Cámara, procedéndose á súa designación como Presidente da Xunta, de acordo co artigo 18 da Lei 1/1982, do 22 de febreiro, Reguladora da Xunta e do seu Presidente.

A Presidencia agradécelles ás Súas Señorías a cortesía mantida ó longo dos debates, e ós medios de comunicación o esforzo para superaren a precariedade de medios deste Parlamento.

Levántase a Sesión.

Levántase a Sesión.

Eran as oito do serán.

PUBLICACIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA



Vol. 0	Regulamento do Parlamento de Galicia
Vol. 1	Estatuto de Autonomía de Galicia Lei da Sede das Institucións Autonómicas Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente
Vol. 2	Lei de normalización lingüística
Vol. 3	Lei de limitacións á propiedade nas estradas non estatais de Galicia
Vol. 4	Lei de recoñecemento da galeguidade Lei de Fundacións de interés galego Lei do Consello da Cultura Galega
Vol. 5	Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1982 Lei para o incremento dos tipos de taxas de contía fixa Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1983
Vol. 6	Lei de sanidade escolar
Vol. 7	Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia
Vol. 8	Lei reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia Proposición de Lei da terceira canle de televisión Lei da Compañía de Radio-Televisión de Galicia
Vol. 9	Lei do Valedor do Pobo Lei de símbolos de Galicia
Vol. 10	Lei do Fondo de Compensación Financeira Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para 1984 Lei de asignación de recursos fixados polo R.D. Lei 3/1984 á C.A. de Galicia Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para 1985
Vol. 11	Lei de eleccións ó Parlamento de Galicia Lei de gastos electorais
Vol. 12	Lei de ordenación da pesca Lei de ordenación marisqueira Lei de sancións en materia pesqueira, marisqueira e cultivos mariños

Distribúe
GALAXIA
Reconquista, 1 - Vigo
Teléfonos (986) 432100 - 433238

De venda
en librerías